orzamentos 2020

# ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS ORZAMENTOS DAS CONSELLERIAS POR PROGRAMAS DE GASTO

Informe de Impacto de Xénero

# IV. ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DOS ORZAMENTOS DAS CONSELLERIAS POR PROGRAMAS DE GASTO

Neste apartado analízanse en formato informe, por seccións orzamentarias, os obxectivos e actuacións que os distintos programas orzamentarios xestionados polas consellerías fixaron para o orzamento 2020, centrándonos naquelas accións que poden ter relación directa ou indirecta coa consecución do obxectivo de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## IV.1. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

En xeral, as competencias da Presidencia teñen un marcado carácter institucional no desenvolvemento da súa acción política e administrativa de cara a garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción. Polo tanto algúns dos seus programas de gasto non identifican obxectivos ou impacto en materia de xénero por dedicarse a financiar a propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias e/ou ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas. Os ditos programas non serán obxecto de análise.

### PROGRAMA 312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

O programa 312C –servizos sociais relativos ás migracións- atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2015-2020: Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar (OE 2.4.02), na vertente do eido da emigración e retorno; cuxo indicador de resultado é a porcentaxe de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.

Este programa inclúe actuacións de apoio á cidadanía galega no exterior así como ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que participen e compartan a vida social, cultural e económica de Galicia, e para contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, a través deste programa tamén se desenvolven medidas de apoio nos eidos educativo, laboral e social que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

En todas as actuacións que se desenvolven, tense en conta a Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, que recolle expresamente actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residentes no exterior.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2019- extráese que este

colectivo está integrado por un 51% de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes. Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2018, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 49% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residentes no exterior, e indica que se instrumentarán as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración 2020 inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización de foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galeguidade.

Polo que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas no estranxeiro inclúese unha persoa representante do departamento con competencias en materia de igualdade, e débese salientar tamén que na actual Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas, é significativa a presenza de tres mulleres en representación das directivas das institucións do exterior, facendo visible á muller no ámbito da diáspora.

Este programa de gasto inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

Segundo se indica na memoria deste programa de gasto, a Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribuirá cunha achega económica complementaria para a actividade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

Levaranse a cabo congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.

Dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contémplase unha liña específica de axudas para as mulleres vítimas de violencia

de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.

Outra das actuacións dentro deste mesmo ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas neste programa de axudas.

Por outra banda, os datos das accións que se financian desagréganse por sexo o que permite coñecer o diferente impacto que poidan ter en mulleres e homes (% de mulleres e homes que participan nas accións de formación, culturais e de reencontros, % de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas, nº de mulleres vítimas de violencia de xénero beneficiarias das axudas, nº de obradoiros con contidos de igualdade, nº de mulleres retornadas que participan en actividades formativas, etc.).

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Dentro das axudas de carácter socioasistencial e dos programas sociais e culturais que se desenvolveron, no ámbito das persoas residentes no exterior, as mulleres que resultaron beneficiadas destas actuacións representaron o 59%.

Na área dos programas dirixidos ás persoas retornadas, a porcentaxe de mulleres beneficiarias foi dun 57%.

Coas accións que se van desenvolver cabe esperar que se avance cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres nos órganos de decisión das entidades asociativas galegas do exterior, así como unha maior integración das mulleres galegas retornadas a través das accións de formación, información e inserción laboral, aínda que dende a Secretaría Xeral de Emigración sinalan que existen dificultades derivadas de que o colectivo ao que se dirixe á acción do dito programa de gasto é na súa maior parte o de persoas residentes no exterior, polo que radica en numerosos países, coas súas propias leis estatais e regulacións propias nesta materia.

Así mesmo, en canto ao fomento da participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior -especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección-, detéctanse obstáculos que veñen dados por ser estes órganos colexiados axentes soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas directivas.

## PROGRAMA 441A-PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

As actuacións que se financian dentro deste programa de gasto teñen como obxectivos prioritarios o fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma de Galicia -entendido este como elemento imprescindible para a calidade de vida da cidadanía galega-, así como o crecemento do deporte na Comunidade Autónoma

e o desenvolvemento do seu tecido deportivo, a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de saúde, benestar e actividade física, apoio ao tecido deportivo e infraestrutura deportiva.

Dende o punto de vista da igualdade, salientar que a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece o dereito de toda a cidadanía a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha (artigo 3 letra a), así como a integración, no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, da dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, evitándose calquera elemento de discriminación directa ou indirecta (art. 5.3).

Segundo o anuario de estatísticas deportivas para o ano 2018 elaborado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en 2018 o número total de licenzas federadas deportivas en Galicia foi de 286.304. Desglosando estes resultados por sexo, obsérvanse notables diferenzas, o 76,50% das licenzas federativas corresponden a homes e o 23,50% a mulleres.

Tamén se observan diferenzas por sexo en canto as disciplinas nas que se distribúen as licenzas. O maior número de licenzas no caso dos homes danse en fútbol, caza, baloncesto, balonmán, atletismo e golf; e no caso das mulleres en baloncesto, fútbol, patinaxe, ximnasia e atletismo. Cabe salientar o importante crecemento que, respecto das licenzas do ano 2017, experimentou o fútbol feminino galego pasando a duplicar o número de licenzas (de 3.126 a 6.838).

O número de adestradores/as que se formaron no ámbito estritamente federativo durante o ano 2015 foi de 18.297. Os resultados por sexo indican que o 84,6% foron homes e o 15,4% foron mulleres.

En canto aos hábitos deportivos, o anuario recolle que en 2015, o 53,5% da poboación maior de 15 anos practicou deporte no último ano. A maior parte, un 86,3%, con grande intensidade, alomenos unha vez por semana. A idade, o sexo e o nivel de estudos son variables determinantes neste aspecto, e obsérvanse importantes diferenzas por sexo que amosan que a práctica deportiva segue a ser superior nos homes que nas mulleres, tanto considerada en termos anuais, 59,8% en homes, fronte ao 47,5% en mulleres, como en termos semanais, 50,4% fronte ao 42,1% estimado nas mulleres.

Entre as modalidades deportivas máis practicadas en termos semanais destacan a ximnasia, 19,2%, a carreira a pé, 10,6%, ciclismo, 10,3%, natación, 8,4%, musculación e culturismo, 8,2% e fútbol ou fútbol-sala, 11,7% e 7,2%, respectivamente.

Hai que salientar que se observa unha importante redución da brecha de xénero estimada na práctica deportiva semanal, pasando de 15 a 8 puntos porcentuais dende o ano 2010.

Por outra banda, en 2018 o número total de deportistas participantes nas fases finais dos Campionatos de España Universitarios foi de 3.853, cifra que chega aos 6.975 nos Campionatos de España en Idade Escolar. Por sexo, existen diferenzas máis significativas nos datos relativos a campionatos universitarios, con 105 deportistas varóns galegos (58%), e 76 deportistas galegas (42%). En cambio, entre os e as participantes nas fases finais de campionatos en idade escolar as diferenzas por sexo son mínimas. En 2018 participaron un total de 450 escolares galegos con 226 homes (50,2%), e 224 mulleres (49,8%).

En canto ao emprego vinculado ao deporte, o anuario recolle que, en 2018, as mulleres representaban o 42%, o que supón un incremento de 4 puntos respecto ao ano 2011. Non existen grandes diferenzas en canto ao gasto medio en bens e servizos vinculados ás actividades deportivas, que se sitúa no ano 2017 en 123,5 € no caso dos homes e 123,1 € no caso das mulleres.

E polo que se refire ás ensinanzas vinculadas ao deporte, en Galicia existen 8 centros neste ámbito nos que as mulleres representaban no curso 2016-2017 o 19,7% do profesorado e o 18% do alumnado.

- En canto ás principais barreiras para a práctica da actividade deportiva, as mulleres sitúan en primeiro lugar a falta de tempo, o que se pode relacionar co feito de que continúen a ser as que, de xeito maioritario, asumen as responsabilidades familiares de coidado de fillos e fillas ou familiares dependentes, así como as tarefas domésticas.

Neste contexto, hai que indicar que todas as actuacións que se financian dentro deste programa de gasto axudan a fomentar a participación activa das mulleres no deporte e a fortalecer a súa imaxe na sociedade, nomeadamente as seguintes:

- Programas de Galicia saudable
- Deporte escolar (XOGADE)
- Contratos de patrocinio a clubs de alto nivel.
- Axudas a deportistas galegos e galegas de alto nivel.
- Pódense apuntar distintos indicadores que amosan unha positiva evolución ámbito do deporte feminino, que continúa no ano 2018, máis licenzas (62.695 no 2017, fronte a 58.269 do 2017 e 42.090 no 2009), máis equipos de alto nivel patrocinados (85 fronte a 72 no 2017 e 28 no 2009) ou máis deportistas de alto nivel recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte segundo o procedemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes (168 fronte a 154 en 2017 e 59 en 2009).
- Salientar tamén que nas subvencións a clubs deportivos, valórase especialmente a adhesión das entidades deportivas ao Manifesto pola Igualdade e pola Erradi-

cación da Violencia de Xénero no Deporte da Secretaría Xeral de Igualdade e da Secretaría Xeral para o Deporte, e que se teñen en conta para o baremo o número de licenzas femininas e o número de mulleres en postos directivos da entidade.

- E polo que respecta ás federacións deportivas, os convenios de colaboración atenden tamén á adhesión ao Manifesto e a evolución das licenzas, así como tamén contemplan a subvención directa de programas de promoción da igualdade no deporte onde, entre outros extremos, valórase número de mulleres en postos directivos da federación deportiva.
- Resulta necesario facer unha especial mención ao proxecto de decreto polo que se regula o deporte de alto nivel de Galicia, que está en proceso de tramitación, e no que se recollen importantes medidas con repercusión na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes neste ámbito concreto, tales como a prórroga do recoñecemento como deportista de alto nivel nas situacións de embarazo, despois do parto ou adopción, así como para as persoas deportistas cuxa parella dera a luz.
- Tamén se establece que o recoñecemento como deportistas de alto nivel implica a obriga de colaborar coa Xunta de Galicia, entre outras actividades, coas relacionadas coa igualdade de xénero.
- E recóllese no texto do proxecto de decreto unha medida que pode ter importantes repercusións na conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas deportistas, como é a prioridade para deportistas de alto nivel e tecnificación e adestradores/as e árbitros de alto nivel no acceso dos seus fillos e fillas ás escolas infantís 0-3 da rede autonómica e no segundo ciclo da educación infantil dos centros públicos ou concertados.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

- Entre outras actuacións, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:
- a) Os convenios de patrocinio aos equipos galegos de alto nivel, que seguirán a ser unha das actividades prioritarias deste departamento e da fundación no 2020. Na tempada 2018/2019 resultaron beneficiarios 85 equipos femininos (fronte aos 72 da tempada anterior) e 6 mixtos (un máis ca na tempada anterior), fronte aos 100 masculinos. A este respecto é importante salientar que na tempada 2017/2018, en cómputo global, os equipos patrocinados foron, 171 mentres que na tempada 2018/2019 son, 191 producíndose un incremento dun 11,7%.
- b) As políticas de fomento do deporte de alto nivel e de axuda aos e ás deportistas. O último recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel, publicado por resolución do 12 de xullo de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fai pública a lista de deportistas recoñecidos/as como deportistas galegos/as de

alto nivel polo procedemento iniciado en xuño de 2019, veu a recoñecer a 168 mulleres deportistas, nun total de 432.

- Ademais, en 2019 estableceuse unha especial colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte coa Secretaría Xeral da Igualdade que supuxo unha serie de actuacións de sensibilización e loita contra a violencia de xénero a través do deporte, con distintas actuacións coas federacións deportivas, clubs e deportistas, e tamén no ámbito do deporte en idade escolar a través do programa XOGADE.
- Todas estas actuacións fomentan a participación activa das mulleres no deporte, fortalecendo a súa imaxe na sociedade, e de cara a 2020 prevese seguir incrementando o número de beneficiarias nos programas antes referidos para seguir tendo unha positiva evolución do deporte feminino.

## PROGRAMA 461A-COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións promocionais de alcance xeral.

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social, favorecendo un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente.

A Secretaría Xeral de Medios, encargada da xestión deste programa de gasto, ten en conta e incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertente.

Por un lado, as campañas de comunicación que se levan a cabo, contribúen á igualdade entre homes e mulleres, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada. Ademais realízanse campañas de comunicación que promoven a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a integración da perspectiva de xénero nas distintas políticas sectoriais.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas.

As campañas e as actuacións de comunicación institucional axudan a mellorar a resposta colectiva a favor da igualdade así como a conseguir un cambio no modelo de relación social eliminando as desigualdades. Isto é especialmente importante no caso das campañas contra a violencia de xénero.

Polo tanto, incorporar a perspectiva de xénero no plantexamento creativo das campañas, na selección de medios, na duración, na elección dos soportes, permitirá incrementar o impacto das mensaxes sobre xénero que se pretenden transmitir á poboación galega.

## PROGRAMA 461B-RADIODIFUSIÓN E TVG

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de difusión da comunicación audiovisual.

A través deste programa de gasto dótase de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

Aínda que non se trata de actuacións que vaian ter incidencia directa sobre a igualdade de mulleres e homes, dado que os medios de comunicación teñen unha importancia fundamental á hora de transmitir ideas e imaxes á sociedade, si que resulta fundamental integrar de xeito efectivo a perspectiva de xénero en todas as accións que se desenvolvan.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. recolle a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da súa política corporativa e de recursos humanos.

O regulador interno sobre o cumprimento das estratexias de Igualdade na CRTVG é o propio Consello de Administración que conta cunha Comisión de Igualdade que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios de comunicación dependentes da CRTVG. A Comisión de Igualdade celebrou catro sesións no 2016 e 6 no 2017 participando nelas os responsables das Áreas de Proxección Social, Recursos Humanos e Informativos e Documentación.

No ámbito dos recursos humanos, as mulleres representan o 38,14% do total do persoal da CRTVG, así como o 50% da directiva (18 homes e 18 mulleres).

Máis concretamente, a área de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a área de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a directora de Recursos Humanos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega e unha redactora xefa de Informativos, xunto a outras nove xefas de

servizo e outras responsables de área. E no Consello de Administración, composto por 7 persoas, incluído o director xeral, hai un 42,8% de mulleres.

En pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. E non só iso, nos mandos intermedios en informativos, o "Telexornal Mediodía" e o "Telexornal Serán" teñen dúas directoras, o mesmo que o programa "A Revista". Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. En todos os informativos hai mulleres. O "Galicia Noticias" ou o "Telexornal Serán" son exemplos disto. Tamén nos deportes hai facianas femininas e non só presentando as noticias, senón tamén narrando os partidos de fútbol e comentando a xornada. E no Departamento de Predición Meteorolóxica hai dúas mulleres en pantalla.

No que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe que goza de medidas de conciliación é do 7,6%, 1 punto máis que no 2017.

En canto aos contidos, os medios públicos traballan pola promoción da igualdade e a loita para a eliminación da violencia de xénero. Deste xeito, poténciase a visibilidade das mulleres na programación, con especial atención ás noticias relativas a delitos de violencia de xénero. A modo de exemplo, emítense máis de 1.000 noticias sobre igualdade entre a radio e a televisión ao ano. A cobertura dos medios públicos galegos para sensibilizar sobre esta lacra e previr novos casos esténdese durante todo o ano e en grande cantidade de programas, con centos de pezas e con diversos enfoques, tal como suxiren as recomendacións do Consello de Administración da CRTVG.

Por outra banda, a finais de 2017 foron aprobadas as "Normas reguladoras de comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG)" co seu capítulo III dedicado á imaxe da muller, no que se recolle o seguinte:

"Artigo 41. Normativa.

As comunicacións comerciais audiovisuais que se difundan a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG nas que apareza a imaxe do home ou da muller deberán realizar unha promoción activa da igualdade entre o home e a muller. Nese senso, non conterán elementos que contraveñan a normativa aplicable, especialmente:

a) Na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

b) No Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 42. Imaxe da muller nas comunicacións comerciais audiovisuais.

1. Na Corporación RTVG estará prohibido calquera tipo de sexismo na comunicación comercial audiovisual. Consecuentemente, as comunicacións comerciais audiovisuais serán extremadamente coidadosas coa imaxe da muller.

2. Non se admitirán aquelas comunicacións comerciais audiovisuais que utilicen unha linguaxe ou a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio, entre elas aquelas que:

a) Promovan, xustifiquen, banalicen ou inciten á violencia contra as mulleres, ou nas que se conteñan expresa ou implicitamente mensaxes misóxinas ou que atenten contra a dignidade humana.

b) Presenten ás mulleres ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes do mesmo como mero obxecto desvinculado do produto ou servizo que se pretende promover, ben na súa imaxe asociada a comportamentos estereotipados que vulneren os fundamentos do ordenamento xurídico coadxuvando a xerar a violencia á que se refire a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, ou norma que a substitúa.

c) Fomenten un canon de beleza feminino que pode incitar comportamentos lesivos para a súa saúde.

Artigo 43. Campañas institucionais.

A Corporación RTVG apoiará e dará un tratamento preferente no acceso aos seus espazos publicitarios ás campañas institucionais que desenvolvan os organismos públicos co obxectivo de eliminar as desigualdades e promover a igualdade de mulleres e homes. A tales efectos, estableceranse os oportunos mecanismos ou acordos de colaboración institucional"

Salientar tamén que a CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a persoa que a representa no dito observatorio participou activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual.

A CRTVG tamén forma parte da Comisión Asesora de Publicidade non sexista e participa activamente neste foro no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade amosan un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade. Informe

do que logo se da conta para un control interno na Comisión de Igualdade do Consello de Administración.

Ademais, a CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, organización da que participa todo o sector da publicidade en España. Esta entidade ten vixente un código de conduta ou normas reguladoras da emisión de mensaxes publicitarias e de televenda que atende, entre outros aspectos, o cumprimento dos principios da igualdade de xénero e persegue, de oficio e tamén en resposta a reclamacións, a emisión de contidos sexistas a través das mensaxes comerciais.

A CRTVG estableceu que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos un criterio de desempate sería o licitador que acredite a condición de Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

A web da CRTVG dispón dunha canle temática sobre temas de igualdade. Dentro da súa función de servizo público e en consonancia coas súas liñas de acción de responsabilidade social corporativa, creou unha sección específica denominada "CRTVG coa Igualdade", onde se recolleron contidos sobre igualdade, emitidos en distintos espazos da TVG (http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/igualdade).

En 2018 a CRTVG dedicou toda unha programación especial ao redor do 25 de novembro e o 8 de marzo. Tamén en aplicación do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, a TVG emitiu publicidade desta mesma campaña.

A CRTVG participou no VII Congreso do Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género celebrado en outubro de 2018 en Madrid, ao que asistiu a xefa de servizo de Responsabilidade Social Corporativa.

É salientable que a CRTVG dedicou a finais de 2018 a súa cuarta campaña de Responsabilidade Social Corporativa. -e derradeira do ano- á igualdade de xénero. Tratouse dunha acción de comunicación arredor do Día Mundial da ONU para a Ciencia e para a Paz (10 de novembro), e foi deseñada coa finalidade de facer unha posta en valor da muller e das vocacións científicas, técnicas e artísticas entre as nenas galegas. Esta acción, #CorazónDeInvestigadora, contou coa colaboración das tres universidades galegas, coa finalidade de achegar a CRTVG á sociedade, e coa participación de máis dunha ducia de investigadoras, profesionais ou alumnas no eido coñecido como STEAM (Science, Technology, Engineering, Arts, and Maths).

Procurouse o maior impacto posible a través da imaxe verdadeira de galegas que poidan representar modelos de valor para as nenas e mozas. A campaña foi premiada nos III Premios de Comunicación e Marketing de Galicia, nos chamados Premios Paraugas, e tamén seleccionada como boa práctica pola Rede Española do Pacto Mundial da ONU.

Ademais, o plan de acción anual de RSC da Corporación, con campañas deseñadas e producidas integramente con medios propios da CRTVG, é difundido en todos os soportes dos medios públicos galegos, para amplificar o seu impacto, interna e externamente, a través da TVG, da Radio Galega, das redes sociais da Corporación e do seu portal web www.crtvg.gal. Na web, dentro do Portal de Transparencia da Corporación, foi tamén habilitado un espazo propio para as accións de RSC, http://www.crtvg.es/crtvg/accions-g, e a intención é mantelo como punto de recompilación de todas as campañas, accións e documentación de interese relativa a elas, e que desde 2019 pasarán a integrarse baixo a marca #AcciónsG

## PROGRAMA 571A-FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

O Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2015-2020 OE 4.1.04 "Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso as mesmas" incluído no "EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO", en concreto na PA.4.1. "Consolidar o modelo de crecemento vinculado á economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da Información".

Neste contexto, e dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade dixital, aprobouse a Axenda Dixital de Galicia 2020 que é a resposta para converter o escenario dixital que nos rodea no motor dunha sociedade mellor, apostando por un modelo de crecemento vinculado á economía dixital, solidaria e inclusiva, e á transparencia e participación cidadá. Introducindo elementos que permitirán maximizar o impacto das políticas tecnolóxicas, como un factor imprescindible e clave para acadar os obxectivos de crecemento económico-social que se marca Galicia para o futuro.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 define a estratexia da Xunta de Galicia para dar o impulso definitivo que necesita a comunidade autónoma no que se refire ás tecnoloxías da información e a comunicación. As distintas axudas para o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos impulsarán o sector da economía do coñecemento e dos sectores produtivos e potenciarán a posta en marcha de actuacións en ámbitos prioritarios como son, entre outros, a sanidade e a educación. Así como a posta en marcha de actuacións para a incorporación das TIC nas pemes dos sectores produtivos de Galicia

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuíndo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da Administración pública.

No ano 2018, en Galicia, un 79,9% das mulleres e un 80,2% dos homes fixo uso de Internet nos últimos tres meses, diminuíndo en 4 puntos a fenda de xénero que se rexistraba no ano 2015 (4,3 puntos porcentuais). No período 2014-2018 a porcentaxe de mulleres galegas que utilizan internet medrou en maior medida que no conxunto do Estado, incrementándose nun 18,5% fronte aos 14,9% da media estatal. Isto permitiu que, actualmente, a fenda de xénero a nivel autonómico (0,3 puntos porcentuais) sexa inferior á dos ámbitos estatal e europeo (1 punto porcentual en ambos os dous casos).

Son as mulleres as que usan en maior medida internet para interactuar coas Administracións Públicas para obter información de páxinas web, descargar formularios oficiais e enviar formularios cubertos.

Tanto os homes como as mulleres interactúan preferentemente coas AAPP a través da rede para realizar xestións sanitarias e a declaración da renda, pero existen diferenzas de xénero, unha gran maioría de mulleres empregan a rede para realizar xestións sanitarias, nunha proporción notablemente superior aos homes, que só superan as mulleres na interacción coas Administracións públicas para a declaración da renda, na petición e entrega de certificados e na tramitación de documentos persoais.

Por todo isto, débese considerar que as mulleres serán as principais beneficiadas por todas aquelas actuacións que se financien dentro deste programa de gasto e que teñan como finalidade avanzar e mellorar a e-administración, tendo en conta ademais que a extensión da e-administración e o uso das TIC tamén pode facilitar a implantación e o uso do teletraballo polo o persoal das administracións públicas, co que se facilita a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

Os datos publicados tamén poñen de manifesto o maior interese das galegas por formarse nas tecnoloxías da información e da comunicación.

Doutra banda, o sector tecnolóxico galego conta con 18.163 persoas das que o 31,6% son mulleres. Sen embargo só o 9,7% están dedicadas a funcións TIC fronte ao 40,9% de homes. A porcentaxe de mulleres en postos directivos nas empresas do sector tamén é minoritaria (15,2%).

Do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 87,7% son homes e o restante 12,3% son mulleres, o que amosa unha baixa presenza das mulleres nesta actividades.

Na memoria do programa indícase que en 2020 se porán en marcha distintas actuacións no marco do Plan de Promoción do Talento dixital, que ten como obxectivo o fomento das vocacións tecnolóxicas e os novos perfís dixitais e facilitar as habilidades e competencias que permitan potenciar o emprendemento e a transformación dixital como base para favorecer a empregabilidade, a competitividade e o crecemento económico.

E que, neste marco, traballarase no novo catálogo de actividades do Plan DigiTalent para o curso 2019/2020 de cara a reforzar os obxectivos do Plan e complementar as actuacións que conforman o catálogo DigiTalent; cómpre destacar o lanzamento do programa de becas DigiTalent, 50 becas en empresas TIC, dirixidas fundamentalmente a estudantes universitarios/as de carreiras non STEM, para potenciar o desenvolvemento e empregabilidade de novos perfís profesionais vencellados ao sector tecnolóxico.

Cómpre indicar a importancia de que en todas estas actuacións se teña en conta a perspectiva de xénero, á vista de todas as estatísticas e estudos que amosan que a falta de modelos femininos no ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics) é unha das causas da falta de interese das nenas polas materias e as titulacións do ámbito STEM a partir dos 15 anos, a pesar do interese xeneralizado polos temas STEM nas nenas entre os 11 e 12 anos.

Aínda que hai grandes diferenzas de xénero nos países da OCDE, en termos xerais, só unha de cada tres persoas graduadas en enxeñería é muller e menos de unha de cada cinco graduadas en informática son mulleres. Incluso despois de realizar unha carreira do ámbito científico-tecnolóxico, os análises da OCDE indican que o 71% dos homes graduados en carreiras científicas traballan como profesionais de física, matemáticas, informática ou enxeñaría, mentres só o 43% das mulleres o fai.

Dentro deste programa de gasto tamén se inclúe o Plan de Inclusión Dixital, que pode contribuír á redución da brecha dixital de xénero ao facilitar a alfabetización dixital e o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (terceira idade, persoas desempregadas ...), prestando especial atención ás mulleres, fomentando a igualdade de oportunidades neste eido e utilizando servizos dixitais para a mellora do seu benestar e a súa calidade de vida.

En 2020 tamén se vai continuar traballando na modernización tecnolóxica do transporte, para o desenvolvemento de novos servizos e canles de información á cidadanía (transporte a demanda, app e portal – bus.gal -- de información de servizos dispoñibles). Polo que, tendo en conta que todos os estudos e estatísticas amosan que as mulleres utilizan o transporte público en maior medida que os homes, é outra das actuacións das que se pode prever un maior impacto nas mulleres.

E no ámbito sectorial dos servizos sociais, dentro deste programa de gasto continuarase a desenvolver o Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica dos Servizos Sociais arredor de dous eixes, a consolidación da Historia Única Social Electrónica como elemento central de apoio no proceso de intervención (coa incorporación da totalidade dos concellos de Galicia, e o uso xeneralizado da historia como ferramenta cotiá dos e das profesionais sociais), a extensión desta aos fogares galegos a través da plataforma Asiste, para prestar servizos asistenciais no fogar as persoas maiores que viven soas; a extensión

do Sistema Integral de Xestión de Centros a todos os centros dependentes da Consellería de Política Social como ferramenta integral de xestión dos procesos neses centros.

Considerando que as mulleres seguen a ser de xeito maioritario as que se ocupan das labores de coidado dos nenos e nenas e/ou das persoas maiores no ámbito familiar, e que tamén son mulleres as maiores usuarias dos servizos sociais, calquera avance neste ámbito contribuirá a mellorar a súa calidade de vida.

En 2020 tamén se van a realizar, dentro deste programa de gasto, estudos e informes que analizarán o uso das TIC atendendo ás diferenzas de xénero.

- Con todas estas actuacións, é previsible que a fenda dixital de xénero no eido das TICs siga minorando, entre outros motivos polo maior interese das galegas por formarse nas tecnoloxías da información e da comunicación.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Durante 2018, no marco do Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento publicáronse catro estudos que analizan o uso das TIC atendendo a unha perspectiva de xénero ("A Sociedade da Información nos fogares galegos", "A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero", " A sociedade da información no rural galego" e "As mulleres no sector TIC 2018") o que permite coñecer de primeira man as necesidades da sociedade galega e as actuacións a realizar.

Adicionalmente, realizáronse 3.678 actividades formativas con preto de 49.800 horas de formación en cursos e charlas en alfabetización dixital, capacitación dixital e innovación social dixital, a través da Rede CeMIT onde o 58,17% das persoas usuarias son mulleres (47.610).

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar.

Como figura no Cadro de valores de indicadores previstos para 2020, segue a se observar un desequilibrio na práctica deportiva entre homes e mulleres, xa que na maioría dos indicadores de produtividade hai minoría de mulleres, entre o 20% e o 30%.

*Cadro 1.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social**

**PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables**

**E01 - Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P036.H | Alumnado matriculado (Homes) | 600,0 | Nº (media) |
| P036.M | Alumnado matriculado (Mulleres) | 160,0 | Nº (media) |
| P081.H | Escolares participantes nos campionatos galegos (Homes) | 93.000,0 | Nº (media) |
| P081.M | Escolares participantes nos campionatos galegos (mulleres) | 41.000,0 | Nº (media) |
| P1009H | Número de licenzas federativas. Homes | 203.000,0 | Nº |
| P1009M | Número de licenzas federativas. Mulleres | 55.000,0 | Nº |
| P080.H | Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes | 82.000,0 | Nº (media) |
| P080.M | Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres | 42.000,0 | Nº (media) |

**PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero**

**E02 - Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P394.H | Bolseiros (homes) | 75,0 | Nº |
| P394.M | Bolseiros (mulleres) | 75,0 | Nº |
| P1027H | Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes | 4.480,0 | Nº |
| P1027M | Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres | 6.550,0 | Nº |

Fonte: Presidencia da Xunta de Galicia,

## Conclusións:

Con excepción do programa de gasto 111A que financia a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia, o resto dos programas orzamentarios analizáronse dende o punto de vista do xénero.

Tanto das accións futuras previstas para 2020 como da análise e avaliación das actividades que se levaron a cabo en 2018, conclúese que se pode prever un impacto de xénero positivo respecto da actuación dos distintos órganos que se integran na Presidencia da Xunta de Galicia.

Así, estase a mellorar o tratamento informativo da violencia de xénero e o xeito de abordar as temáticas relacionadas coa igualdade nos medios de comunicación.

Que tamén se trata de aplicar a perspectiva de xénero ás campañas que se programan dende a Secretaría Xeral de Medios, coa finalidade de transmitir unha imaxe non estereotipada da muller á sociedade.

Que dende a Secretaría Xeral de Emigración se van desenvolver programas de fomento, información e inserción laboral para as persoas retornadas, con liñas específicas para as mulleres e que se trata de aumentar a participación das mulleres nos órganos de decisión das entidades galegas no exterior.

- No ámbito deportivo, desenvolveranse accións de promoción da igualdade e sensibilización contra a violencia de xénero e no ámbito das TIC, realizaranse estudos que permitan coñecer a situación das mulleres neste sector, e consolidaranse programas innovadores en ámbitos específicos como o do servizos sociais ou o transporte, que permitirán mellorar a calidade de vida das mulleres.
- Tamén no ámbito da sociedade de información e uso das TICs, as mulleres serán as principais beneficiadas por todas aquelas actuacións que teñan como finalidade avanzar e mellorar na e-administración, tendo en conta que isto pode facilitar a implantación e o uso do teletraballo polo persoal das administracións públicas, co que se facilita a compatibilización do traballo coas responsabilidades familiares que continúan a ser maioritariamente asumidas por mulleres.
- En todo caso, hai que ter en conta que todas as actuacións que se porán en marcha en 2020 no marco do Plan de Promoción do Talento dixital, que ten como obxectivo o fomento das vocacións tecnolóxicas e os novos perfís dixitais , poden mellorar o peso minoritario das mulleres neste ámbito, que é claramente desigual para as mulleres, unicamente se se incorpora a perspectiva de xénero.

## IV.2. VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA.

A Vicepresidencia da Xunta de Galicia configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia e o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, establece as súas competencias que teñen un marcado carácter transversal e de coordinación. Tamén lle corresponde á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da Igualdade efectiva das mulleres e dos homes así como a asistencia xurídica da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia e á Vicepresidencia da Xunta de Galicia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e avaliación e reforma administrativa. Tamén é a encargada dos servizos de carácter horizontal necesarios para o funcionamento da administración da Xunta de Galicia.

Debido a este ámbito competencial, moitos dos programas de gasto da consellería dirixen a súa actividade cara o mantemento e funcionamento diario e normal da Administración, de xeito que non inclúen actividades que teñan relación directa e específica coa igualdade. Aínda así cabe salientar o compromiso de intentar integrar de xeito transversal a perspectiva de xénero nas actividades que se desenvolven.

## PROGRAMA 111E-RELACIÓNS EXTERIORES

Os principais obxectivos da acción exterior de Galicia son o apoio á cidadanía galega no exterior e a consolidación da imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras, en especial nos principais mercados, co fin da internacionalización da economía e das empresas galegas.

Así mesmo, trátase de reforzar a presenza exterior de Galicia e dar visibilidade a súa participación naqueles foros nos que se poida mellorar a posición galega.

Esta promoción da Acción Exterior verase potenciada en 2020 grazas a tramitación do Anteproxecto de Lei reguladora da Acción Exterior e Cooperación para o Desenvolvemento de Galicia.

A busca de sinerxías con outras rexións servirá para acadar unha maior forza á hora de maximizar a rendibilidade do esforzo ao aglutinar a outras rexións con obxectivos concorrentes cos galegos. De maneira singular, continuarase a consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Na memoria caracterízase este programa de gasto como un programa que non ten actividades dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).

Isto é así porque a cooperación transfronteiriza é clave para a cohesión social e ten gran importancia como elemento dinamizador da Axenda 2030, que ten como un dos seus ODS a igualdade de xénero.

## PROGRAMA 121A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL E PROGRAMA 131A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA

Estes programas de gasto atenden as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns, ben sexa no ámbito da Administración xeral como da Administración de xustiza, modernizando as infraestruturas administrativas e xudiciais, tanto centrais, como periféricas, en atención a criterios de eficiencia enerxética e sostibilidade ambiental, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo do persoal empregado público; e dotando aos centros directivos dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adxudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación da Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

Ademais, en cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos tres anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

De acordo co anterior, en todos os pregos se incluirá como criterio de desempate a acreditación da implantación dun plan de igualdade ou a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e nos artigos 11 e 22 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Tamén se establecerán condicións especiais en relación coa execución dos contratos e se incluirán consideracións de tipo social que tendan a reducir ou eliminar as desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral, sempre que sexa pertinente (artigos 121 e 150 do TRLCSP).

Por iso, dado o elevado número de contratos que se celebran, a inclusión nos pregos destas condicións especiais de execución referidas á igualdade entre mulleres e homes, pode contribuír á redución das diferenzas laborais entre mulleres e homes.

## PROGRAMA 121B-ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Dentro deste programa de gasto desenvólvense todas as actuacións encamiñadas a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa.

Polo que respecta ao ámbito concreto obxecto deste informe de impacto de xénero, hai que considerar que a intervención dos letrados e letradas nas distintas fases do procedemento de contratación pública proporciónalles unha posición inmellorable, non só para garantir a legalidade dos procedementos, senón tamén para aproveitar as contra-

tacións públicas para contribuír a obxectivos estratéxicos, como poden ser a innovación ou a atención ás necesidades sociais, impulsando os obxectivos da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Nese sentido, elaboráronse e aprobáronse Guías de actuación para o fomento da contratación innovadora, da contratación socialmente responsable e da participación das pequenas e medianas empresas, a través da introdución de cláusulas e condicións específicas nos pregos, ás que se unen as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

A aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores para levar a cabo o proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

Tamén se continuará traballando na formación e especialización dos letrados e letradas, tanto mediante xornadas internas de formación como a través da organización e participación en seminarios impartidos por profesionais con coñecemento das materias xurídicas, e prestando especial atención, entre outros, a ámbitos como o da violencia de xénero, polo que se reforzará a formación en materia penal.

Por outra banda, salientar que o persoal letrado da Asesoría Xurídica Xeral exerce a acción popular por parte da administración xeral da Xunta de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por violencia de xénero.

## PROGRAMA 122B-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A través deste programa de gasto fináncianse o funcionamento e as actividades da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que integra a formación destinada aos distintos colectivos de persoal empregado público da comunidade autónoma. Esta formación vai dirixida a acadar unha maior profesionalización deste persoal que redunde nunha maior eficacia na prestación dos servizos públicos, para o cal a EGAP adecuará a súa oferta formativa ás necesidades e aos desafíos das administracións públicas, desde un compromiso de transparencia e ética pública.

A EGAP tamén pretende achegar á sociedade en xeral aqueles temas relacionados coa Administración que poidan ser do seu interese, e facilitar a comprensión das diferentes novidades normativas, a través das diferentes actividades de divulgación que realiza (xornadas, seminarios, edición de publicacións).

A escola tamén traballa con diferentes iniciativas relacionadas coa detección de necesidades formativas, a calidade e a satisfacción dos usuarios e das usuarias, que contribúen

a mellorar non só a formación, senón que tamén axudan a racionalizar os procesos de xestión.

A Escola Galega de Administración Pública inclúe de xeito habitual nos seus plans de formación actividades sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a todos os colectivos do persoal da administración, que se imparten a través das distintas metodoloxías de ensino, co propósito de achegar a formación nesta materia ao maior número posible de persoas. Hai que destacar o incremento da oferta formativa nestas materias que se vén producindo nos últimos anos e tamén a diversificación dos contidos.

A análise dende o punto de vista do xénero, indica que a EGAP atópase nunha boa posición para promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes introducindo esta temática nos Plans de Formación para o persoal e aplicando a perspectiva de xénero en todas as actividades formativas dirixidas ao persoal así como nos estudos, enquisas e investigacións que se leven a cabo.

Valorar especialmente que se continúen a potenciar as diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías de carácter flexible, entre as que están a autoformación e a teleformación, ou o uso de sistemas de videoconferencia e telepresenza, configurándose a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías de ensino como unha das liñas distintivas da acción formativa da EGAP, porque constitúen unha formación máis flexible pero coa mesma calidade e certificación e que permiten ofertar actividades formativas a un maior número de persoas, cun menor custo contribuíndo ao mesmo tempo a eliminar as barreiras espaciais e temporais, favorecendo deste xeito a conciliación da vida familiar e laboral e a corresponsabilidade.

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, a EGAP tamén incorpora este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas, co propósito de que o alumnado poida formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade, tratando de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para integrar a perspectiva de xénero no traballo cotiá do persoal empregado público.

Así, nas actividades que organiza a escola abórdase a igualdade desde unha perspectiva xurídica, para coñecer o marco legal das políticas de igualdade e aténdese especificamente á igualdade nas administracións públicas, mediante o estudo da avaliación do impacto de xénero e os instrumentos de intervención nesta materia.

Porén, a formación neste eido non se circunscribe á igualdade no contexto da Administración pública, senón que tamén se forma ao persoal desde a perspectiva de xénero noutros ámbitos, para fomentar a igualdade en todos os contextos.

Así mesmo, en 2020, seguirá a desenvolverse un módulo sobre políticas de igualdade nas actividades formativas de maior impacto e que procuran unha capacitación xeral e

multidisciplinar do persoal empregado público, co propósito de incorporar a cuestión de xénero como unha materia transversal á formación daquel.

Por outra banda, e para promover a igualdade no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración, favorécese a preferencia no acceso ás actividades formativas das persoas que gozasen dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares.

Valórase especialmente dun xeito moi positivo que dende a EGAP se teñan implantado no no 2019 novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia este programa de gasto. En concreto as seguintes:

- Realización dunha convocatoria de actividades de formación en materia de igualdade e violencia de xénero independente da convocatoria xeral. Esta nova forma de xestionar as convocatorias permitirá poñer de relevo que con estas actividades non só se trata de formar senón tamén de sensibilizar e concienciar ao persoal empregado público sobre a importancia de ter unha cultura de traballo baseada na igualdade. Así mesmo permitirá obter unha información máis directa e específica sobre o interese e satisfacción que estas actividades en concreto espertan no persoal e facer un seguimento do grao de cumprimento do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recollida de datos de solicitudes de todos os cursos e de persoas declaradas aptas neles desagregados por sexo. Ate o de agora só se recolía esta información respecto dos cursos convocados en materia de igualdade e violencia de xénero, así como naqueles outros cursos nos que se reciba unha petición en tal sentido. A nova estratexia deseñada pretende estender este tipo de información a calquera actividade organizada pola Escola Galega de Administración Pública.

Ao longo do ano 2019 e 2020 avanzarase no desenvolvemento destas estratexias para poder cumprir cos obxectivos fixados.

Polo que se refire ás actividades formativas organizadas pola EGAP durante o ano 2018 poden extraerse os seguintes datos:

As mulleres representan o 67% das persoas que participaron nas actividades formativas, o que vén dar conta do elevado grao de participación das empregadas públicas no conxunto da formación desenvolta pola escola.

Se atendemos de xeito diferenciado aos distintos colectivos aos que se dirixe a formación da EGAP, as mulleres foron o 62,62% do alumnado dos cursos dirixidos ao

persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e á Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia.

No caso das actividades para o persoal ao servizo da Administración local, un 68,64%dos participantes foron mulleres.

Hai que destacar tamén a elevada presenza feminina nas actividades dirixidas ao persoal da Administración de xustiza, cun 73,53% de mulleres. Finalmente, no caso das actividades que desenvolve a EGAP dirixidas ao persoal de Administración e Servizos (PAS) das universidades galegas, as mulleres foron o 69,01% das persoas que participaron nas ditas actividades.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

En canto ás actividades formativas con temática relacionada directamente coa igualdade ou a violencia de xénero, no ano 2018 desenvolvéronse na EGAP, 24 edicións de 10 cursos:

| *Nome do curso* | *Persoas participantes* |
|---|---|
| *Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes* | *16 ( 10 mulleres)* |
| *Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública* | *300 (222 mulleres)* |
| *A trata de seres humanos con fins de explotación sexual: a nova escravitude do século XXI* | *50 (46 mulleres)* |
| *Igualdade de xénero. Perspectiva xurídica* | *9 (6 mulleres)* |
| *Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación* | *50 (43 mulleres)* |
| *Violencia de xénero* | *30 (27 mulleres)* |
| *Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade* | *17 (16 mulleres)* |
| *Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas* | *506 (371 mulleres)* |
| Ser a líder: o liderado e autoliderado feminino | 22 (21 mulleres) |
| Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero | 100 (81 mulleres) |

Non se pode deixar de apreciar á vista destes datos, que as mulleres representan máis do 76% do alumnado asistente a estas actividades formativas con contidos específicos de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, porcentaxe que está 10 puntos por riba da media de mulleres participantes na actividade formativa da EGAP (67%), o que pode poñer de manifesto que este tipo de contidos seguen a percibirse por unha parte do persoal empregado público masculino, dende unha perspectiva dos estereotipos e roles de xénero, como "feminizados".

En 2018 tamén se desenvolveron 5 cursos nos que se incluía un módulo de igualdade de xénero:

| *Nome do curso* | *Persoas participantes* |
|---|---|
| *Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución* | *49 (40 mulleres)* |
| *Mellorando a convivencia nos centros de ensinanza: atención e coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo* | *24 (21 mulleres)* |
| *Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais* | *47 (33 mulleres)* |
| *Contratación estratéxica* | *47 (29 mulleres)* |
| *Violencia sexual contra a infancia* | *21 (18 mulleres)* |

Por outra parte, entre o conxunto do persoal docente da EGAP, isto é, os titores/as das actividades en liña e os e as docentes da formación presencial, rexístrase así mesmo unha notable presenza feminina, sendo un total de 204 as mulleres que participaron como colaboradoras docentes da EGAP ao longo de 2018.

## PROGRAMA 141A-ADMINISTRACIÓN LOCAL

Dentro deste programa de gasto encádranse todas aquelas actuacións relacionadas coa coordinación das políticas públicas en materia de administración local, xestión en materia de pacto local e cooperación coas asociacións de municipios, elaboración dos programas formativos en materia de administración local, fomento do asociacionismo veciñal, ou o fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais, así como as propostas en materia de organización territorial.

Para elo, foméntanse liñas de colaboración coas entidades locais galegas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lle son propios, a través da creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

Apoiarase as entidades locais para que afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, promovendo fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía.

Organismos internacionais como Nacións Unidas e a Comisión Europea sinalan o urbanismo e a dotación de equipamentos como campos de política pública claves para avanzar cara a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, xa que a pesar do seu aparente carácter universal, a dotación de equipamentos e de infraestruturas non é neutra dende o punto de vista do xénero. As mulleres usan máis o espazo público para tarefas de

xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores) polo que as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non é a mesma.

Por este motivo, avalíase positivamente que dende a Dirección Xeral de Administración Local se indique que a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes obrigas, oportunidades e necesidades. Ademais, polas características dos investimentos que se financian (prazas e paseos, espazos e parques infantís, obras e equipamentos para a protección do medio natural e para o coñecemento e utilización didáctica dos recursos naturais), pode considerarse que este programa de gasto vai ter un impacto positivo.

Outro dos eixes de intervención deste programa de gasto é o fomento da e-Administración para facilitar a relación entre as entidades locais e a cidadanía. A fenda dixital de xénero reduciuse considerablemente nos últimos anos, polo que calquera mellora na e-administración podería ter unha maior incidencia nas mulleres.

Ademais, preténdese:

- Incorporar a perspectiva de xénero na actuación xeral do centro directivo (nos procedementos de contratación, convocatorias e convenios), promover o uso dunha linguaxe inclusiva en toda a documentación que se produza
- Financiar novos investimentos e equipamentos, entre outras entidades, das asociacións de mulleres rurais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese local.
- Promover a actividade empresarial das mulleres introducindo medidas que lles faciliten o acceso a todos os sectores da actividade profesional cos que teñen relación as actividades do centro directivo mediante a incorporación de criterios de valoración que incentiven a contratación de mulleres na execución dos proxectos que se desenvolvan a través das convocatorias de subvencións ou dos convenios de colaboración.
- Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación.

O programa tamén incorpora indicadores que permitirán facer un seguimento e avaliar os resultados que se obteñan dende o punto de vista do xénero e a promoción da igualdade.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

A principal liña de axudas dirixida aos concellos que se financia dentro deste programa de gasto, a orde do Fondo de Compensación Ambiental, recolle dentro dos criterios de valoración das solicitudes presentadas na liña de concorrencia competitiva, a puntuación da presentación do compromiso de incluír nos criterios de adxudicación para a con-

tratación das obras e equipamentos subvencionados, a contratación de mulleres. Como resultado do establecemento deste criterio de valoración, das 237 solicitudes presentadas, 67 presentaron este compromiso, das cales 36 resultaron beneficiarias desta axuda.

## PROGRAMA 212A-PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Este programa de gasto desenvólvese a través de 3 centros directivos: a Dirección Xeral de Emerxencias, a Academia Galega de Seguridade Pública e a Axencia Galega de Emerxencias.

Os obxectivos das actividades que se levan a cabo na área de protección civil e emerxencias consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección da cidadanía fronte as situación de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestións das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotiá ocorren á poboación da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles.

Dende o punto de vista do xénero, este programa pretende favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade e aos servizos de emerxencia e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, poida ter unha maior participación.

Dende o ano 1991 no que se crea a UPA, o acceso de persoal feminino á Unidade de Policía Adscrita ven sendo progresiva e as novas promocións van producindo un paulatino aumento da porcentaxe de mulleres respecto do total de efectivos. Na actualidade esta porcentaxe é dun 14,60% sobre o total do persoal.

Potenciaranse as unidades dedicadas especificamente a loita contra a violencia de xénero e a atención a este tipo de vítimas.

Así, na Unidade de Policía Adscrita tense creado un grupo específico para desenvolver tarefas en materia de violencia de xénero e protección das vítimas, conformado con persoal especializado, ao que se deu formación na materia, e prácticas reais nas comisarías do CNP e pretendese desenvolver actuacións dirixidas a perfeccionar e mellorar a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

E mantense un protocolo de colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, para a colaboración e coordinación do persoal de ambos corpos dedicados a estas tarefas, de xeito que se acaden mellores cotas de eficacia e cooperación.

Preténdese mellorar a capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP, incluíndo nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil módulos sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Vaise realizar un esforzo en materia de formación co obxecto de aumentar os cursos específicos en materia de xénero, en especial os dirixidos as forzas e corpos de seguridade.

Estas actuacións van dirixidas a perfeccionar e mellorar as actuacións na protección das mulleres vítimas fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo

Continuarase coa prioridade das mulleres para o acceso á formación así como no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de VIOGEN.

Por outra banda, a Axencia Galega de Emerxencias na súa actividade ordinaria de xestión, segundo o disposto na Lei 5/2007, de 7 de maio,de Emerxencias de Galicia, incorpora a perspectiva de xénero coma un dos principios reitores na súa política de xestión e contratación pública. Sendo unha das súas funcións principais a da dirección do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, tal principio plásmase nos pregos dos contratos de servizos licitados para a xestión do mesmo, tanto no que atinxe estritamente ao servizo de teleoperación como o de xestión dos sistemas informáticos e de telecomunicacións.

Polo que se refire ás actividades que se desenvolven no Centro de atención de emerxencias 112 Galicia, indicar que das 84 persoas contempladas no contrato de xestión operativa e soporte tecnolóxica, 65 son mulleres o que representa que o 78% do total de persoas que traballan no Centro de Atención de Emerxencias son mulleres.

Dende a AXEGA e o CIAE-112 tamén se vai colaborar a través das redes sociais na información e formación a través de campañas para loitar contra a violencia machista en grandes eventos, para xerar espazos seguros para as mulleres.

E a AXEGA vai manter a súa participación en diversos proxectos que teñen como finalidade incentivar as políticas activas de apoio á muller: Plan Dike (programa para a inserción laboral das vítimas de violencia doméstica), Proxecto Perla (entre Administración Pública, empresas e asociacións sen ánimo de lucro que unen esforzos para potenciar a igualdade de oportunidades e a conciliación) e outros de similares características.

## PROGRAMA 312G-CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL E LABORAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL

Tal e como se recolle na Directiva (UE) 2019/1158 do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de xuño de 2019, a conciliación da vida familiar e a vida profesional e persoal segue a constituír un reto considerable para moitos traballadores e traballadoras que teñen responsabilidades no coidado de familiares, en especial debido á crecente prevalencia do horario laboral ampliado e dos cambios nos calendarios de traballo, o que repercute negativamente, sobre todo, no emprego feminino, xa que as mulleres continúan a ser as que, de xeito maioritario, asumen as tarefas e responsabilidades do coidado.

Un factor importante que contribúe á infrarrepresentación das mulleres no mercado de traballo é precisamente a dificultade para conciliar as obrigas laborais e familiares, polo que moitas veces vense obrigadas a traballar menos horas en empregos retribuídos e a pasar máis tempo ocupándose de responsabilidades no coidado de familiares polas que non reciben remuneración, e noutros casos poden verse obrigadas a abandonar por completo o mercado de traballo.

A incidencia dos factores asociados á maternidade, á corresponsabilidade e á conciliación da vida persoal, familiar e laboral como obstáculos para o acceso e a permanencia das mulleres no mercado do traballo remunerado fanse patentes cando se analizan as taxas de ocupación da poboación de 20 a 49 anos con fillos e fillas. As diferenzas entre homes e mulleres agudízanse neste grupo de poboación cunha diferenza de máis 20 puntos porcentuais entre os sexos cando se é nai ou pai de menores de 11 anos, cun ou varios fillos e/ou fillas; é dicir, unha taxa de ocupación sempre máis alta entre os homes. Segundo os datos da EPA 2018, a taxa de ocupación das mulleres con dous fillos/as menores de 6 anos é do 72,4% fronte ao 94,2% no caso dos homes. Cando se teñen tres ou máis fillos/as de entre 6 e 11 anos, a taxa de ocupación das mulleres baixa ata o 50,5% e a dos homes sitúase no 81,5% (máis de 30 puntos de diferenza).

Polo tanto, a conciliación da vida familiar, persoal e laboral contribúe a crear unha sociedade baseada na calidade de vida das persoas, favorecendo as mesmas oportunidades para as mulleres e para os homes, co fin de poder desenvolverse en todos os ámbitos vitais, progresar profesionalmente, atender as responsabilidades familiares e poder desfrutar do tempo, tanto persoal como laboral.

Pero tamén hai que ter en conta que as medidas de conciliación tradicionalmente dirixíanse fundamentalmente as mulleres, contribuíndo deste xeito a que a conciliación se considerase como un "problema exclusivo das mulleres", e por iso resulta fundamental abordar esta cuestión dende a perspectiva da igualdade de oportunidades, que é un dos principios reitores das políticas europeas, da lexislación comunitaria así como da Estratexia Europea para o Emprego. E ter en conta tamén que a corresponsabilidade social vai máis

alá da conciliación, e non só se refire a aumentar a implicación dos homes no reparto das responsabilidades domésticas e familiares, senón que debe estenderse a outros axentes sociais e instancias públicas e privadas.

O éxito das medidas que teñen en conta o enfoque da corresponsabilidade radica na súa universalización, é dicir, que se aplican tanto a traballadores como a traballadoras xa que a súa finalidade é promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Polo contrario, se as medidas van dirixidas só ás mulleres, manteranse a desigualdade e as diferenzas de xénero.

Todas as actuacións que se encadran neste programa de gasto están directamente relacionadas cos obxectivos e as medidas do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, e teñen como finalidade a posta en marcha, a consolidación e a visibilización de actuacións de distinta índole que inciden na conciliación, desde a base da corresponsabilidade familiar, poñendo o foco nun reparto equitativo das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes, en liña coas últimas decisións adoptadas pola Comisión Europea que tratan de apoiar a conciliación da vida familiar e a vida profesional, a través da mobilización de instrumentos financeiros e instando á reorientación dos recursos existentes do orzamento da Unión Europea cara a investimentos prioritarios que contribúan á súa consecución.

En 2020 prevese levar a cabo accións que promovan a coeducación e a educación en igualdade, iniciativas que promovan a reordenación dos tempos e a racionalización horaria, que reforcen o compromiso cunha conciliación corresponsable e que fortalezan os recursos de apoio á conciliación.

Ademais, ao resultado e impacto das actuacións que a Secretaría xeral da Igualdade leva a cabo no ámbito deste programa de gasto haberá que engadir o resto de actuacións e medidas que a Administración pública galega vai desenvolver en cumprimento do citado Plan de Conciliación e Corresponsabilidade.

En canto ao previsible impacto das actuacións previstas neste programa hai que considerar que, por unha banda, se levan a cabo accións de carácter sensibilizador, que pretenden un cambio estrutural e forman parte dunha estratexia a longo prazo baseada na educación en valores de igualdade. Con elas pódese contribuír a conseguir un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder no ámbito da parella e reducir as discriminación por razóns de xénero no mercado laboral derivadas dos diferentes roles asignados tradicionalmente a homes e mulleres. Tamén cabe esperar, a medio prazo, unha diminución da porcentaxe de persoas que na nosa comunidade continúan pensando que o coidado de persoas dependentes e as tarefas do fogar son unha responsabilidade eminentemente feminina e polo tanto, colocar ás mulleres nunha mellor situación respecto do acceso e permanencia no mercado laboral permitindo a Galicia contar cunha forza de traballo necesaria para o seu desenvolvemento económico.

Por outra banda, tamén existen no programa actividades directamente dirixidas a apoiar o desenvolvemento de recursos e medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que, aínda que dirixidas a toda a sociedade, agárdase que teñan unha maior repercusión no acceso e permanencia das mulleres no mercado de traballo e na mellora da súa calidade de vida, dada a persistencia dos roles de xénero tradicionais. A medio prazo agárdase unha diminución da porcentaxe de mulleres que non acceden ao mercado laboral por insuficiencia de recursos de atención a menores durante a xornada de traballo.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Unhas medidas inadecuadas para conciliar o traballo coas responsabilidades familiares, repercuten de maneira desproporcionada nas mulleres (as mulleres que traballan realizan cada semana unha media de 22 horas de traballo non remunerado, cifra que se reduce a 10 horas no caso dos homes, segundo datos de Eurofound 2015), á vez que se desalenta a moitos homes a coller permisos relacionados coa familia ou acollerse a fórmulas de traballo flexible, e se presiona ás mulleres para que abandonen o mercado de traballo ou reduzan as súas horas de traballo. Por ese motivo, en 2018, a Secretaría Xeral da Igualdade promoveu programas de fomento da corresponsabilidade a través dos que se concederon 280 axudas para redución de xornada.

Ademais, a través das actividades de conciliación que se desenvolveron en colaboración coas entidades locais de Galicia resultaron beneficiarias un total de 3.668 persoas (3.315 mulleres e 353 homes).

## PROGRAMA 313B-ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER

A través deste programa de gasto trátase de impulsar o avance efectivo cara unha igualdade real entre mulleres e homes a través da sensibilización da cidadanía, o empoderamento das mulleres e a incorporación do enfoque integrado de xénero nas actuacións da administración autonómica.

Promoveranse actuacións no ámbito rural e no ámbito educativo e desenvólvense actividades de promoción da igualdade en colaboración coas diferentes administracións públicas e as asociacións de mulleres, entidades sen fin de lucro, outras institucións e axentes, así como cos concellos en materias con incidencia sobre o colectivo feminino.

Vaise prestar un especial apoio á promoción do emprego das mulleres, acompañando os programas de fomento de autoemprego e do emprendemento feminino con accións de acompañamento, asesoramento e titorización que axuden a mellorar a taxa de pervivencia das iniciativas emprendedoras. Tamén se promoverá a información das mulleres en todos os eidos, con especial atención a aquelas mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade polo seu entorno persoal, social ou xeográfico.

E a través dos programas de atención especializada, fomentaranse accións dirixidas a determinados colectivos de mulleres: mulleres xestantes e/ou lactantes, mulleres en situación de risco ou en proceso de exclusión social, mulleres en situación de especial protección.

Tamén se van desenvolver actuacións para fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade aos proxectos, programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.

Ademais, compleméntanse estas actuacións directas con accións de sensibilización e información dirixidas a eliminar os estereotipos de xénero que aínda están presentes na sociedade, así como a mudar os roles de xénero, ou actividades formativas específicas para profesionais que traballan no ámbito da promoción da igualdade, docentes, persoal orientador, pais e nais, etc.

Con todas estas actividades preténdese reducir as desigualdades en canto a emprego e protección social, co fin de alcanzar os obxectivos da estratexia Europa 2020, especialmente en tres ámbitos de gran relevancia para a igualdade de xénero: o emprego, a educación e o fomento da inclusión social, contribuíndo así ao potencial de crecemento da poboación activa europea.

Neste programa utilízanse, entre outros, os seguintes indicadores de xénero: Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller (EMEGA), nº actividades de conciliación, participantes que melloraron a súa situación persoal ou laboral a través de medidas de fomento da igualdade, Número de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade, Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento, Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas actuacións, Entidades beneficiadas de axudas para a promoción da igualdade.

A súa recollida e análise posterior permitirán avaliar os resultados, eficiencia e eficacia das medidas que se desenvolven.

A totalidade das actividades previstas dentro deste programa están dirixidas a toda a sociedade pero dependendo da liña de acción pode definirse un perfil destinatario máis concreto. As actuacións que se van levar a cabo son accións propiamente dirixidas a limar situacións de desigualdade e dotar a cidadanía no seu conxunto, e as mulleres en particular, de maiores índices e cotas de igualdade, é dicir, este programa na súa integridade está dirixido a eliminar a brecha aínda existente no ámbito da igualdade e que homes e mulleres teñan os mesmos dereitos e oportunidades. Por este motivo as actuacións previstas neste programa pretenden un cambio estrutural e forman parte dunha estratexia a longo prazo pero con obxectivos anuais a acadar e que a través das diferentes liñas de acción a desenvolver, pretenden contribuír a un cambio de modelo social e a desaparición

das discriminacións por razóns de xénero que aínda existen. Deste xeito cabería esperar, a medio prazo, unha diminución na brecha aínda existente no ámbito da igualdade entre mulleres e homes, tanto nos espazos públicos (participación igualitaria no mercado laboral, nos órganos de decisión, etc) coma nos espazos privados e domésticos.

O programa contén diferentes liñas de acción como son as accións de sensibilización dirixidas a diferentes públicos e coas que se agarda contribuír a un cambio de modelo social que supere as relacións asimétricas de poder e a discriminación das mulleres nos ámbitos nos que aínda perdura. Tamén se agarda que a través das liñas de acción dirixidas ao emprendemento feminino se produza un incremento do emprego feminino por conta propia e allea, e un incremento da conciencia de xénero das mulleres do territorio e capacitación para a busca de emprego. Espérase fortalecer as capacidades e destrezas do persoal de diferentes ámbitos co obxecto de ofrecer á poboación unha atención de carácter integral que teña en conta as diferenzas derivadas do xénero para superar as brechas existentes en cada ámbito concreto dos sinalados na diagnose. En resumo, reducir as fendas de xénero existentes en cada ámbito concreto dos sinalados na diagnose.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

En 2018 financiáronse 72 proxectos de emprendemento feminino, que implicaban un total de 117 postos de traballo por conta propia ou allea. Por primeira vez celebrouse o I Encontro de emprendedoras do Programa Emega, celebrado en Santiago de Compostela o 14 de decembro de 2018. Ademais fíxose unha labor de titorización e asesoramento a dez destes proxectos empresariais.

Ademais, recibiron atención, información ou asesoramento nos centros de información á muller 9.682 mulleres e tramitáronse 70.144 consultas.

Por outra banda, financiáronse 75 proxectos dirixidos a entidades de iniciativa social do programa de atención integral a mulleres en situación de vulnerabilidade (mulleres con diversidade funcional, vítimas de violencia de xénero, con enfermidade mental, mulleres monoparentais, reclusas ou ex-reclusas, con problemas de adicións, etc), sendo 3.174 as mulleres que participaron nestes programas.

No eido do apoio ao movemento asociativo feminino concedéronse axudas a 114 asociacións galegas de mulleres.

Tamén se concederon axudas con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, a un total de 32 Entidades para a realización de programas de carácter social de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero, que foi o primeiro ano que se convocou pola Secretaría Xral da Igualdade. Con estas axudas desenvolvéronse 40 proxectos, xa que 8 entidades levaron axudas para as dúas liñas: igualdade e violencia de xénero.

Desenvolvéronse actividades formativas específicas dirixidas ao profesorado, e en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolveuse o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Mellorouse a formación en igualdade do persoal ao servizo da Xunta de Galicia, a través de distintas actividades formativas que se desenvolveron na EGAP, así como dos e das profesionais que prestan servizos en ámbitos relacionados coa promoción da igualdade.

Elaboráronse materiais informativos e de divulgación e realizáronse un total de 30 accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da igualdade, entre os que se poden citar: 5 convenios de apoio ao movemento asociativo LGTBI, a celebración do XIX Foro galego de Educación en Igualdade, en abril de 2018; titorización e desenvolvemento de cursos sobre a igualdade para o profesorado galego; Premio Mª Josefa Wonenburguer Planells: exposición itinerante coa biografía e datos de interese das 12 mulleres científicas relevantes premiadas ata agora polos centros educativos de Galcia e polos concellos, CIM, entidades,etc; acto de entrega do premio do ano 2018 a Alicia Estévez Toranzo; impresión de folletos ilustrativos das 12 premiadas que se envían aos centros educativos, impresión de novos plotters coas premiadas para facer chegar a exposición a máis público.

Elaborouse unha guía de lecturas infantís e xuvenís para a igualdade que sirve de orientación para o profesorado e alumnado dos centros educativos

E traballouse na diagnose previa para a elaboración do Plan de igualdade da Administración da Xunta de Galicia.

## PROGRAMA 313D-PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Coas medidas que se desenvolven dende este programa de gasto, trátase de previr e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas, con actuacións de carácter integral, desenvolvendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (modificada modificada pola Lei 12/2016, do 26 de xullo), e implantando de xeito progresivo as medidas contidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero competencia da Secretaría xerla da Igualdade; Diríxese a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos e outras persoas dependentes delas, vítimas directas. O programa diríxese tamén á atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente con fins de explotación sexual e tamén á cidadanía en xeral, coa finalidade de remover os estereotipos e os roles sexistas, rachar as desigualdades e crear unha conciencia de rexeitamento social en contra da violencia machista.

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais da muller polo que respecta á dignidade e á igualdade. As consecuencias da violencia contra as

mulleres trascenden ás vítimas directas, posto que afectan tamén ás súas familias, amizades e á sociedade no seu conxunto.

É unha cuestión que esixe unha mirada crítica sobre o xeito no que a sociedade responde a este tipo de violencia e adoptar medidas para previla.

Segundo o informe da IV Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing, as causas que explican a violencia de xénero son:

- A violencia de xénero é un mecanismo social fundamental polo cal as mulleres están nunha posición de subordinación con respecto aos homes.

- A violencia contra as mulleres é unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes, que levaron á dominación masculina e á discriminación contra as mulleres.

- A violencia contra as mulleres ten a súa orixe en pautas culturais que perpetúan a condición inferior que se lles asigna na familia, o traballo e na sociedade.

- Os principais factores determinantes da violencia de xénero son a relación desigual entre homes e mulleres e a existencia da "cultura da violencia" como medio para resolver conflitos.

No ano 2018, Galicia situouse no décimo segundo lugar no elenco de comunidades autónomas por número de asasinatos machistas (2 casos, o 3,9% do total)

No ano 2018, presentáronse en Galicia 6.537 denuncias por violencia de xénero, e no Punto de Coordinación das Ordes de Protección rexistráronse 1.357 ordes de protección, ás se engaden as ditadas en anos anteriores e que continúan en vigor.

Estas cifras indican que, se ben o rexeitamento social da violencia de xénero ten aumentado sobre todo ante os casos máis graves, continúan vixentes moitos dos estereotipos que fan que a violencia de xénero non sexa un caso illado, senón que é consecuencia da discriminación e do desequilibrio de poder entre mulleres e homes e que se inscribe nun marco social e cultural que se sustenta en valores e crenzas que a fan posible. É un tipo de violencia que ten o seu fundamento na desigualdade e en pautas de conduta que é preciso modificar no seo da familia, na escola, no mundo laboral e en toda a sociedade en xeral.

Por esta razón, dende este programa de gasto actúase en vertentes distintas: a prevención, atención, protección e asistencia fronte á violencia de xénero; traballando en ámbitos como o educativo, xa que a educación é fundamental para fomentar unha igualdade real e efectiva a través de mecanismos como a coeducación, a incorporación da educación

en igualdade nos materiais educativos ou a eliminación dos estereotipos de xénero. Ademais, pódese traballar na prevención a través da detección precoz.

No marco deste programa de gasto tamén se levan a cabo os programas integrais de atención a vítimas de trata de seres humanos, fundamentalmente as que o son con fins de explotación sexual.

De cara a 2020, proponse consolidar o compromiso do Goberno galego na prevención e loita contra a violencia de xénero, reflectida no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, reforzando o apoio ás vítimas da violencia machista, garantindo as axudas económicas directas que poden ser solicitadas ao longo de todo o ano e incluíndo tamén como beneficiarias ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual logo da modificación lexislativa operada no ano 2016.

Continuarase a xestionar o programa específico de inserción laboral e co programa para o fomento da contratación das mulleres vítimas de violencia de xénero, en colaboración coas entidades locais, que se basean na súa integración no mercado laboral como elemento clave para conseguir unha recuperación integral .

Destacar tamén o reforzo das oficinas xudiciais de atención ás vítimas da violencia de xénero en Galicia, incluíndo nas ditas oficinas tarefas de apoio e asistencia psicolóxica e social ás vítimas así como a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica e dunha quenda de garda social permanentes para as vítimas da violencia de xénero.

Reforzarase a rede galega de acollemento, impulsando a posta en funcionamento de novos recursos de acollida para mulleres que sofren violencia machista e ademais presentan outras problemáticas engadidas (toxicomanías ou enfermidade mental).

Manterase a liña de axudas económicas (indemnización) aos orfos e orfas da violencia de xénero que carezan de rendas así como ás mulleres gravemente feridas por violencia machista.

É tamén salientable o desenvolvemento por toda Galicia de Campañas de prevención información e sensibilización, dirixidas a mocidade no ámbito deportivo, á infancia a través de accións culturais e de promoción da lingua, á mulleres do rural, ás mulleres maiores etc.

Entendendo que a violencia contra as mulleres vai máis alá da relación de parella ou ex-parella, impulsaranse ademais os programas de prevención da violencia sexual e os programas de atención especializada ás súas vítimas, así como intensificación de campañas contra a violencia sexual e presenza de puntos informativos en festas e e festivais de Galicia.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Consolidación e mellora dos programas de prevención e loita contra a violencia de xénero por un lado, e coa implantación e apertura de novas liñas de traballo tales como a posta en marcha de quenda de garda psicolóxica permanente e especializada, a prevención da violencia sexual e a atención ás súas vítimas, con programas específicos, o impulso do protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, o impulso da mesas locais de coordinación contra a violencia de xénero no ámbito local,

En 2018 3.360 persoas foron usuarias do teléfono de información ás mulleres; Concedéronse 583 axudas económicas directas, a Rede galega de Acollemento atendeu a 157 mulleres e a 132 menores.

O programa de atención psicolóxica atendeu a 562 mulleres, 113 fillos e fillas e 29 persoas dependentes das vítimas (nai, pai etc.).

No programa específico de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero participaron 306 mulleres e 73 delas, o 23,8% , se inseriron laboralmente.

O programa de atención a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual atendeu a 690 mulleres e nenas.

Desenvolvéronse actividades formativas específicas dirixidas ao profesorado, e en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desenvolveuse o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Mellorouse a formación en prevención e detección da violencia de xénero do persoal ao servizo da Xunta de Galicia, a través de distintas actividades formativas que se desenvolveron na EGAP, así como dos e das profesionais que prestan servizos en ámbitos relacionados coa atención ás vítimas

Elaboráronse materiais informativos e de divulgación e leváronse a cabo campañas diversas:

.Contra a trata de seres humanos

.Contra a violencia de xénero

. Contra a violencia sexual e o acoso sexual, con presenza en 20 puntos informativos, en grandes eventos

## PROGRAMA 324B-MELLORA DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais referida ao persoal empregado público da Administra-

ción Xeral da Comunidade Autónoma que non desenvolvan o seu posto de traballo nun centro educativo ou sanitario.

Na loita pola igualdade de xénero, o ámbito laboral xoga un papel determinante e polo tanto tamén as actuacións en materia de seguridade e saúde laboral.

Está demostrado que a adopción dun enfoque neutro coas cuestións de xénero non contribúe a mellorar a eficacia da prevención e pola contra, ten, entre outros, os seguintes efectos negativos:

- Oculta ou ignora as diferenzas de xénero

- Presta menos atención a algúns ámbitos de investigación máis relacionados mulleres

- Subestima a magnitude dos riscos que poden afectar ás mulleres de forma diferencial.

A Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións relativa a un marco estratéxico da UE en materia de saúde e seguridade no traballo 2014-2020 recolle que "as medidas de salud y seguridad en el trabajo pueden contribuir a luchar contra la discriminación y a promover la igualdad de oportunidades en las políticas de la UE, en particular por medio de la aplicación adecuada de la Directiva 2000/78/CE40, que aborda la protección de la salud y la seguridad en el trabajo de las personas con discapacidad, y de la Directiva 2006/54/CE41, que prohíbe el trato desfavorable de las mujeres en el lugar de trabajo por motivos de embarazo o maternidad".

No apartado da memoria relativo a este programa de gasto, indícase que se trata dun programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres e que, polo tanto, aínda que a súa finalidade é vixiar o cumprimento das condicións de seguridade e saúde laboral do persoal empregado público, debe de terse en conta a perspectiva de xénero á hora de realizar as súas actividades.

Deste xeito, os estudos de seguridade e saúde laboral nalgunha das súas conclusión son específicos para colectivos femininos, tales como: embarazadas, parto recente, nais en lactación natural ou a vixilancia da saúde de xeito diferenciado por razón de sexo.

Ademais disto, para o desenvolvemento das actividades que se financian con este programa de gasto aplícase fundamentalmente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), polo que debe velarse porque se cumpra o establecido no artigo 71.1.b) do indicado texto, en canto ás prohibicións de contratar e que establece "Haber sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional ...".

Tamén se inclúe en todos os pregos como criterio de desempate a acreditación da implantación dun plan de igualdade ou a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 67 e 75 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e nos artigos 11 e 22 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

No ano 2018 realizáronse os seguintes recoñecementos médicos específicos desagregados por sexos:

- Recoñecementos xinecolóxicos: 4.593

- Proba do PSA: 1.482

## PROGRAMA 331A-COOPERACIÓN EXTERIOR E PARA O DESENVOLVEMENTO

No marco deste programa de gasto encádranse a política da Xunta de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria coa que se trata de contribuír á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e promovendo o desenvolvemento nos países do sur. Para iso cóntase co IV Plan Director 2018-2021, que recolle como unha das súas áreas estratéxicos (AE3) o de impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia, ademais de incluír de xeito transversal o principio de igualdade nalgunhas das outras áreas estratéxicas: por exemplo na AE1 indícase que se promoverá actuacións no ámbito da educación que "promovan os procesos de educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global e as actividades culturais alternativas no eido do respecto da diversidade, o desenvolvemento das capacidades creativas e críticas, a promoción da igualdade de xénero e unha cultura de paz".

Este plan director tamén inclúe a equidade de xénero como unha das súas 7 prioridades transversais, indicando que se vai incorporar de forma sistemática a perspectiva de xénero en todas as actuacións e instrumentos da cooperación galega "para a promoción dunha cultura de igualdade e o cumprimento dos dereitos políticos, económicos, laborais, sociais e culturais das mulleres e nenas, así como dos seus dereitos sexuais e reprodutivos"

E que para iso, débense abordar as causas estruturais e analizar as relacións de poder entre homes e mulleres e os procesos sociais que dan lugar ás desigualdades de xénero, deseñar medidas para palialas, e construír a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Ademais, será crucial integrar diagnósticos de xénero na identificación das intervencións e a necesidade de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos, fortalecer as alianzas e o apoio a institucións e organizacións que promovan a cultura de igualdade, o empoderamento de mulleres e nenas e o enfoque integral de masculinidades, así como a eliminación de todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres.

Ao abeiro do que se establece no plan director, os axentes de cooperación deberán respectar a lexislación laboral vixente tanto nos países socios como en Galicia promovendo a calidade na contratación, o traballo decente e a igualdade de xénero e de oportunidades.

Por iso, nas bases das convocatorias de axuda que se financian dentro deste programa de gasto, establécense requisitos e criterios de valoración específicos para garantir que, tanto as entidades solicitantes como os proxectos subvencionados, conten cun bo tratamento e impacto de xénero.

E tamén se valora que as entidades conten cunha estratexia de xénero e persoal formado nesta materia, que o proxecto se deseñe tendo en conta as necesidades diferentes de mulleres e homes, a existencia dun orzamento con perspectiva de xénero e, nalgúns casos, que se potencie o empoderamento das mulleres para a súa participación na toma de decisións.

Estes mesmos criterios de valoración aplícanse tamén no caso dos convenios de colaboración e, cando se contratan servizos externos, requírese das persoas contratadas formación específica en materia de xénero.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar. As actuacións que se desenvolven neste programa considérase que *teñen un impacto directo na promoción da igualdade,* e cuxa finalidade consiste na consecución dunha igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos, e en poñer en marcha medidas activas de conciliación da vida familiar, persoal e laboral, e de fomento da corresponsabilidade.

Obsérvase que a maioría das persoas que participan nestas actuacións tanto no ámbito da promoción da igualdade como na prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, son mulleres.

*Cadro 2.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social**

PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

**E03 - Mellorar a conciliación da vida familiar e laboral e promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes para contribuír a acadar o principio de igualdade por razón de xénero en todos os ámbitos e á revitalización demográfica**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P00151 | Número de actividades de conciliación. | 218,0 | Nº |
| SE03.H | Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora dasúa situación no ámbito laboral. Homes | 2.025,0 | Nº |
| SE03.M | Participantes que reciben actuacións destinadas á mellora dasúa situación no ámbito laboral. Mulleres | 2.550,0 | Nº |

**I01 - Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria galega.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P394.H | Bolseiros (homes) | 1,0 | Nº |
| P394.M | Bolseiros (mulleres) | 5,0 | Nº |
| P342.H | Persoas beneficiadas (homes) | 10.040,0 | Nº |
| P342.M | Persoas beneficiadas (mulleres) | 12.050,0 | Nº |

PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero

**E03 - Impulsar a igualdade de oportunidades por razón de xénero, a inclusión e mellora social, o acceso á actividade e ao emprego das mulleres**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P00468 | Mulleres beneficiarias do programa de autoemprego da muller(EMEGA) | 155,0 | Nº |
| SOEE01 | Mulleres pertencentes a colectivos máis vulnerables que participan nas | 3.050,0 | Nº |
| P00181 | Mulleres que recibiron información, atención ou asesoramento | 10.250,0 | Nº |
| P00147 | Número de accións de formación e sensibilización no ámbito de promoción da | 33,0 | Nº |
| SC05.M | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres | 3.220,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 3.719,0 | Nº |
| SC03.M | Persoas inactivas (Mulleres) | 6.518,0 | Nº |

**E05 - Reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte e esta lacra, en calquera das súas modalidades e consecuencias**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P00467 | Chamadas ao teléfono atención violencia xénero | 3.500,0 | Nº |
| P117.H | Menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes | 80,0 | Nº |
| P117.M | Menores atendidos en centros de acollida nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres | 70,0 | Nº |
| P110.H | Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes | 837,0 | Nº |
| P110.M | Menores atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres | 785,0 | Nº |
| P116.H | Menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Homes | 150,0 | Nº |
| P116.M | Menores en atención psicolóxica atendidos nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia de xénero. Mulleres | 150,0 | Nº |
| P00115 | Mulleres atendidas nos programas de protección e apoio a vítimas da violencia | 1.527,0 | Nº |
| P00463 | Mulleres en atención psicolóxica nos programas de protecciónе apoio a vítimas da violencia de xénero | 850,0 | Nº |
| P00465 | Mulleres vítimas de trata ou explotación sexual | 690,0 | Nº |
| P00466 | Mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas en centrosde acollida | 170,0 | Nº |
| P00464 | Mulleres vítimas de violencia de xénero en programas de inserción laboral | 180,0 | Nº |
| P00148 | Número de accións de información, formación, sensibilizaciónen materia de violencia de xénero. | 750,0 | Nº |
| SC05.M | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres | 60,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 414,0 | Nº |
| SC03.H | Persoas inactivas (Homes) | 6,0 | Nº |
| SC03.M | Persoas inactivas (Mulleres) | 390,0 | Nº |
| SC15.H | Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Homes | 6,0 | Nº |
| SC15.M | Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Mulleres | 576,0 | Nº |

Fonte: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza

**Conclusións:**

Hai que ter en conta que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza integra dentro da súa estrutura á Secretaría Xeral da Igualdade, polo que moitos dos seus programas de gasto teñen de por si un impacto directo e importante sobre a igualdade entre mulleres e homes.

Ademais disto, hai que salientar que nas actuacións do departamento se integra a perspectiva de xénero de xeito transversal e que se presta orientación, formación e asesoramento ao resto de departamentos da Xunta de Galicia.

Tamén terán un gran impacto na mellora da loita e prevención da violencia de xénero as actividades formativas que se levan a cabo, neste ámbito, para o persoal de xustiza, dos corpos e forzas de seguridade e do persoal de protección civil, así como para outros colectivos profesionais (docentes, persoal dos servizos sociais e dos CIM, etc.).

Valórase o impulso aos proxectos de conciliación e corresponsabilidade, tanto no ámbito local como en colaboración con entidades sen fins de lucro ou dirixidos directamente aos pais traballadores e ás mulleres que encabezan unha familia monoparental, toda vez que as dificultades de conciliación no ámbito laboral e familiar seguen afectando en maior grao ás mulleres, e son moitas as que se ven obrigadas a renunciar a proxectos persoais e laborais; sendo unha das principais barreiras que impiden lograr a plena igualdade.

Igualmente importante son os programas de autoemprego e emprendemento femininos que contribúen dun xeito inequívoco á participación das mulleres no mundo laboral, a colaboración coas entidades que desenvolven actuacións dirixidas ao colectivo LGTBI, ou aqueloutras que realizan programas específicos dirixidos a colectivos de mulleres en situación de especial vulnerabilidade por sufrir unha múltiple discriminación, unindo ao sexo a discapacidade, adicións, reclusas ou ex-reclusas, enfermidades mentais, etc.

Ademais, son fundamentais todas as actuacións que se van levar a cabo para facilitar ás vítimas de violencia de xénero ou ás vítimas de trata con fins de explotación sexual, unha atención integral que inclúe dende prestacións económicas, ata programas de inserción laboral e fomento da contratación ou a atención psicolóxica especializada. Todo isto acompañado de actuacións de sensibilización e información que contribuirán a implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero.

Valórase positivamente o reforzo da rede de acollemento con recursos especializados para aquelas vítimas de violencia de xénero que ademais presentan outras problemáticas engadidas (toxicomanías ou enfermidade mental), así como a liña de axudas económicas (indemnización) para orfos e orfas da violencia de xénero que carezan de rendas, así como a posta en marcha dunha quenda de garda psicolóxica e unha quenda de garda social permanentes para as vítimas da violencia de xénero, o que lles permitirá dispor dende o primeiro momento da denuncia dos recursos de apoio necesarios.

Tamén é positivo que se desenvolvan programas para mulleres en situación de especial vulnerabilidade, dende o ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

## IV.3. CONSELLERÍA DE FACENDA

Segundo se establece no Decreto 30/2017, do 30 de marzo, a Consellería de Facenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a que corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e de función pública, de conformidade coa lexislación vixente.

Polo seu carácter, moitos dos seus programas de gasto non inclúen accións que poidan ter repercusión directa ou indirecta sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes polo que se van analizar os programas de gasto que se refiren á función pública, estatística e planificación e coordinación económica.

### PROGRAMA 124A-DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA

Dende este programa de gasto desenvólvense todas as actividades relacionadas coa planificación e ordenación dos recursos humanos da administración (procesos selectivos e de provisión do persoal, resolución das situacións administrativas, expedientes de incompatibilidades, rexistro central do persoal e rexistro de altos cargos, etc.).

O principal obxectivo que se marca o departamento en relación con este programa orzamentario, dende o punto de vista da perspectiva de xénero, é o de avanzar na consecución dunha administración autonómica máis igualitaria.

Hai que ter en conta que, en xeral, as administracións públicas son organizacións cun elevado nivel de representación de mulleres na composición dos seus efectivos.

Segundo os datos do IGE, en xaneiro de 2019 o persoal da administración autonómica ascendía a 87.315 persoas, das que 62.161 eran mulleres, o que supón o 71,19% do total.

Por áreas, nas consellerías e os seus organismos autónomos, as mulleres representaban o 57,16%, nas institucións sanitarias representaban o 79,87% do persoal sanitario e o 62,62% do persoal non sanitario. Na docencia non universitaria, as mulleres eran o 70,78% do persoal docente e o 80,11% do persoal non docente. Por último, as mulleres representaban o 71,18% do persoal da administración de xustiza.

Aínda que a presenza da muller no emprego público é maioritaria e isto debe ser entendido como un factor de normalización, tamén deben ser tidas en conta unha serie de consideracións que matizan este feito, así, débese reflexionar sobre en que medida esta situación é sintomática dunha peor integración da muller no mercado de traballo por

conta allea ou autónomo que a incentiva máis a opositar, en que medida é consecuencia dos problemas de conciliación no ámbito privado que de igual xeito fan máis preferible esta vía, as diferenzas por sexos nos postos básicos e directivos ou a segregación por tipo de profesións dentro do propio emprego público.

Tamén se debe considerar que, aínda que os procesos selectivos no emprego público están rexidos polos principios de igualdade, mérito e capacidade, continúan a existir desequilibrios na composición de determinados corpos e escalas que poden deberse a razóns socioculturais que manteñen estereotipos de xénero. E no caso da carreira profesional, pode observarse un maior desequilibrio naquelas formas de provisión nas que existe maior nivel de discrecionalidade.

Os principais indicadores que se poden utilizar para facer unha análise da situación actual da administración da Xunta de Galicia aplicando a perspectiva de xénero son: porcentaxe de mulleres e homes que son persoal ao servizo da Administración pública autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan postos directivos na administración, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan altos cargos na administración autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que participan nos procesos selectivos e porcentaxe diferenciado de mulleres e homes que superan os ditos procesos e polo tanto acceden a un emprego público.

No caso do acceso á función pública, a desagregación deses datos por sectores de actividade, corpos, escalas ou categorías de acceso, permitiría detectar aqueles sectores onde o grao de paridade no acceso sexa menor.

Para obter esta información que permita facer este análise dende o punto de vista do xénero, a propia Administración dispón do Rexistro de Persoal, dos Rexistros de altos cargos, do futuro Rexistro do persoal directivo así como da información de xestión dos procesos selectivos.

A Administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

Por iso en 2020 vaise continuar avanzando na implantación de medidas que favorezan a mellora da acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica e con efecto exemplar na sociedade e así fomentarase a flexibilidade horaria no desenvolvemento da xornada de traballo e o teletraballo co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral e a corresponsabilidade.

Salientar que segundo datos a 31 de xullo de 2018, estanse a beneficiar da flexibilidade horaria un total de 10.694 persoas e delas 1.360 baixo o réxime de conciliación familiar (é dicir que teñen fillos/as menores de 12 anos ou algunha persoa dependente).

Das persoas que desfrutan a flexibilidade automática, o 64,18% son mulleres, mentres que no caso da flexibilidade por conciliación esta porcentaxe increméntase ata o 71,02%.

No eido do teletraballo, en xullo de 2018 prestaban servizos baixo esta modalidade de traballo non presencial 296 persoas, e as mulleres representan o 50,47% desta cifra.

No terreo do acceso e promoción profesional, manterase a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valoraranse os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público.

Ademais, difundiranse os datos sobre a presenza de mulleres e de homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público.

## PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Este programa inclúe as actividades do Instituto Galego de Estatística (IGE) e das consellerías, a través dos seus órganos estatísticos sectoriais (OES), encadradas nos programas estatísticos anuais (PEA), que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2017-2021)

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns, axeitándose aos criterios de economía e uso das fontes existentes, minimizando as molestias á cidadanía e garantindo o segredo estatístico.

O artigo 9 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece que "A totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares. Da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".

Cumprindo este mandato, a Lei 15/2016, do 28 de xullo, do PGE 2017-2021, recolle que as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero, polo que as incluídas no PEA 2019 que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

Tamén entre os obxectivos de calidade que se pretenden conseguir nas accións desenvolvidas no marco deste programa de gasto están o de reforzar a transparencia e a accesibilidade das estatísticas, así como a consideración da perspectiva de xénero.

En 2020 actualizaranse e daráselles difusión a varias publicacións directamente relacionadas coa temática da igualdade: un estudo sobre indicadores de xénero, datos sobre a realidade da muller galega e datos sobre violencia de xénero.

Tamén se van a continuar os traballos iniciados en 2019 en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, para dar cumprimento ás previsións recollidas no Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, dentro do obxectivo específico 1.2. Impulsar a xeración e a transferencia de coñecemento en materia de corresponsabilidade e conciliación, para desenvolver, consolidar e ampliar as operacións estatísticas oficiais en materia de conciliación, coidado de menores e atención á dependencia a través dos módulos específicos da Enquisa Estrutural a fogares; así como a de crear un sistema de indicadores en torno á economía do tempo, que permita valorar cuantitativa e cualitativamente os tempos dedicados ao traballo remunerado, á familia e á esfera persoal, a partir da explotación estatística da Enquisa de emprego do tempo e dunha conta satélite de produción doméstica.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

O Informe de seguimento do PEA 2018, aprobado polo Consello Galego de Estatística e remitido ao Parlamento, contempla os resultados das actividades directamente relacionadas coa perspectiva de xénero:

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".

Execución: 100%

2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".

Execución: 100%

3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero"

Execución: 100%

Con respecto ao obxectivo xeral de considerar a perspectiva de xénero en todas as estatísticas que prevexan datos sobre persoas físicas, o Informe de avaliación do PGE 2012-2016 inclúe un anexo específico e indicadores de cobertura de cada actuación programada. A estimación media é que se cumpre no 81% das operacións e no 65% das variables difundidas e potencialmente desagregables por sexo.

## PROGRAMA 611A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA

O programa 611A de Dirección e Servizos Xerais de Facenda indica na súa descrición que a súa finalidade é a de atender e xestionar os gastos dos servizos centrais da Consellería de Facenda, coordinando os servizos centrais, tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa. E que se atenden a través deste programa, os gastos de funcionamento do CIXTEC e do CES.

Aínda que a consellería cualifica este programa de gasto como de mera actividade administrativa e de xestión, sen repercusión en cuestións de xénero, cabe salientar respecto ao CES, que segundo a Lei 6/1995, do 28 de xuño pola que se crea ese órgano, configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes sociais e a Xunta de Galicia e que, entre as súas funcións, o artigo 5 destaca a elaboración de ditames, informes ou estudos.

Entre eles destaca a elaboración anualmente dun estudo global sobre a situación socioeconómica da comunidade autónoma, na que se abordan temas como a evolución demográfica, a situación do mercado de traballo, a saúde, a pobreza e a cohesión social ou a cobertura social, que son temáticas nas que indubidablemente é necesario incorporar e ter en conta a perspectiva de xénero.

Con respecto ao CIXTEC, na memoria deste programa de gasto indícase que entre as principais operacións que se espera realizar en 2020 está a de impulsar as actuacións e funcionalidades relacionadas cos sistemas de información da contratación publica que permitan incrementar a eficiencia do gasto público e facilitar, en particular, que o os poderes públicos empreguen a contratación en apoio de obxectivos sociais comúns, de acordo co previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Ademais de incrementar o uso das tecnoloxías da información nas relacións entre a cidadanía e a administración pública mellorando os procedementos telemáticos para facilitar a información dunha forma personalizada, flexible e transparente.

Resulta tamén evidente que calquera actuación que teña por obxecto facilitar que as persoas se relacionen de xeito non presencial coa administración vai ter un impacto positivo dende o punto de vista do xénero, xa que contribuirá a facilitar a conciliación da vida persoal e familiar. Por outra banda, todas aquelas accións que faciliten que dende as administracións públicas se faga un uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de igualdade ou conciliación e corresponsabilidade nas empresas, terán tamén impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

## PROGRAMA 612A-PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA

A finalidade das actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto é a de incrementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de coordinación de axudas públicas e da programación, xestión e seguimento dos programas europeos da política rexional comunitaria.

Tamén se pretende deseñar un marco orzamentario que dea soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da comunidade autónoma e garanta a sustentabilidade das finanzas públicas. Por outra parte búscase realizar un seguimento da execución dos orzamentos da Comunidade Autónoma consonte a lei aprobada polo Parlamento e os obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, este programa orzamentario presenta unha tipoloxía de actividades de carácter "indirecto", é dicir, que non inflúen directamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades.

Non obstante, hai que sinalar que dende a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda impulsáronse, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, as accións para procurar a integración da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

E No ámbito do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 realízase o seguimento e avaliación do principio horizontal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e do obxectivo estratéxico correspondente.

Ademais, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos desenvolve diversas actuacións en relación da promoción da igualdade, que presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais e, en calidade de organismo intermedio leva a cabo a tarefa de coordinación e impulso da promoción da igualdade en todas as fases dos programas operativos de Galicia.

Por outra banda, nos procedementos de contratación que se realizan dentro deste programa de gasto, aplícanse medidas de "discriminación positiva" para as empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, en caso de empate. Concretamente:

Nas cláusulas administrativas e na folla de especificacións de prescricións técnicas dos procedementos de contratación especifícase que, no caso de persistir empate de proposicións , logo de aplicar o reconto de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite a implantación dun plan de igualdade segundo o artigo 11 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Ademais, de continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 22 do Decreto 33/2009.

## PROGRAMA 621A-ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA E DE CONTROL

A consellería cualifica este programa de gasto como de mera actividade administrativa e de xestión, sen repercusión en cuestións de xénero, e na memoria indícase que o obxectivo das actividades que a través del se financian é a planificación, control e xestión do programa de endebedamento da Comunidade Autónoma, a correcta xestión dos tributos propios e cedidos, a xestión do patrimonio da comunidade autónoma e o control da actividade económica- financeira, desenvolvendo procedementos que redunden na eficacia e na eficiencia na recadación dos ingresos públicos.

No caso deste programa de gasto, a relación das actividades que se pretende desenvolver co xénero pode non ser tan directa e evidente, sen embargo debería analizarse o impacto diferencial que poden ter sobre mulleres e homes os distintos tributos e impostos xestionados pola Comunidade Autónoma, así como as dedución fiscais que se establecen no tramo autonómico do imposto do IRPF.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar nos que se comproba que a presenza de mulleres é maioritaria.

*Cadro 3.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade**

PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

**I03 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P421.H | Persoas contratadas pola AT (homes) | 4,0 | Nº |
| P421.M | Persoas contratadas pola AT (mulleres) | 10,0 | Nº |
| DE040H | Persoas-ano participando en labores de Xestión do Fondo FEDER 2014-2020, cuxo salario é cofinanciado co Fondo FEDER (Homes) | 4,0 | Persoas/ano |
| DE040M | Persoas-ano participando en labores de Xestión do Fondo FEDER 2014-2020, cuxo salario é cofinanciado co Fondo FEDER (Mulleres) | 15,0 | Persoas/ano |

Fonte: Consellería de Facenda

### Conclusións:

Valórase positivamente que se impulsen e consoliden as actuacións de fomento da conciliación e da corresponsabilidade no ámbito da administración pública, a través de fórmulas como a flexibilidade da xornada laboral ou o teletraballo.

Que se avance na integración da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma así como na execución das actuacións financiadas con fondos europeos

E que se trate de incluír e considerar a perspectiva de xénero de xeito transversal nas actuacións do departamento.

Pese a todo iso, existe marxe de mellora para tratar de considerar e incorporar a perspectiva de xénero nas actividades que se desenvolven nalgúns dos programas de gasto considerados meros programas de actividades administrativas e de xestión.

## IV.4. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

A Consellería de Medio Ambiente e Vivenda é o órgano de Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, conservación da natureza, ordenación do territorio, urbanismo e vivenda.

Pola tipoloxía e características das actuacións que se desenvolven, hai moitos programas de gasto que se cualificaron por parte da consellería como non pertinentes respecto ao xénero.

### PROGRAMA 451B-ACCESO Á VIVENDA

Aínda que na memoria se cualifica este programa de gasto como destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión e, polo tanto, non se considera que teña repercusión dende o punto de vista do xénero, non se pode perder de vista que na propia memoria se indica que a necesidade que trata de atender consiste basicamente en facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de alugueiro, para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas, indicando tamén que se trata de dinamizar o mercado de vivenda en alugueiro, con axudas dirixidas especialmente aos sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Ademais, tamén se pretenden desenvolver medidas para evitar e paliar os desafiuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda.

Outra das medidas refírese á implantación do programa de vivendas baleiras para alugueiro social. No marco da Estratexia de Inclusión Social (EIS Galicia 2014-2020) de conformidade cos concellos representados pola Fegamp se puxo en marcha este programa, para dispor dun maior número de vivendas destinadas a cubrir as necesidades sociais nesta materia.

Tendo en conta que as mulleres representan a maior porcentaxe dentro do colectivo de persoas en risco de exclusión, situación que se pode ver agravada pola concorrencia doutras circunstancias, como pode ser a condición de vítimas de violencia de xénero, ou o caso das familias monoparentais (case sempre encabezadas por unha muller), está claro que as competencias que se desenvolven a través deste programa de gasto deberían considerarse estratéxicas dende o punto de vista da igualdade de xénero.

De feito, no ano 2019, o IGVS está a desenvolver, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, unha das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que consiste en asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as vítimas de violencia de xénero, e para elo convocouse unha liña de axudas específicas do bono de alugueiro social para as vítimas de violencia de xénero.

## PROGRAMA 521A-URBANISMO

A consideración do xénero no ámbito urbanístico ten como obxectivo a creación de espazos e dunha ordenación urbana que resultan axeitados para facer máis confortable o traballo, as labores de coidado e a vida cotiá. O urbanismo con perspectiva de xénero non é un urbanismo exclusivo das mulleres senón que ten en conta todas as etapas da vida, dende a infancia ata a vellez.

A Axenda Urbana da UE adopta a dimensión de xénero para introducila no desenvolvemento urbano, tanto a nivel nacional e rexional como nas propias cidades. No Pacto de Amsterdam, asinado o 30 de maio de 2016, entre as cuestións transversais dos temas prioritarios seleccionados para a Axenda urbana da UE está a do "Impacto sobre o cambio social, incluído o cambio de comportamento, promovendo, entre outras cousas, igual acceso á información, igualdade de xénero e empoderamento das mulleres"

E o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020, no eixe de Desenvolvemento Urbano Integrado e Sostible precisa que "apoiará proxectos urbanos integrados que podan actuar transversalmente, entre outros, sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes".

O programa 521A figura clasificado como programa con actividades non dirixidas específicamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.).

Entre as actuacións que se financian dentro deste programa de gasto, destacan as que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer a disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos.

Segundo se recolle na memoria, trátase de desenvolver as actuacións necesarias para converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade e polo tanto nun axente activo de desenvolvemento económico e de cohesión social, e conseguir, mediante as oportunas intervencións de regulamentación sobre os usos do solo e accións de construción de edificacións, unha maior calidade de vida para a cidadanía.

Hai que ter en conta que, tradicionalmente, a planificación urbana da cidade e o modelo de crecemento priorizaron facilitar as tarefas produtivas e as actividades económicas, fronte ás tarefas reprodutivas e de coidado.

A modo de exemplo, a incompatibilidade e a distancia entre a vivenda, o emprego e as actividades cotiás urbanas ten como consecuencia un importante consumo dos recursos de tempo y diñeiro, dificultando as tarefas reprodutivas e de coidado, que levan a cabo nun porcentaxe moi importante as mulleres. Polo tanto, son elas as que sofren en maior medida esta problemática do modelo de cidade que supón un máis dos obstáculos para que as mulleres logren a súa autonomía e desfruten do seu dereito á cidade en igualdade de condicións.

Por iso, valórase especialmente que na memoria deste programa de gasto se indique que con moitas das actuacións que se prevé realizar vaise contribuír ao cumprimento dun dos obxectivos do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 "Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade", concretamente, identfícanse as seguintes medidas :

• Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas):

-Indicador estimado (número de actuacións): 10

• Instrumentos de planeamento de desenvolvemento

-Indicador estimado (número de plans en tramitación ): 215

• Humanización de espazos con perspectiva de xénero e de conciliación

-Indicador estimado (número de actuacións ): 69

## PROGRAMA 541B-CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL E BIODIVERSIDADE

O obxectivo deste programa de gasto é contribuír á conservación do medio, do patrimonio natural e da biodiversidade dunha forma compatible co desenvolvemento das actividades humanas.

Contempla tamén as necesidades relativas á aplicación de políticas preventivas, funcións de policía e vixilancia, control e prevención de impactos no medio natural e tamén promove o ordenado aproveitamento das especies da fauna cinexética e piscícola nas augas continentais, asegurando unha xestión sostible.

A conservación e preservación do patrimonio natural e a biodiversidade é, na mesma medida, un asunto social e un problema ambiental e o éxito da conservación sustentable

depende principalmente do uso que os diferentes grupos de persoas lle dean aos recursos biolóxicos. Considérase que as mulleres teñen un papel clave na xestión da biodiversidade xa que teñen un papel crucial en campos como o da xestión da agricultura e son as responsables do control, desenvolvemento e transmisión do coñecemento tradicional, moi ligado á conservación da biodiversidade. Dado que as mulleres representan polo menos a metade das persoas que utilizan dalgún xeito os recursos biolóxicos, considérase primordial a súa implicación na conservación e a sustentabilidade destes recursos.

Por iso, dende a consellería consideran as estratexias de conservación da biodiversidade como unha oportunidade para promover a igualdade e a equidade entre homes e mulleres. Coas políticas desenvolvidas neste ámbito trátase de introducir novas actividades ou cambiar prácticas existentes. Tales cambios poden estar relacionados co uso da terra, agricultura, silvicultura, gandería, zonas pesqueiras e xestión dos recursos hídricos, entre outras actividades, nas que mulleres e homes levan a cabo participacións distintas, tendo acceso desigual a estes recursos e beneficiándose do seu uso de xeito diferente.

No marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, dende a consellería promoverase que calquera iniciativa nesta materia garanta que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes.

Na memoria tamén se recolle que en 2020 prevese a realización de dúas xornadas divulgativas con relevancia en cuestións de xénero:

- Xornada: O plan de igualdade nas reservas da biosfera

- Xornada: As mulleres relevantes no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Así como unha exposición no marco do convenio subscrito co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia , como centro de referencia en materia de educación ambiental en Galicia que leva por título "Ilustradoras da Natureza".

Tamén se indica que, para contribuír ao cumprimento dun dos obxectivos incluídos no Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2020, vaise facer un uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas. O número de contratos que se estiman podan incorporar as ditas cláusulas é de 4 e o importe estimado destes contratos supera os cincocentos mil euros.

## PROGRAMA 541D-CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

Con cargo ao programa 541D executaranse actuacións necesarias para acadar os obxectivos do Plan de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) sobre redución da produ-

ción de residuos industriais e mellora da súa xestión, mediante a implementación das medidas previstas nos programas específicos para cada un dos fluxos de residuos industriais, nos programas específicos de xestión do PRIGA.

Tamén se encadran nel todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de control ambiental, ámbito no cal se buscará o obxectivo xeral de previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, mellorando a avaliación ambiental e apoiando ás empresas nas tomas de decisións en relación coa minimización dos seus impactos.

Tamén se xestiona o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 (PXRUG) tratando de crear un novo escenario máis sustentable e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola normativa, facendo especial fincapé na prevención e na valorización dos residuos.

Para entender as relacións que establecen mulleres e homes coa natureza, débese analizar o acceso, uso e control dos recursos e os beneficios que se derivan deles e necesítase que os obxectivos que se asocian ao uso e o manexo dos recursos mediambientais tomen en conta as relacións de poder e as relacións de xénero que diferencian a homes e mulleres; por iso, o análise dos procesos de degradación ambiental ten que visualizar e incorporar o impacto que as mulleres e os homes producen no medio ambiente, e promover que las decisións e a elaboración de políticas públicas non queden exentas da incorporación da perspectiva de xénero

Deste xeito na parte deste Programa enfocada á xestión de residuos é de vital importancia ter en conta, por exemplo, que no ámbito dos residuos sólidos urbanos a relación de xénero entre mulleres e homes é desigual tanto no ámbito doméstico, no emprego, como na área de xestión. Así:

- No doméstico as mulleres se encargan en maior medida que os homes da separación, almacenamento e recolección dos residuos.

- No ámbito da xestión, en xeral, son os homes os que lideran e ocupan os postos de traballo deste sector, especialmente a nivel de xefatura.

- Esta desigualdade tamén se estende ao ámbito directivo tanto no sector público como privado, xa que a maioría dos cargos están ocupados por varóns.

Polo tanto, para garantir o éxito das iniciativas que se pretenda desenvolver neste ámbito resulta fundamental considerar a participación das mulleres nos cambios progresivos nos hábitos de consumo e nos procesos de reutilización e reciclaxe de todo tipo de residuos, na posta en marcha dos proxectos de compostaxe e máis concretamente nos de autocompostaxe. Pero dita participación non pode ser entendida como unha función exclusiva das mulleres, senón que as mulleres son o elemento clave e propulsor da sensibilización, formación e concienciación de todos aqueles que no seu entorno, por

descoñecemento ou por abandono non colaboran na promoción dun uso máis eficaz dos recursos nunha economía circular.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

En todos os contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2018, incluíse como cláusula de desempate a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co disposto no artigo 75 c) do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido ds disposicións legais das Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

E nos contratos que se tramiten con cargo ao programa durante o 2020, incluirase como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario.

## PROGRAMA 541E-COÑECEMENTO DO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE

Este programa de gasto da cobertura, principalmente a dúas necesidades fundamentais.

Por unha banda, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o obxectivo do programa consiste fundamentalmente na protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, no estudo e análise do territorio e na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais, así como na promoción da cultura da sustentabilidade territorial, fomentando a sensibilidade da cidadanía sobre o medio ambiente, o territorio e a paisaxe.

Por outra banda, dende a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, o programa atende ás necesidades derivadas dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e da loita contra o cambio climático e da adaptación ao mesmo.

Tal e como se recolle na memoria deste programa, calquera política a facer no eido do cambio climático debe partir dun recoñecemento claro da igualdade de xénero, dado que tal e como recolle a Resolución do Parlamento Europeo, de 11 de setembro de 2012, sobre o papel das mulleres na economía verde (2012/2035 (INI)), "as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación das persoas, e que a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental". Ademais, "nalgúns Estados membros o papel da muller na economía ecolóxica está infravalorado e non está recoñecido, dando orixe a

numerosas discriminacións en termos de falta de beneficios, como a protección social, o seguro sanitario, os salarios adecuados e o dereito á pensión".

E as mulleres teñen coñecementos inestimables para actuar como líderes na transición a unha economía baixa en carbono e implementar maneiras innovadoras de adaptarse a un ambiente inestable.

Deste xeito nas actuacións deste programa de gasto enfocadas ao cambio climático debe terse claro que a igualdade de xénero é un compoñente principal do desenvolvemento sostible e que a participación activa tanto de homes como de mulleres nos procesos de decisión, planificación e implementación resulta clave nas actividades de adaptación e mitigación.

Respecto das actuacións concretas que se poden valorar dende o punto de vista do xénero, salientar que en todos os servizos que contrate o Instituto de Estudos do Territorio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares establecerase que, no caso de empate (igualdade na valoración das proposicións) terá preferencia na adxudicación a empresa que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade o equivalente. De continuar o empate, a adxudicación efectuarase ao licitador que acredite a obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do referido Decreto lexislativo 2/2015, e se aínda continuara o empate, a preferencia na adxudicación será da empresa que establecese a favor dos seus traballadores e traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

En todos os contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2018, incluíse como cláusula de desempate a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

E nos contratos que se tramiten con cargo ao programa durante o 2020, incluirase como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario.

**Conclusións:**

**A incorporación da muller na formulación, planificación e execución de políticas ambientais segue a ser lenta.**

**Por iso, aínda recoñecendo que existe marxe para a mellora, cómpre valorar de xeito positivo a consideración xeneralizada da perspectiva de xénero e a valorización do papel das mulleres nun ámbito que, a priori, pode parecer desvinculado da temática da igualdade de xénero, recoñecendo que a muller ten unha función fundamental que desempeñar na preservación dos recursos naturais e na promoción do desenvolvemento sostible, xa que desempeña un papel clave na adopción de modalidades de produción e consumo sostibles e ecoloxicamente racionais.**

## IV.5. CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Na memoria presentada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, non se sinala ningún dos seus programas de gasto como relevante dende o punto de vista do xénero, polo que non se pode facer ningunha avaliación relativa a este aspecto.

Aínda así, cómpre volver a recordar que se podería introducir de xeito transversal a perspectiva de xénero en moitas das actividades que se desenvolven nos diferentes ámbitos de actuación da consellería, ben sexa introducindo criterios sociais nos procedementos de contratación, utilizando nas distintas actividades de difusión e comunicación unha linguaxe inclusiva e/ou imaxes que non contribúan a manter os estereotipos de xénero, fomentando o uso de datos desagregados por sexo nos estudos, informes ou estatísticas publicados, ou ben deseñando accións con repercusión máis directa na igualdade entre mulleres e homes a través de programas de gasto como o de acceso á vivenda ou mobilidade.

Tal e como se recolle na memoria da Consellería, polo que respecta ao programa 423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza, a finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte. Neste caso concreto fálase do servizo de transporte público gratuíto a escolares con dereito ao mesmo, no ámbito territorial da comunidade autónoma. Resulta evidente que este tipo de servizos contribúe á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Polo que se refire ao programa 512A de ordenación e inspección do transporte, na memoria indícase que as medidas que nel se financian están destinadas tanto a cidadanía como ao tecido produtivo de Galicia en xeral, demandante dos servizos que presta o sector do transporte, como en particular as empresas e os traballadores e traballadoras que desenvolven estes servizos.

E a continuación recolle tamén a memoria que o transporte permite á cidadanía alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades

culturais ou de esparexemento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte público.

Non se pode deixar de sinalar que o transporte, como ferramenta esencial para a articulación social e territorial, pode fomentar intercambios, relacións e acceso a bens e servizos, ou, polo contrario, a súa carencia ou inadecuación, pode crear barreiras ou desigualdades.

Así se recolle no documento elaborado para o Parlamento Europeo sobre Transporte e Mulleres (IP/B/TRAN/ST/2005_008), no que se indica que a desatención sistemática ás necesidades específicas que, respecto do transporte e a mobilidade, teñen as mulleres, deriva en que máis mulleres que homes teñan problemas para acceder a servizos públicos, teñan menores oportunidades de acceso ao emprego ou teñan un menor desfrute dos bens urbanos.

Queda claro que moitas das actuacións previstas están dirixidas ás persoas e, polo tanto, deberían ser analizadas dende o punto de vista do xénero. Como exemplo, unha das actividades que se vai a financiar no marco deste programa de gasto é a tarxeta "Xente Nova" que permite aos mozos e mozas de entre catro e dezaoito anos, incluídos, viaxar gratuitamente nos servizos de transporte metropolitano interurbano e que, segundo se recolle na propia memoria, non se trata só dunha actividade para potenciar o transporte público senón que tamén é unha medida de claro contido social, que supón un aforro importantísimo para as familias, e que polo tanto resulta evidente que terá incidencia dende o punto de vista do xénero.

Lémbrase por último que tanto no VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade entre mulleres e homes 2017-2020, como no Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, existen medidas específicas que corresponde desenvolver á área de mobilidade desta consellería, con independencia das medidas de carácter xeral relativas aos procedementos de contratación, xestión de axudas, utilización de imaxes e linguaxe inclusivos, etc. que teñen carácter transversal e implican a todos os departamentos da Xunta de Galicia.

## IV.6. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

A esta consellería correspóndelle o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos da promoción e dinamización económica, emprego, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas, artesanía, comercio interior e exterior e consumo.

Polo tanto, moitos dos obxectivos principais dalgúns dos programas orzamentarios desta consellería inciden en áreas de actividade cun alto valor estratéxico en canto á re-

levancia de xénero: economía, emprego e cultura emprendedora ou desenvolvemento e innovación, por exemplo.

## PROGRAMA 321A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO
## PROGRAMA 731A-DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

A finalidade destes programas de gasto é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos dentro das competencias de emprego e de economía e industria, respectivamente, da Consellería. Deste xeito actúan de soporte básico cara a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa están relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.

- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de emprego da consellería.

- A definición de programas de información e comunicación en materia laboral na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.

- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas laborais da consellería.

- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.

Aínda que na ficha específica da memoria se sinalan estes programas como de mera actuación administrativa e de xestión, a propia consellería identifica despois actuacións e obxectivos que teñen relación coa igualdade e a inclusión da perspectiva de xénero nesta xestión, como son:

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo

## PROGRAMA 322A-MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE

Este programa, está constituído polo conxunto de accións e medidas de políticas activas de emprego dirixidos a facilitar información, orientación laboral e busca de emprego, así como a promover a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras mediante a adquisición de experiencia profesional a través da execución de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, polos programas integrados de emprego de Galicia, así como por aqueloutras accións innovadoras e complementarias que se programen, fomentando a participación activa e a mobilidade para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral da poboación en situación de desemprego.

Tamén inclúe aquelas accións e medidas dirixidas a promover a colaboración publico privada con axencias de colocación para a inserción no mercado de traballo das persoas desempregadas, así como aquelas destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos primeiros momentos da súa andaina.

O artigo 30 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego, establece que "El Gobierno y las comunidades autónomas adoptarán, de acuerdo con los preceptos constitucionales y estatutarios, así como con los compromisos asumidos en el ámbito de la Unión Europea y en la Estrategia Española de Activación para el Empleo, programas específicos destinados a fomentar el empleo de las personas con especiales dificultades de integración en el mercado de trabajo, especialmente jóvenes, con particular atención a aquellos con déficit de formación, mujeres, parados de larga duración, mayores de 45 años, personas con responsabilidades familiares, personas con discapacidad o en situación de exclusión social, e inmigrantes, con respeto a la legislación de extranjería, u otros que se puedan determinar, en el marco del Sistema Nacional de Empleo"

Por iso, o Servizo Público de Emprego ten que ofrecer ás persoas desempregadas, baixo os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos, unha atención personalizada, con especial atención aos colectivos desfavorecidos.

En todo caso, as beneficiarias directas das axudas que se financian no marco deste programa de gasto son as entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro para potenciar o desenvolvemento de programas de orientación, integrados, de cooperación e de colaboración ou de programas mixtos de formación e emprego. Non obstante, o fin último que se pretende é prestar un servizo de avaliación e orientación profesional ás persoas desempregadas.

E aínda que as accións que se financian están dirixidas a mellorar a empregabilidade do conxunto das persoas desempregadas que están rexistradas na base de datos do

Servizo Público de Emprego de Galicia e que se atopen nun proceso activo de busca de emprego, vanse establecer subgrupos prioritarios aos que se prestará especial atención polas súas maiores dificultades para acceder a un emprego, ben sexa polas súas carencias de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa: persoas desempregadas mozas, mulleres, de longa duración, que esgotaran as prestación ou os subsidios de desemprego, especialmente aquelas sen cualificación profesional, maiores de 45 anos, con discapacidade e as que pertenzan aos colectivos en risco de exclusión, especialmente as persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia.

Polo que se refire ás medidas específicas con repercusión na mellora da empregabilidade das mulleres cabe sinalar que, en liña coas directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, que sinala a necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, facendo fincapé na integración da igualdade de xénero e en mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres en xeral, traballarase para eliminar ou reducir os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino, articulando un sistema de incentivos dirixidos a garantir o principio de igualdade de xénero e a facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel. Estas medidas tradúcense fundamentalmente na definición das mulleres como colectivo beneficiario das axudas e como colectivo preferente de acceso.

E polo que respecta ao desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, as mulleres desempregadas terán prioridade no direccionamento automático de demandantes polo que se asignan cada semana as citas co persoal técnico de orientación.

A previsión para 2020 é unha participación final dun sesenta por cento de mulleres dentro do conxunto de persoas desempregadas participantes nas medidas activas de emprego incluídas neste programa de gasto.

## PROGRAMA 322C-PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

Este programa ten como finalidade principal intervir na creación de emprego a través, principalmente, de incentivos as persoas empresarias e emprendedoras, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego das persoas mozas, persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, as persoas con discapacidade e as persoas en risco de vulnerabilidade.

Tamén se trata de potenciar o desenvolvemento de programas de cooperación e colaboración con entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro para fomentar a creación de novas actividades/novos empregos nas zonas rurais, favorecendo unha mellora das rendas e, polo tanto, das condicións de vida no medio rural, e contribuíndo á fixación de poboación.

Como no caso do anterior programa, vaise prestar especial atención ás persoas que presentan maiores dificultades de inserción laboral e que necesitan medidas específicas de igualdade de oportunidades (persoas con discapacidade, colectivos en risco de exclusión social, persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos e persoas traballadoras con contratos temporais) e tamén se presta especial atención ao colectivo das persoas desempregadas mozas menores de 30 anos e, dentro deste colectivo, as persoas mozas que nin traballan nin reciben unha acción de formación ou educación e que están inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

No ano 2018 o número total de persoas beneficiarias dos programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ao autoemprego, e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, ascendeu a 14.703 (6.740 mulleres e 7.963 homes).

A taxa de actividade e de ocupación das mulleres é menor ca dos homes e a súa taxa de desemprego é máis alta, polo que a través das accións que se van desenvolver no marco deste programa de gasto preténdese, por medio de medidas de discriminación positiva, acadar unha maior participación das mulleres no mercado laboral .

Está previsto que coas medidas que se van implantar se incremente o número de mulleres beneficiarias dos distintos programas. Preténdese que a través das distintas liñas de axuda, o 50% das persoas beneficiarias finais (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres.

Tomando como referencia os datos de decembro de 2018 a situación en que se atopan as mulleres é a seguinte:

| | TOTAL | HOMES | | MULLERES | |
|---|---|---|---|---|---|
| *PARADOS/AS TOTAIS* | 169.295 | 73.383 | 43,33% | 95.912 | 56,67% |
| *PARADOS/AS MENORES 30 ANOS* | 21.155 | 10.280 | 48,59% | 10.875 | 51,41% |
| *PARADOS/AS LONGA DURACIÓN* | 75.076 | 29.331 | 39,07 | 45.745 | 60,93 |

Salientar tamén que dentro deste programa de gasto se van desenvolver en 2020 algunhas das actuacións contempladas no Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, concretamente:

As axudas ás pequenas e medianas empresas galegas para a introdución de medidas de organización flexible do tempo de traballo (flexibilidade horaria, de xornada, quendas, vacacións), o traballo a distancia, a mobilidade xeográfica así como outros beneficios sociais e servizos que faciliten ás traballadoras e traballadores compatibilizar a esfera laboral coa vida persoal e familiar.

E a consolidación de axudas á conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma, nos casos en que se amplíe a contratación da persoa substituta da devandita baixa.

## PROGRAMA 323A-FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS E PROGRAMA 323B-FORMACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS

Dentro destes programas de gasto desenvólvense medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas e accións para mellorar a cualificación e especialización das persoas traballadoras ocupadas.

Para a consecución destes obxectivos, o programa 323A, está constituído polo conxunto de accións e medidas dirixidas a prestar ás persoas desempregadas unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, para incrementar as súas posibilidades de inserción laboral. Todas as políticas activas que se desenvolvan tratan ademais de potenciar unha actitude proactiva estimulando a busca activa de emprego, de xeito que actúen como iincentivos para a incorporación efectiva das persoas desempregadas ao mercado de traballo.

O servizo público de emprego está obrigado a desenvolver a súa actividade de cara as persoas desempregadas, actuando conforme aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos.

De xeito particular, vanse desenvolver accións e medidas destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas xoves, tanto das que carecen de cualificación, como daquelas que estando cualificadas atopan dificultades para acceder por primeira vez ao mercado laboral.

Do mesmo xeito, a través do Programa extraordinario de activación para o emprego desenvolveranse accións e medidas específicas destinadas a mellorar a empregabilidade das persoas beneficiarias do dito plan extraordinario.

E o programa 323B ten como finalidade a mellora das competencias e das cualificacións como á actualización e especialización profesional das persoas traballadoras ocupadas, proporcionándolles unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e para mellorar a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionándolles os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

Tamén se trata de conseguir emprego de calidade mediante a cualificación das persoas traballadoras, especialmente das ocupadas en empresas dos sectores estratéxicos de Galicia.

E de conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias das persoas traballadoras e de aumentar a competitividade das empresas.

Así como de Potenciar a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas, orientadas á Industria 4.0 e á formación técnica e certificación oficial en idiomas e produtos, servizos e metodoloxías TIC, con especial referencia ás que traballan en sectores produtivos estratéxicos.

Débese salientar especialmente que tamén se promoven accións de formación en liderado e coaching para profesionais, directivas e emprendedoras, co fin de conseguir unha maior presenza e fomento do papel das mulleres nos ámbitos de responsabilidade.

En todas as actuacións que se van desenvolver no marco destes dous programas de gasto, a consellería terá en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, é a necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral, e por iso ten previsto desenvolver unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar ás mulleres tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel:

- A consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás accións formativas: nos procesos de selección para o acceso as accións formativas, as oficinas de emprego identificarán ao colectivo "mulleres", especialmente ás "mulleres vítimas", como un dos colectivos preferentes, segundo os criterios establecidos na correspondente orde de convocatoria, facilitando deste xeito o seu acceso á formación e incrementando a súa empregabilidade.

- O mantemento de axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero que participen nas accións.

- O mantemento de axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 12 anos ou maiores dependentes.

- A inclusión, en todas as accións formativas, dun módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Das 3.850 solicitudes presentadas en 2019 para participar na convocatoria das probas de avaliación en competencias clave para a acceso aos cursos de formación para o emprego de certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 , 2.399 son de mulleres e 1.451 son de homes, a porcentaxe de solicitudes de mulleres representa o 62,31%. Polo que

se refire á participación nas probas de avaliación, o total foi dun 63,11%, sendo superior a participación das mulleres (un 63,17%) que a dos homes (un 36,86%).

En canto aos resultados, 742 mulleres aprobaron como mínimo unha competencia e no caso dos homes esta cifra é de 448. E o número de mulleres que aprobaron todas as competencias foi de 622, sendo esta cifra inferior no caso dos homes, 347.

Por outra banda, estes son datos correspondentes a accións formativas dirixidas a persoas desempregadas durante o 2018:

Nas accións formativas para persoas desempregadas participaron 10.467 mulleres, o que representa un 55,03% sobre o total de 19.019 persoas participantes nas accións formativas

E polo que se refire as accións formativas para persoas ocupadas, constátase a participación de 2.420 mulleres, o que supón o 46,36% do total de 5.220 participantes.

## PROGRAMA 324A-MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A través da Secretaría Xeral de Emprego, do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), e do Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) as accións que se desenvolven dentro deste programa de gasto tratan de mellorar a xestión dos procedementos relacionados coas relacións laborais e coa seguridade e saúde laboral; fomentar a responsabilidade social empresarial (RSE), tendo en conta que no último informe do Observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial pon de manifesto un importante descoñecemento desta forma de xestión empresarial; apoiar ás organizacións sindicais en cumprimento do establecido na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, facendo efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas, garantindo a participación en igualdade de oportunidades de homes e mulleres nos órganos de participación da comunidade autónoma, cumprindo así coa Lei 17/2008, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, e impulsar os procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo cos que se conseguen acordos en máis dun 80 % dos casos nos que se intervén.

Salientar como accións que teñen importancia dende o punto de vista deste informe que tamén se xestionan dentro deste programa de gasto as axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade e a conciliación laboral nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da comunidade autónoma; e tamén se leva a cabo o control das empresas para que cumpran coa normativa laboral, de igualdade de oportunidades e de prevención de riscos laborais, o que esixe unha tramitación dos expedientes sancionadores áxil e eficaz así como manter actualizado o rexistro público de sancións,

especificando a tipoloxía destas e, especialmente, se hai sancións en materia de igualdade de oportunidades.

Aínda que a presenza relativa da muller no mercado laboral aumenta de xeito sostido, existe unha clara segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, tanto no referido ao sector de actividade como ás ocupacións das mulleres e homes dentro do mesmo sector.

Segundo datos do IGE, nos últimos anos, a afiliación feminina á Seguridade Social en Galicia medrou permanentemente, desde o 42,76% de 2006 ao 48,24% en 2017. No ano 2018 a porcentaxe diminúe lixeiramente, xa que do total de poboación afiliada, 997.776 persoas, 480.762 son mulleres, que representa un 48,18%. Desde o punto de vista de accidentes laborais, as mulleres sofren moitos menos accidentes. Tanto os índices de incidencia como os de gravidade son moitos menores nas mulleres; isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, onde as mulleres están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas. No 2018 os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais son, respectivamente, 2,5 (leves), 4,3 (graves) e 26,2 (mortais) veces maiores que os das mulleres.

Á situación anterior hai que sumar a dificultade de conciliar familia e traballo, que provoca, en determinadas ocupacións, xunto coas diferenzas fisiolóxicas e anatómicas entre homes e mulleres, que as mulleres teñan máis problemas de saúde que os homes que desenvolven as mesmas tarefas.

Todo o exposto obriga a integrar a dimensión da igualdade na prevención dos riscos. De feito, a Estratexia Comunitaria de Saúde e Seguridade no Traballo parte da idea de que as desigualdades poden afectar á seguridade das mulleres no traballo e influír na súa produtividade. Por iso, a Unión europea plantexa que para mellorar a calidade da vida profesional e desenvolver a competitividade, é necesario progresar no ámbito da igualdade de xénero e ter máis en conta os aspectos de saúde e seguridade específicos das mulleres.

Tampouco se pode esquecer que no artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o lexislador realiza unha diferenciación de xénero en sentido positivo ao regular a protección da maternidade.

Polo que respecta ás actividades específicas do Consello Galego de Relacións Laborais, segundo os datos recollidos no seu informe sobre a situación da negociación colectiva de xaneiro a xuño de 2019, continúase cunha desigual participación de mulleres nas mesas negociadoras de convenios colectivos, tanto por parte das organizacións empresariais (31 mulleres fronte a 123 homes) como por parte das sindicais (70 mulleres fronte a 294 homes). Desde o Consello trabállase para potenciar a participación de mulleres nas mesas de negociación, para o que se organizan cursos e xornadas sobre igualdade de xénero.

As persoas destinatarias potenciais son máis de 15.000 delegados e delegadas sindicais (dos que só un 3,3% son mulleres) e outros tantos empresariais. Segundo o informe anual sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, en 2018 formaron parte das mesas negociadoras 888 homes e 343 mulleres, que puideron beneficiarse da actuación do Consello.

Ademais, o Consello Galego de Relacións Laborais realiza anualmente, un informe sobre a situación sociolaboral da nosa comunidade autónoma e, dentro deste, inclúese un capítulo que estuda o mercado de traballo en Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Isto pode contribuír de xeito efectivo á adopción de medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.

Para corrixir as desigualdades que aínda hai en materia de xénero nas relacións laborais o ISSGA, dentro do seu plan de actividades para o ano 2020 vai levar a cabo as seguintes actividades:

- A comisión permanente de integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais asesorará e orientará nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos, propoñendo directrices sobre a avaliación do risco para a saúde ou a seguridade das traballadoras embarazadas, que deran a luz recentemente ou en período de lactación e orientando as actuacións especiais que en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores feminizados realice a Administración Pública Autonómica.

- O programa de integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais coa publicación e divulgación dun documento técnico sobre as pautas para a integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais, dirixido ao persoal técnico de prevención de riscos laborais e persoal dos servizos de prevención, propios e allleos.

- Incluirase un módulo de igualdade nos cursos básicos de prevención de riscos laborais que habilitan para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais, tanto presenciais como online.

O ISSGA tamén desenvolverá medidas recollidas no Plan Galego de Conciliación e Responsabilidade 2018-2021, a través do impulso da formación non presencial e adecuación horaria das accións formativas ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras.

Ademais, en 2019 finalizará a elaboración dos documentos da campaña de protección da maternidade e desenvolveranse posteriormente actuacións de difusión dentro desta campaña. Ademais comezou a adaptación ao ámbito da Comunidade Autónoma da documentación relativa á integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos

laborais nas empresas e institucións, que dará soporte a unha nova campaña informativa no ano 2020.

Polo que respecta ao Consello Galego de Relacións Laborais pódense sinalar, entre outras, as seguintes actuacións con repercusión en cuestións de xénero que se van desenvolver pola Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, adscrita ao dito Consello:

1. Incrementar o número de convenios colectivos que introducen no seu articulado cláusulas sobre igualdade entre homes e mulleres.

O Consello impulsa a inclusión de medidas de igualdade nos convenios colectivos que se rexistran anualmente mediante recomendacións dirixidas ás mesas negociadoras, ás que tamén lles traslada, xunto coa recomendación, o informe emitido polo Servizo de Igualdade da Secretaría Xeral de Emprego sobre o convenio colectivo que lles afecta. Así mesmo, colabora na xestión -xunto co referido Servizo- dun curso de formación on line sobre Igualdade de oportunidades: aplicación práctica no Ámbito do Emprego, dirixido ás persoas dos sindicatos e das empresas que forman parte das mesas negociadoras de convenios colectivos galegos e de plans de igualdade.

2. Mellorar os contidos e a calidade da negociación colectiva, así como contribuír á efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso ao emprego e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

3. Fomentar un uso adecuado da linguaxe de xénero nos ditames que se emiten polo Consello sobre os proxectos normativos remitidos pola Xunta de Galicia en materia de política laboral, co obxectivo de consolidar o uso da linguaxe inclusiva nas normas laborais.

4. Estudar as cláusulas e medidas de igualdade que se recollen anualmente nos convenios colectivos e facer recomendacións ás mesas negociadoras para melloralas e, no seu caso, axudar na elaboración de plans de igualdade, para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre as mulleres e os homes no ámbito laboral.

O Consello realiza ao longo de cada ano un seguimento dos convenios colectivos existentes e elabora informes e análises sobre aspectos relativos á estrutura e á situación da negociación colectiva galega. No informe analízanse con detalle todas as medidas de igualdade recollidas nos convenios, tales como as cláusulas relativas á conciliación da vida laboral e familiar. Actualmente, recollen estas cláusulas a totalidade dos convenios colectivos de sector e o 99% dos de empresa. Respecto do tipo de cláusulas que conteñen, que melloran ou varían, nalgún aspecto, o sinalado na lexislación vixente, os informes do Consello destacan o contido das cláusulas relativas a permisos, redución de xornada por garda legal ou coidado de familiares, distribución do tempo de traballo, garderías, excedencias, entre outras.

5. Trasladar recomendacións e boas prácticas en materia de igualdade ás persoas que forman parte das mesas negociadoras de convenios colectivos e plans de igualdade, co obxectivo de orientalas para mellorar as cláusulas e medidas de igualdade que neles se recollen.

En 2020 publicarase unha nova edición da Guía de Boas Prácticas, elaborada pola Comisión Consultiva Autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, que inclúe recomendacións en materia de conciliación e corresponsabilidade, así como unha serie de boas prácticas extraídas de cláusulas recollidas nalgúns convenios colectivos e plans de igualdade asinados en Galicia.

6. Analizar a composición das mesas negociadoras de convenios colectivos e identificar as medidas que se recollen nos convenios en materia de igualdade, co obxectivo de incrementar a presenza das mulleres nas mesas negociadoras que, actualmente, é inferior á dos homes e reforzar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral, datos que se recollen no informe anual sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, que elabora o Consello.

7. Estudar a situación sociolaboral de Galicia e, particularmente, o mercado de traballo desde a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres, co obxectivo de informar á sociedade e traballar para que se adopten medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a desigualdade salarial e as súas dificultades para conciliar a vida persoal, laboral e familiar.

8. Difundir as medidas en favor da igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral, mediante a organización dunha xornada anual en materia de igualdade de xénero que sirva de estímulo e de difusión.

Esta xornada sobre temas relacionados coa igualdade de xénero nas relacións laborais, de acceso libre e gratuíto para cadros das organizacións empresariais e sindicais, empresas, traballadores e traballadoras, estudantes, colexios de graduados sociais e, en xeral, a cidadanía interesada, na que normalmente participan a inspección de traballo, persoal docente da Universidade, xuíces e xuízas e na que sempre hai unha mesa de diálogo e debate social integrada por representantes dos sindicatos máis representativos e pola Confederación de Empresarios de Galicia, constitúese como unha importante acción de sensibilización, formación e información para xerar conciencia e coñecemento sobre a importancia da conciliación e da corresponsabilidade, entre outras medidas de igualdade. En 2019, a xornada tratará sobre "O acoso no ámbito laboral".

Ademais, dende o ano 2018, para favorecer a asistencia das persoas que teñan menores ao seu coidado, ofrécese un servizo de gardaría gratuíto nas xornadas organizadas en horario de tarde, de modo que se favoreza a conciliación e tamén para amosar un

exemplo de medida óptima neste sentido, en xornadas nas que as persoas asistentes pertencen na súa meirande parte ao mundo da empresa e das relacións laborais.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

En 2018 publicouse un estudo sobre a aplicación do principio de igualdade nos convenios colectivos, baseado na negociación colectiva galega nos anos 2013 a 2017. Este estudo servirá de base, entre outras cuestións, para a elaboración de consideracións que se trasladarán ás mesas negociadoras e para afondar nos traballos dirixidos á aprobación dun Acordo Interconfederal Galego en materia de igualdade.

## PROGRAMA 324C-PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

Mediante este programa de gasto trátase, en primeiro lugar, de xerar emprego de calidade promovendo iniciativas empresariais baseadas nas persoas e na cooperación baixo os principios e fórmulas da economía social, e prestando especial atención á xuventude, as mulleres e as persoas con discapacidade ou en situación de vulnerabilidade, así como ás iniciativas xeradoras de emprego no rural galego.

Para contribuír ao anterior preténdese tamén mellorar o coñecemento acerca das distintas fórmulas de economía social, achegando á poboación xeral e aos emprendedores en particular, os valores e principios que a sustentan e a formación necesaria para iniciar unha actividade baixo estas fórmulas empresariais.

Finalmente trátase de impulsar a mellora da xestión empresarial e societaria e da competitividade das empresas de economía social e de mellorar as súas posibilidades de financiamento

As diagnoses realizadas fundamentalmente no ámbito do cooperativismo, tanto no ámbito estatal como propiamente no galego, amosan un sector con amplo potencial de crecemento e unha demostrada capacidade para a creación de emprego de calidade e para a resistencia ás crises.

E en Galicia existen (a 30 de xuño de 2019) 1395 cooperativas activas, ademais de 1547 sociedades laborais, 106 centros especiais de emprego e 11 empresas de inserción laboral activos

Pero a pesar dos importantes esforzos neste sentido, continúa a existir un importante déficit no coñecemento da fórmula cooperativa por parte da poboación en xeral, e no sistema educativo e formativo en particular. Ademais, débese mellorar a formación dos e das cooperativistas e a xestión empresarial e societaria das cooperativas, así como contar con procesos de asesoramento e acompañamento especialmente nas etapas de lanzamento dos proxectos.

Esta situación é trasladable a outras fórmulas da economía social, especialmente as sociedades laborais, as empresas de inserción laboral ou tamén, en menor medida, os centros especiais de emprego.

Por iso, a través das actuacións que se levan a cabo neste programa de gasto trátase en primeiro lugar de xerar emprego e autoemprego colectivo, en especial entre á xente nova, ás mulleres e ás iniciativas rurais, promovendo proxectos empresariais baseados nas persoas e na cooperación e aproveitando para iso as vantaxes da economía social.

E mellorar o coñecemento acerca das distintas fórmulas de economía social, achegando á poboación xeral e ás persoas emprendedoras en particular, os valores e principios que a sustentan e a formación necesaria para iniciar unha actividade baixo estas fórmulas empresariais, así como de mellorar a xestión empresarial e societaria, a competitividade das empresas de economía social e as súas posibilidades de financiamento apoiando especialmente a investigación, desenvolvemento e innovación, así como a plena utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Con este obxectivo aprobouse, en decembro de 2018, a Estratexia Galega de Economía Social, que recolle a senda de actuacións da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento destas entidades no período 2019-2021. Esta estratexia contempla un conxunto de 25 medidas agrupadas en torno a 3 retos principais: sumar capacidades, sumar sustentabilidade e sumar identidades, que descansan sobre outros tres retos transversais: a igualdade de oportunidades, a intercooperación e a tecnoloxía, que deben impregnar todas as medidas orientadas á promoción da economía social.

As fórmulas xurídicas da economía social teñen gran importancia para o acceso e a promoción a postos de responsabilidade das mulleres, xa que a igualdade é un dos valores nos que se asenta a economía social, que se caracteriza por estar inspirada, entre outros valores, pola promoción da solidariedade interna e coa sociedade, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, ou a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Non obstante, a realidade é que as mulleres seguen a estar infrarrepresentadas na economía social galega. Así se desprende das estatísticas relativas a traballadores en alta na Seguridade Social na economía social, correspondentes ao 1º trimestre de 2019, que indican que as mulleres supoñen só o 41,1% do total, fronte ao 47,5% no conxunto do Estado.

Para contribuír a reducir estas diferenzas, no ámbito específico do fomento do emprego en economía social, incentívase con maior contía de axuda a incorporacións de mulleres desempregadas ás cooperativas e sociedades laborais.

Por outra banda, a presenza feminina nos órganos de xestión e dirección das entidades de economía social segue sendo inferior á que lle correspondería de xeito proporcional segundo a composición das entidades. Por iso, levaranse a cabo accións que fomenten o acceso das mulleres a estes postos de responsabilidade, a través de accións formativas específicas para este fin.

Ademais no caso das axudas para a incorporación de persoas desempregadas como persoas socias traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais; das axudas para a creación de emprego para persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión en centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, e das axudas para a contratación de xerentes ou persoal técnico en empresas de inserción, as contías que se conceden increméntanse nun 25% cando se trata de mulleres.

Nas axudas dirixidas ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para a realización de actividades de promoción da economía social, tense en conta entre os criterios de valoración a realización de actividades dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos órganos sociais das cooperativas e sociedades laborais e postos directivos en xeral.

Nas axudas para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción tense en conta a composición equilibrada do cadro de persoal como un dos criterios de valoración.

O mesmo sucede nas axudas para proxectos de formación dual en centros especiais de emprego e neste caso, ademais, valóranse as actuacións previstas para a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral.

Tamén se impulsa a formación non presencial e a adecuación horaria das accións formativas ás necesidades de conciliación das persoas traballadoras, incluíndo formación específica para promover o acceso das mulleres a postos de responsabilidade nas entidades de economía social e contidos relativos ao fomento dos valores cooperativos, entre os que cabe destacar o de igualdade entre todas as persoas socias.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

No programa APROL economía social, para a incorporación de persoas socias traballadoras a cooperativas ou sociedades laborais, subvencionouse a incorporación de 251 persoas, das que 134 foron mulleres (53,4%)

Nos programas de incentivos á contratación en empresas de inserción laboral, concedéronse axudas para a contratación de 1 persoa técnica (home), e non se creo ningún novo posto de traballo para persoas en risco de exclusión.

Finalmente cos programas de apoio a centros especiais de emprego subvencionouse a creación de 78 novos postos de traballo para persoas con discapacidade, dos que 21 (un 26,9 %) corresponden a mulleres.

En canto ás actividades de asesoramento, formativas ou divulgativas en materia de economía social, cabe destacar:

- prestouse asesoramento especializado para a posta en marcha ou consolidación de proxectos de economía social a 322 persoas, das que 177 (55 %) foron mulleres

- 1970 persoas participaron en actividades formativas para o emprendemento ou mellora de xestión das entidades de economía social, das que 1179 (59,8 %) foron mulleres. Cabe destacar aquí que se desenvolveron actividades específicas dirixidas a potenciar o talento feminino en entidades de economía social nas que participaron 28 mulleres.

- 2778 persoas participaron en actividades de difusión ou divulgación (xornadas, charlas, visitas etc) das que as mulleres representaron o 54,3% (1508)

- 25 das actividades formativas (case un terzo do total) realizáronse en réxime de teleformación ou mixto. Cabe sinalar que nas actividades impartidas nestas modalidades, a participación feminina acadou o 77,8 %, con 274 alumnas sobre un total de 352 participantes.

## PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

A finalidade do programa é consolidar a economía galega para o ano 2020 nunha senda socialmente recoñecible cara a mellora do crecemento e a competitividade en base á transformación do modelo produtivo dende un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) por parte dos sectores arraigados, e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

Para iso, vanse atender un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos:

- Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento.
- Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

Aínda que este programa de gasto non está orientado especificamente á consecución da igualdade, si ten unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, a Axencia Galega de Innovación en todas as actuacións que ten previsto desenvolver tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

Neste sentido, cabe destacar que a Axencia Galega de Innovación forma parte da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia e que no marco dese órgano se elaborou o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020, co que se trata de incorporar a perspectiva de xénero e o fomento das políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no sistema de coñecemento e ciencia de Galicia, de acordo coas estratexias e prioridades marcadas nos ámbitos internacional, estatal e autonómico.

Valórase positivamente que se indique na memoria que, aínda que a maioría das actuacións que está previsto desenvolver están dirixidas a persoas xurídicas o que podería ocultar a perspectiva de xénero, a análise da situación debe facer énfase nas persoas físicas (mulleres e homes) que se atopan detrás. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

Tamén se incorporará a perspectiva de xénero en todas as actividades que teñan relación con:

- Talento e capital humano.
- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Ademais, nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Así mesmo, con este mesmo obxectivo, tamén será relevante a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

E para favorecer un cambio na orientación das actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación que realicen as empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres, promoverase a implantación, nas empresas con actividade de I+D+I, dunha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente a adopción de boas prácticas en materia de igualdade de xénero.

Tamén, hai que destacar a participación noutras iniciativas como o "día internacional das rapazas nas TIC", unha celebración a nivel internacional, orientada a motivar as novas

xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

## PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

A través deste programa de gasto trátase de proporcionar información sobre a sinistralidade laboral en Galicia, como unha das actuacións previstas na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020 e no Plan Anual de Actividades.

O tratamento estatístico da sinistralidade laboral constitúe unha técnica analítica de gran rendemento ao permitir o control sobre os parámetros do accidente e da enfermidade profesional e cantas circunstancias poidan incidir naqueles, de tal forma que se poida orientar a actuación das técnicas preventivas.

O xénero ten que ser unha das variables a considerar a efectos da sinistralidade laboral. Actualmente, as vítimas de accidentes laborais son maioritariamente homes, fundamentalmente porque as actividades nas que se producen maiores sinistros continúan a estar moi masculinizadas (como a construción, por exemplo). Pola contra, as mulleres concentran a súa actividade laboral en sectores como a hostalería, actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias, servizos sociais ou o servizo doméstico, nos que se producen un maior número de enfermidades profesionais derivadas de factores relacionados coas posturas de traballo inadecuadas, longas xornadas de pé, traballos repetitivos, manipulación de numerosos obxectos de pouco peso, etc.).

Polo tanto, resulta imprescindible tratar os datos e as estatísticas cun enfoque de xénero para analizar a forma distinta de enfermar e accidentarse de homes e mulleres, xa sexa como consecuencia das propias diferenzas biolóxicas, ou pola definición u organización social do traballo, que adxudica ás mulleres o desempeño de profesións específicas, cos seus factores de risco predeterminados.

O tratamento estatístico diferenciado da sinistralidade entre homes e mulleres facilita a integración da dimensión da igualdade ao axudar a planificar as actividades preventivas de xeito que se poida acadar un nivel de protección con independencia do xénero. Por isto o estudo dos danos da saúde coa diferenciación por sexo constitúe un instrumento útil para lograr a dita integración.

## PROGRAMA 613A-ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA.

O obxectivo estratéxico deste programa de gasto é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Así, coas actividades que se desenvolven neste programa de gasto, trátase de potenciar a mediación e axilizar a arbitraxe de consumo co fin de resolver os conflitos coas persoas consumidoras, executar campañas de control de mercado, acercar máis a Escola Galega de Consumo aos colectivos máis desprotexidos, e ás asociacións de consumidores así como trasladar a sociedade os valores da libre competencia e a necesidade de promovela e defendela.

Dende o punto de vista do xénero, sinalar que dentro deste programa orzamentario fináncianse as actividades que, dirixidas a todas as persoas consumidoras galegas, se organizan dende a Escola Galega de Consumo e nas que se fai un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista.

Así, está previsto desenvolver as seguintes actividades formativas con temática específica de xénero:

- Curso "Consumo e xénero" en colaboración coa EGAP
- Curso de formación de profesorado "Consumo e xénero" a través da plataforma de formación de profesorado da Xunta de Galicia (PLATEGA).
- Obradoiro "Xoguetes e a influencia da publicidade na elección dos mesmos segundo o xénero"

Tamén está previsto desenvolver outras actividades non especificamente orientadas á igualdade pero que a traballan de xeito transversal:

- Obradoiros e charlas participativas ao longo de todo o ano, e nos que a participación estímase nun 48% de homes e un 52% de mulleres.
- LecerConsumo que é un programa estacional que desenvolve a EGC nos meses de verán. A través do concepto de lecer responsable trabállanse diversas temáticas relacionadas co consumo: a publicidade, o comercio xusto, a dieta equilibrada ou o consumismo como exceso a evitar. Estímase unha participación feminina do 51,7% .
- E Infonadal, que abrangue tanto actuacións formativas a desenvolver en asociacións e centros escolares, como unha campaña de seguridade de xoguetes e produtos de decoración. Estímase que as mulleres representarán o 56% das persoas participantes.
-

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

No curso sobre consumo e xénero participaron 29 persoass (8 homes e 21 mulleres) e na edición para formación do profesorado participaron 47 persoas (8 homes e 22 mulleres).

E nos obradoiros sobre xoguetes e publicidade participaron 74 nenos e 64 nenas.

## PROGRAMA 732A-REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL E PROGRAMA 734A-FOMENTO DA MINARÍA

O programa 732A ten como obxectivo planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade, administración industrial e metroloxía, mellorando os sistemas de inspección e control. E o programa 734A ten como obxectivo xeral o de fomento da minaría.

Non se identifican accións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades, pero hai que salientar que se recolle a intención de promover o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, o que resulta ademais especialmente indicado tendo en conta que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

Tamén se fomentarán actuacións que atendan ás especificidades da presenza da muller nestes sectores relativas á seguridade e saúde das traballadoras e á aplicación de políticas de igualdade.

Salientar moi especialmente e de xeito moi favorable que en 2019 introduciuse por primeira vez como criterio de valoración para a concesión de subvencións no ámbito da minería a variable de xénero, puntuando os seguintes aspectos:

- desempeño por mulleres de postos de responsabilidade

- dispor dun plan de igualdade no suposto de non ser obrigatorio

- dispor do distintivo Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou similar

## PROGRAMA 733A-EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

O principal obxectivo que se pretende acadar coas actuacións que se levan a cabo dentro deste programa de gasto é contribuír a transformación do sistema enerxético galego para que sexa máis sostible en termos económicos, sociais e ambientais, fundamentalmente a través de medidas que fomenten o aforro enerxético e as enerxías renovables.

A transición cara un sistema de enerxías renovables está creando unha matriz de beneficios sociais e económicos, incluíndo o crecemento do emprego.

A Axencia Internacional de Enerxía Renovable (IRENA) estima que o número de postos de traballo no sector podería aumentar de 10,3 millóns en 2017 a case 29 millóns en 2050. E un piar clave da transición enerxética debe ser asegurar que as oportunidades

que crea son igualmente accesibles e que os beneficios que aporta se distribúen equitativamente.

Adoptar unha perspectiva de xénero para o desenvolvemento das enerxías renovables é fundamental para garantir que as contribucións das mulleres – as súas habilidades e puntos de vista - representan unha parte integral da crecente industria renovable.

Os estudos suxiren que as mulleres aportan novas perspectivas e melloran a colaboración e que aumentando o número de mulleres cualificadas no liderado dunha organización, conséguese un mellor rendemento. E no contexto do acceso á enerxía, segundo indica IRENA, está demostrado que involucrar ás mulleres como axentes activos no desenvolvemento de sistemas de enerxías renovables mellora a sostenibilidade dos proxectos e os indicadores de xénero.

En recoñecemento a estas oportunidades, a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, ten un obxectivo dedicado á igualdade de xénero, destacando que "é crucial a sistemática integración da perspectiva de xénero na implementación da axenda".

Unha enquisa realizada por IRENA en 2018 revela que as mulleres representan o 32% das persoas empregadas a tempo completo das organizacións – máis alto que a media do 22% na industria do gas e o petróleo mundial. Pero aínda así, en renovables, a participación das mulleres é moito menor nos postos de traballo de ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas (STEM) que en traballos administrativos.

Ademais, a enquisa revela que a maioría dos homes que traballan no sector, incluíndo aqueles con responsabilidades para tomar decisións, non son conscientes da existencia de barreiras de entrada e avance para as mulleres. As respostas indican que só o 40% de homes, fronte ao 75% das mulleres percibe a existencia de barreiras de xénero.

Os roles de xénero, impulsados por normas culturais e sociais que inflúen en moitas das decisións fundamentais que toman as persoas, aparecen como a barreira máis importante de entrada no sector.

Por iso, aínda que as habilidades STEM son fundamentais para moitas traxectorias profesionais no sector das renovables, debido ás opinións predominantes sobre as habilidades das mulleres, estas seguen a ter unha presenza limitada nestes campos.

Tamén se debe considerar que as mulleres con titulacións do ámbito STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), son menos proclives a traballar en ocupacións STEM que os seus homólogos varóns, polo que a porcentaxe de mulleres neste tipo de traballos é moi reducido. O 52% das mulleres que traballan neste ámbito abandona o seu traballo arredor dos 35-40 anos por non ter modelos femininos que seguir, séntense soas nun ambiente masculino no que o modo de traballar non lles permite compatibilizar

as súas responsabilidades familiares con xornadas laborais longas e axendas de viaxes frecuentes que soen existir neste tipo de empresas.

Por outra banda, existen escasos datos que analicen o comportamento diferencial de mulleres e homes neste ámbito concreto de actuación. Como usuarias de enerxía, as mulleres continúan a ser maioritariamente as responsables das actividades e servizos domésticos que a requiren e desta forma son as principais xestoras da enerxía influíndo directa ou indirectamente no consumo enerxético do resto de membros do fogar; e algúns estudos parecen confirmar que as mulleres teñen maior conciencia enerxética de cara ao aforro e o uso de enerxías renovables.

Dentro das actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto, indicar que unha parte moi importante das axudas para enerxías renovables van destinadas a familias, en concreto, a melloras enerxéticas nos fogares (caldeiras de biomasa, placas solares...) Estes investimentos supoñen unha mellor calidade de vida das familias e leva aparellado tamén un aforro enerxético e económico.

Ademais, neste programa de gasto tamén se encadran as actuacións no eido da pobreza enerxética, dirixidas ás familias máis vulnerables de Galicia, para contribuír ao pagamento da factura eléctrica e evitar os cortes de subministración.

Respecto destas últimas accións, indicar que segundo o informe "Pobreza Energética en España 2018. Hacia un sistema de indicadores y una estrategia de actuación estatales" de la Asociación de Ciencias Ambientales (ACA), as persoas solteiras, viúvas, separadas e divorciadas teñen unha maior probabilidade de experimentar dificultades relacionadas coa pobreza enerxética. Esta tendencia confírmase na análise por composición do fogar, que amosa unha maior incidencia destas dificultades nos fogares nos que só vive un ha persoa adulta, sendo particularmente grave a situación dos fogares monoparentais con alomenos un menor ao seu cargo e que na maior parte dos casos se trata de fogares encabezados por mulleres. Nestes casos, a incidencia de retrasos no pagamento de recibos e a falta de subministro eléctrico dobran á media de toda España.

Segundo o dito estudo, os vínculos entre pobreza enerxética e xénero son moitos e variados e poden identificarse en cuestións como a maior dificultade das mulleres para acceder a empregos de calidade, brecha salarial, maior demanda de servizos domésticos da enerxía polas actividades relacionadas co coidado, dificultade de acceso a vivendas de calidade, etc.

Tamén se debe prestar especial atención aos fogares unipersoais nos que a persoa principal é de avanzada idade, nos que tamén son maior proporción mulleres.

En Galicia, un 9,5% dos fogares son monoparentais, na súa maior parte sustentados por mulleres, e as mulleres tamén representan o 59% das persoas maiores de 70 anos,

polo que as anteditas axudas poden ter unha repercusión positiva na economía destas familias máis vulnerables e que, habitualmente, dispoñen de menos recursos.

## PROGRAMA 741A-APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

O programa desenvolve medidas de fomento específicas para acadar a mellora do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma. Tamén se desenvolverán actuacións complementarias das que se levan a cabo dentro do programa 561A, no que se refire ao desenvolvemento de Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, co obxectivo fundamental de desenvolver un sistema de innovación eficiente para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global.

Ademais, a Axencia Galega da Industria Forestal impulsará a actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal

As actuacións que se pretenden financiar van dirixidas a empresas privadas (especialmente Pemes), institucións sen fin de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clúster, cámaras de comercio, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

A consellería indica que as actuación contempladas neste programa vanse desenvolver respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e que os proxectos de gasto conteñen indicadores con relevancia de xénero (aínda que non se identifican estes indicadores).

Tamén afirma que os potenciais destinatarios das accións que se van financiar son fundamentalmente persoas xurídicas, non obstante non se pode deixar de lado que detrás das empresas hai persoas físicas que poden ter necesidades diferentes en canto a orientación sobre a súa actividade empresarial, financiamento, expectativas de internacionalización, etc.

Na memoria indícase que en 2020, o IGAPE velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

E naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas recolleranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo o xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

E a Axencia Galega da Industria Forestal, nas liñas de axuda nas que se valore a creación e mantemento de emprego, tamén establecerá unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

## PROGRAMA 751A-ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

As actuacións deste programa teñen como unha dobre finalidade, por unha banda manter vivo o comercio de proximidade, toda vez que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral ao revelarse como unha das actividades con maior capacidade de incidencia no entorno urbano e social onde se desenvolve, e pola outra, a creación de emprego no sector comercial mediante a transmisión ás novas persoas emprendedoras non só do establecemento comercial, senón tamén do bo facer e dos coñecementos profesionais asegurando ademais a continuidade da calidade e profesionalidade do sector; incrementando a competitividade do comercio, e a dinamización e adecuación da súa estrutura para acadar a súa renovación e modernización.

Polo que se refire ao ámbito da artesanía, trátase de modernizar as estruturas produtivas, introducir as novas tecnoloxías e fomentar e divulgar os produtos artesanais e potenciar a marca Artesanía de Galicia, para contribuír a construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico, acadar unha formación e inserción laboral adecuadas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais.

O sector comercial está constituído por un total de 34.600 empresas que dan emprego a 104.000 persoas, ocupando a maior porcentaxe aqueles grupos de especial sensibilidade como é o emprego xuvenil ou feminino (o emprendemento feminino se sitúa no 66 % no sector comercial).

E o sector artesanal galego está composto por 3.118 persoas que teñen a carta artesán e 665 obradoiros artesanais.

Na memoria recóllese que a Dirección Xeral de Comercio e Consumo incorporará a perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na licitación dos contratos que teña que levar a cabo, cumprindo así cunha das medidas do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021, que pretende promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e conciliación responsable, mediante o uso estratéxico da contratación pública a través da aplicación de cláusulas sociais.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres nos programas desta Consellería. En xeral, apréciase unha presenza maioritaria de mulleres no ámbito da formación e no eido das axudas ao emprego e o autoemprego evidénciase a situación desfavorable da que parten as mulleres no mercado laboral.

*Cadro 4.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente**

PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

**E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| DE021H | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes | 591,0 | Persoas/ano |
| DE021M | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres | 363,0 | Persoas/ano |
| DC025H | Número de investigadores que traballan en instalacións de infraestruturas de investigación melloradas. Traballadores equ | 13,0 | TRABALLADORES EQUIV (ETC) |
| DC025M | Número de investigadores que traballan en instalacións de infraestruturas de investigación melloradas. Traballadores equ | 6,0 | TRABALLADORES EQUIV (ETC) |

PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

**E04 - Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 680,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 680,0 | Nº |
| P342.H | Persoas beneficiadas (homes) | 140,0 | Nº |
| P342.M | Persoas beneficiadas (mulleres) | 150,0 | Nº |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes | 100,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 100,0 | Nº |

PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

**E01 - Diminuír a taxa de desemprego en Galicia co fomento da empregabilidade das persoas desempregadas, a través da adquisición de experiencia profesional**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P1032H | Persoal de orientación laboral. (Homes) | 105,0 | Nº |
| P1032M | Persoal de orientación laboral. (Mulleres) | 315,0 | Nº |
| P1031H | Persoas atendidas accións e programas de orientación laboral(Homes) | 25.000,0 | Nº |
| P1031M | Persoas atendidas accións e programas de orientación laboral(Mulleres) | 27.000,0 | Nº |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes | 4.828,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 6.012,0 | Nº |
| SC06.H | Persoas menores de 25 anos de idade (Homes) | 384,0 | Nº |
| SC06.M | Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres) | 256,0 | Nº |

**E02 - Aumentar a inserción laboral e o emprendemento, especialmente para as persoas con especiais dificultades para atopar traballo**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| SC16.H | Participantes con discapacidade. Homes | 245,0 | Nº |
| SC16.M | Participantes con discapacidade. Mulleres | 180,0 | Nº |
| SE01.H | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes | 609,0 | Nº |
| SE01.M | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres | 606,0 | Nº |
| P425.H | Persoas autónomas que reciben axudas para a súa consolidación (Homes) | 1.050,0 | Nº |
| P425.M | Persoas autónomas que reciben axudas para a súa consolidación (Mulleres) | 1.050,0 | Nº |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes | 4.366,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 4.426,0 | Nº |
| SC06.H | Persoas menores de 25 anos de idade (Homes) | 171,0 | Nº |
| SC06.M | Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres) | 114,0 | Nº |

**E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente**

PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

**E03 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas, mediante a adquisición dunha acreditación oficial de formación profesional, co obxecto de aumentar a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras, e aumentar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 7.505,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 8.641,0 | Nº |
| P422.H | Persoas que participan no proced. de recoñecemento experiencia profesional (homes) | 522,0 | Nº |
| P422.M | Persoas que participan no proced. de recoñecemento experiencia profesional (mulleres) | 1.278,0 | Nº |

**E04 - Mellorar a capacitación e cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas, mediante a adquisición de formación profesional, co obxecto de aumentar a estabilidade no emprego, e posibilitar a promoción profesional, o incremento da capacidade para aumentar as súas rendas así como a competitividade das empresas do tecido produtivo galego, prestando especial atención ao colectivo das mulleres traballadoras, así como aos colectivos de baixa cualificación.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 4.765,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 5.666,0 | Nº |

**E05 - Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflitividade e a sinistralidade laboral**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P409.H | Delegados sindicais formados (homes) | 50,0 | Nº |
| P409.M | Delegados sindicais formados (mulleres) | 50,0 | Nº |
| S0EE17 | Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral | 313,0 | Nº |
| P342.H | Persoas beneficiadas (homes) | 300,0 | Nº |
| P342.M | Persoas beneficiadas (mulleres) | 300,0 | Nº |
| SC05.H | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes | 175,0 | Nº |
| SC05.M | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres | 170,0 | Nº |

**E06 - Promover o cooperativismo e a economía social, como forma de xerar emprego e contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| SC16.H | Participantes con discapacidade. Homes | 1.645,0 | Nº |
| SC16.M | Participantes con discapacidade. Mulleres | 935,0 | Nº |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 1.370,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 1.560,0 | Nº |
| SE01.H | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes | 93,0 | Nº |
| SE01.M | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres | 93,0 | Nº |
| P190.H | Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ | 100,0 | Nº |
| P190.M | Persoas que se incorporan como socios traballadores ou de traballo, ou a través de fórmulas de autoemprego, a cooperativ | 120,0 | Nº |

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

## Conclusións:

No ámbito de actuación desta consellería atópanse áreas nas que ten gran importancia a consideración da perspectiva de xénero á hora de deseñar, desenvolver a avaliar as actuacións que se realizan, e valórase positivamente que se establezan medidas de discriminación positiva, que permitirán acadar unha maior participación das mulleres no mercado laboral, dado que a súa taxa de actividade e de ocupación é menor que a dos homes e a súa taxa de desemprego é máis alta.

Que se fomente o aproveitamento do talento feminino nas entidades da economía social, para acadar unha maior representatividade nos seus órganos de dirección e xestión.

Que se teñan en conta as cuestións de xénero na negociación colectiva, incrementándose o número de convenios que introducen no seu articulado cláusulas sobre igualdade de trato entre homes e mulleres; e mellorando a efectiva aplicación do principio de igualdade de trato e de oportunidades na regulación do acceso e das condicións de traballo das persoas traballadoras.

Que se fomenten as políticas de igualdade nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía, para tratar de incrementar e visibilizar a presenza das mulleres no ámbito científico-tecnolóxico e nas actividades de investigación.

E que se desenvolvan actividades formativas específicas no ámbito do consumo dende o punto de vista do xénero.

Ademais de que, naqueles ámbitos nos que non se van realizar actuacións directas con repercusións de xénero, se integre a perspectiva de xénero de xeito transversal en moitas das actuacións a través do uso dunha linguaxe non sexista e da utilización de imaxes que visibilicen ás mulleres en ámbitos nos que están infrarepresentadas, nos estudos e estatísticas de prevención de riscos, en moitas das convocatorias aplicando criterios de preferencia ás mulleres ou valorando os proxectos que teñan relación coa temática de igualdade, etc.

## IV.7. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego así como as competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional.

Para alcanzar a igualdade entre mulleres e homes e conseguir erradicar a violencia de xénero, é necesario impulsar políticas públicas e modelos educativos con perspectiva de xénero dende a educación básica.

A educación implica fundamentalmente relación, polo tanto, o centro educativo é un espazo privilexiado de cara a construír relacións de xénero baseadas no dereito á igualdade e o respecto pola diferenza. Este xeito de entender a educación obriga a converter o

centro nun espazo no que non estean presentes os estereotipos tradicionais de xénero e no que se forme na educación en igualdade.

Deste xeito, coa educación en igualdade pode conseguirse un compromiso social que supón un principio de xustiza elemental que require tratar a todas as persoas dende a igualdade e con respecto aos seus dereitos fundamentais.

Así, a "Agenda mundial Educación 2030" recoñece que a igualdade de xénero require un enfoque que garanta, non só que as nenas e os nenos obteñan acceso aos distintos niveis de ensinanza e que os cursen con éxito, senón que acaden as mesmas competencias na educación e mediante a educación.

Por iso, as actuacións que se levan a cabo no ámbito educativo xa dende os primeiros ciclos da educación infantil, constitúen un piar básico e fundamental para conseguir a redución das desigualdades por cuestións de xénero e a eliminación dos estereotipos sexistas, de aí que as políticas de igualdade deban inspirar, en cumprimento da Lei orgánica de Educación, a totalidade do deseño da acción educativa da Administración.

Neste sentido, débese salientar a colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a elaboración e o desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. O documento consta de 28 obxectivos e 87 medidas e rexese por catro principios fundamentais:

- Introducir a igualdade de xénero como un elemento transversal e sempre presente na actividade educativa

- Construír unha sociedade igualitaria empregando a educación como medio

- Buscar o obxectivo violencia cero nas aulas e na sociedade

- Educar na integración plena de todas as persoas, por riba da súa opción afectiva ou sexual.

No curso 2016-2017, ademais de incluír a igualdade de xeito transversal nos currículos de todas as etapas educativas, comezouse a impartir por primeira vez unha nova materia de libre configuración autonómica, "Igualdade de xénero", ao alumnado de 1º e 2º de ESO, que se completou en 2018 cunha nova materia de libre configuración para ofertar en 1º de bacharelato "Coeducación para o século XXI". Tamén se implantou un ciclo formativo de grao superior para incluír a perspectiva de xénero na Formación Profesional e vaise continuar cos cursos de formación do profesorado, nos que se aumentarán os contidos relacionados coa igualdade no ámbito educativo.

Así mesmo, dentro da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020, inclúense ferramentas concretas como os Plans Proxecta de innovación educativa ou o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

## PROGRAMA 422A-EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO
## PROGRAMA 422D-EDUCACIÓN ESPECIAL
## PROGRAMA 422E-ENSINANZAS ARTÍSTICAS

O principal obxectivo do programa 422A é garantir a dotación de recursos humanos e materiais nos centros públicos ou mediante concertos con outras institucións nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria, conseguindo a escolarización universal da poboación.

O programa 422D trata de garantir un modelo de ensinanza inclusivo ofrecendo os recursos humanos e materiais necesarios para o alumnado con necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe ou altas capacidades que requira de determinados apoios e atencións educativas de acordo cos principios de non discriminación e normalización educativa.

Dentro do programa 422E aténdese o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanzas artísticas de titularidade da consellería e as súas infraestruturas (conservatorios de música e danza, escolas de arte e superiores de deseño, Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, Escolar Superior de Arte Dramática).

Cómpre sinalar que, segundo se extrae dos datos da memoria, existe unha demanda moi desigual nas distintas ensinanzas en función da especialidade, por parte de alumnos e alumnas, con especialidades como a danza, moda e algunhas de música, nas que case a totalidade de aspirantes son mulleres, o que non deixa de ser un reflexo dalgúns dos estereotipos que aínda persisten na sociedade e que seguen a condicionar, en moitos casos, a elección formativa por parte de mulleres e homes.

Coas actividades que se financian nestes tres programas de gasto trátase de conseguir un ensino de calidade para todo o alumnado, con independencia das súas condicións e circunstancias para poder acadar, entre outros, os seguintes fins: o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade e a iniciativa persoal .

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica en todas as ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

Coas actuacións que se financian no marco destes tres programas de gasto trátase de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico, ademais de levar a cabo as obras necesarias para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios.

Os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garante a autonomía dos mesmos e posibilita dispoñer dos materiais didácticos e dos recursos necesarios. Todo iso constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

O investimento en construción e/ou reforma de centros educativos así como a adquisición de material permite atender á demanda crecente que existe usualmente nas zonas periféricas das grandes cidades e aproxima os servizos educativos aos domicilios das familias, favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral e o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. Ademais, pode contribuír á creación de emprego e contribuír á redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo.

Máis dun 30% das empresas que participaron no ano 2018 en procedementos de contratación da consellería manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que as rexían

Tamén se vixiará dun xeito especial para que nos procedementos de contratación se cumpra coa prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

Salientar que na memoria indícase que se implantou unha nova estratexia na adquisición de material que fomenta a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

Ademais, en desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), en 2020 vaise ter en conta a existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.

Por último cabe sinalar que, dende o punto de vista do emprego público, o 70,78% do colectivo de docentes e mais do 80% do persoal non docente dos centros educativos son de xénero feminino (datos IGE a xaneiro de 2019). Polo que, tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino cualificado.

## PROGRAMA 422C-ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

Este programa de gasto concreta o Plan Galego de Financiamento das Universidades para os anos 2016-2020.

As actuacións que se desenvolven dentro deste programa de gasto están dirixidas a todo o colectivo universitario: alumnado, persoal docente e persoal investigador.

Trátase de facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén de ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén comprometen ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Na memoria tamén se indica que os resultados últimos que se pretende conseguir son, por unha banda, incrementar a taxa de gradación nas titulacións e, por outra, mellorar a empregabilidade dos egresados e egresadas.

Segundo os datos do SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, a presenza feminina nas aulas universitarias galegas alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, un 56,01% no curso 2018/2019 (datos avance SIIU).

Por outra banda, segundo a mesma fonte, no curso 2017/2018 (últimos datos dispoñibles) o 38,10% do persoal docente e investigador das universidades galegas é feminino

Na memoria non se identifican actividades directa ou indirectamente relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Non obstante, entre as accións que se sinala se van financiar en 2020 están as de apoio económico ás mozas e mozos estudantes do Sistema Universitario de Galicia (bolsas, axudas e premios) e tendo en conta a presenza feminina maioritaria entre o alumnado do sistema universitario galego debe supoñerse que as mulleres serán en maior grao receptoras destas medidas de apoio. De feito, no ano 2018 un 63,22% das persoas que se beneficiaron das bolsas foron mulleres.

Tamén se sinala que as 3 universidades galegas contan con unidades específicas de igualdade de xénero.

## PROGRAMA 422G-ENSINANZAS ESPECIAIS

Con este programa de gasto son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas. O Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras

recolle que as escolas oficiais de idiomas deben desempeñar socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía.

As ensinanzas de idiomas abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas, facilitando o exercicio cualificado das competencias profesionais propias dese tipo de ensinanzas e mellorando a capacitación das persoas para o emprego, nun momento de demanda crecente de coñecemento de idiomas dende moitos sectores profesionais.

No ámbito das ensinanzas de idiomas de réxime especial o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, e para a asignación de prazas non se aplican criterios compensatorios por cuestións de sexo.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

Mediante a análise da porcentaxe de ocupación por sexo en función do seu coñecemento de idiomas, espérase unha redución progresiva da brecha de xénero no acceso ao mercado laboral por parte das mulleres, ao ofertar a posibilidade de completar o seu currículo co coñecemento doutras linguas.

## PROGRAMA 422I-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

No marco deste programa de gasto desenvólvense as actividades de formación permanente do profesorado, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento profesional do profesorado para a mellora da práctica educativa.

Segundo se establece no artigo 1.2 do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, as actividades de formación permanente do profesorado "deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade, así como, en materia de igualdade nos termos establecidos na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes".

Ademais, o artigo 3 do dito Decreto tamén establece que un dos obxectivos do plan estratéxico anual de formación do profesorado será que o profesorado adquira as competencias necesarias para poder transmitir ao alumnado o respecto á dignidade das mulleres e á igualdade entre homes e mulleres.

Todas estas previsións completáronse coa aprobación do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que trata de garantir unha oferta continuada e permanente de accións formativas (básicas e/ou especializadas) no ámbito da promoción da igualdade entre mulleres e homes e da prevención e a loita contra a violencia de xénero para todo o persoal, prevendo ademais a valoración da dita formación no acceso á función pública, na promoción profesional e nos concursos.

Por iso, a promoción da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero son unha prioridade do sistema educativo dentro do I Plan de Actuacións para a Igualdade nos Centros Educativos de Galicia 2016-2020, e no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 (Educonvives.gal).

Así, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado para o ano 2020 vai contar cunha ampla oferta formativa tanto básica como avanzada. E as diferentes actividades de formación poderán consultarse telematicamente.

Desta oferta destacan as actividades encamiñadas a:

* Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario, cunha duración mínima de 20 horas, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do Decreto 70/2017.

* Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero, cunha duración mínima de 20 horas, á disposición de todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.

* Formación básica en igualdade no ámbito educativo, cunha duración mínima de 30 horas. Ofertaranse cursos específicos para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.

* Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.

* Actividades de formación avanzada, cunha duración mínima de 50 horas, dedicadas a afondar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

Ademais, a través dos Plans de Formación Permanente do Profesorado, como actividades de formación en centros que mellor se adaptan a unha metodoloxía de traballo proactivo centrado na realidade particular de cada centro, poderase adquirir unha formación de carácter especializado. Para iso, os centros que opten por un plan formativo en igualdade, poderán contar co apoio e asesoramento do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa a través da Asesoría de Igualdade.

Deste xeito, a perspectiva de xénero estase a implantar de xeito transversal na formación do profesorado. A medida na que se está a traballar é o aumento da oferta de cursos en liña e mixtos que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, particularmente nas áreas nas que as mulleres están subrepresentadas, como pode ser a do profesorado de FP.

Así mesmo, na formación interna da propia Rede de Formación do Profesorado, estase a facer fincapé no deseño de actividades formativas que integren unha linguaxe inclusiva e coeducada.

Finalmente débese mencionar que nas actividades de gran formato realizadas en sábado contarase cun servizo de ludoteca de para nenos e nenas de 3 a 12 anos baixo demanda para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e a corresponsabilidade dos e das docentes, desenvolvendo así unha das medidas previstas no Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade.

Os resultados do programa tradúcense nun saldo dun 26% de certificacións de actividades de formación a homes e un 74% a mulleres.

## PROGRAMA 422M-ENSINANZA SECUNDARIA, DE FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas que representan o 46% do alumnado non universitario

Coas actuacións previstas neste programa de gasto, faise unha aposta decidida pola formación profesional, vinculándoa ás demandas do tecido produtivo de cada zona, e conseguindo que o sector empresarial a conciba como unha gran oportunidade, tanto para contar con capital humano altamente formado, como para medrar en competitividade.

O obxectivo último das actividades que se desenvolven e financian é o de capacitar ao alumnado para o exercicio da actividade profesional, satisfacendo as necesidades individuais e de emprego; Ademais, trátase de promover unha oferta formativa de calidade, proporcionar información e orientación profesional e de cualificacións para o emprego e incorporar ás ofertas formativas aquelas accións de formación que capaciten para desenvolver actividades empresariais e o espírito emprendedor, e avaliar e acreditar a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición.

A oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece a formación e cualificación profesional e o aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterizase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar estudo e formación coa actividade laboral, coas responsabilidades familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais.

Para reforzar esta flexibilidade, en Galicia existe a posibilidade de ofrecer as ensinanzas de formación profesional en unidades formativas de menor duración certificables no ámbito da propia comunidade autónoma. Ademais, esta formación poderá concentrarse en determinados períodos do ano, polo que se adapta mellor aos intereses das persoas adultas e facilita a conciliación entre os estudos e as responsabilidades familiares ou doutro tipo que se deban asumir.

É previsible que esta opción sexa utilizada en maior proporción por mulleres xa que seguen a ser as que, de xeito maioritario, asumen as responsabilidades de coidado e atención a menores ou maiores.

Continuarase coa implantación progresiva da formación profesional dual co obxecto de mellorar a cualificación profesional das persoas combinando os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria e isto débese, en moitos casos, á existencia de prexuízos que levan a distinguir entre estudos e profesións "de homes" e profesións "para mulleres".

Para paliar esta situación, na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

E tamén por iso, os currículos de formación profesional teñen que servir como un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero.

Salientar que no CIFP A Xunqueira, en Pontevedra, impártese o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero.

E que nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica se inclúen contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social, tal e como se recolle no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional

básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

Neste programa tamén se está a implantar unha nova estratexia na adquisición de equipamento didáctico que fomente a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mozas e mozos, mulleres e homes na sociedade.

## PROGRAMA 423B-SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

A prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro é fundamental na procura dun ensino de calidade e mellora continua. Estes servizos complementarios deben responder ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, xa que constitúen actividades que teñen unha importante repercusión, entre outras cousas, na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

Con cargo a este programa orzamentario desenvólvense, entre outras, as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e o acceso á mesma en igualdade de condicións. Financia, por exemplo, a xestión do servizo de comedor e transporte escolar e acompañante levada a cabo pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos centros docentes públicos, as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos Concellos e as ANPAS, as actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares, as actuacións derivadas do Plan de potenciación das linguas estranxeiras e as axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario.

Sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, ademais de constituír un importante recurso á hora da conciliación da vida familiar, laboral e persoal. Na procura disto, os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos permiten manter os niveis do servizo.

Continuárase atendendo as necesidades de transporte adaptado dos/as escolares con discapacidades importantes e poñerase transporte e comedor aos usuarios/as lexítimos/as que cursen os cursos primeiro e segundo da nova Formación Profesional básica.

Dentro deste programa tamén se financian actividades dirixidas a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes e de vixilancia e control da saúde do persoal non docente que, en número duns 3.741, presta servizos en centros docentes públicos dela dependentes (o 80,11% do persoal non docente na ensinanza non universitaria son mulleres, de xeito que son as principais destinatarias destas accións).

Polo que respecta aos estudos que se elaboran a partir das avaliacións que se realizan periodicamente, permiten constatar o posible efecto das diferentes políticas de igualdade que se deben desenvolver a fin de garantir o máximo desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Estes estudos inclúen desagregacións por xénero para orientar, como se dun observatorio externo se tratase, as tendencias e os posibles efectos das políticas de igualdade que se veñen a desenvolver nos centros educativos.

Así, os informes elaborados a partir das diferentes avaliacións autonómicas, nacionais ou internacionais, veñen a confirmar as diferenzas de rendemento asociadas ao sexo do alumnado.

En xeral, os rapaces alcanzan unha puntuación media máis alta que as rapazas na competencia en ciencias e na competencia matemática, aínda que unicamente é significativa esta última diferenza. Por outra banda, as rapazas superan aos rapaces na competencia lectora e, neste caso, esta diferenza é significativa en termos estatísticos.

Nas últimas convocatorias dos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria, a porcentaxe de premios ten resultados moi paritarios, así o 48,39% dos premiados foron rapaces e o 51,61% foron rapazas.

Valorar positivamente todas as actividades que, en desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade se van a levar a cabo en 2020 dentro deste programa de gasto:

- Realización dun tratamento específico sobre o fomento da corresponsabilidade e a conciliación dentro da programación da materia de libre configuración para abordar a perspectiva de xénero dende o ámbito educativo.

- Elaboración de orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista do fomento da corresponsabilidade, harmonización de tempos e a conciliación .

- Inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, corresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero.

- Creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en corresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinarios constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.

- Impulso á utilización dos recursos dixitais existentes nos centros para levar a cabo titorías online entre o profesorado e as familias, co fin de facilitar a conciliación.

- Utilización do programa Abalar pola comunidade educativa coma ferramenta estratéxica para comunicación inmediata e instantánea entre o centro educativo e as familias.

- Realización de publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa, con especial incidencia na importancia do reparto equilibrado de tarefas entre mulleres e homes, e a distribución equilibrada dos tempos.

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.

- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

## PROGRAMA 423B-PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

Dentro deste programa desenvólvense medidas en recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na Comunidade Autónoma, articuladas ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administración locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria ou post-obrigatoria, e o contorno laboral.

Estas actuacións implantaranse nos centros educativos que impartan ensino non universitario entre cuxo alumnado haxa unha proporción significativa en desvantaxe desde o punto de vista educativo, cuxas posibles causas poden ser a de pertenza a familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, situación nunha contorna con escaseza de recursos educativos, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna igual ou diferente da utilizada no centro etc., e terán os seguintes obxectivos:

- Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.

- Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.

- Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo.

- Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.

- Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.

- Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: Comunicación lingüística, Competencias sociais e cívicas e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

- Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, dentro de educonvives.gal.

- Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics; Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).

- Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.

En Galicia, de xeito similar ao que ocorre no resto de España, os alumnos teñen máis dificultades que as alumnas para prosperar no sistema educativo, suspenden máis, repiten curso máis e abandonan antes o sistema educativo.

A diferenza de resultados non é puntual. Manifestase dende hai varios anos, curso tras curso. Iso mesmo pasa en todas as comunidades autónomas; en todos os indicadores educativos de progreso (promoción, titulación) e en todos os niveis de ensinanza, desde a educación primaria ata a formación superior.

En todas as ensinanzas: ESO, Bacharelato e ciclos formativos, a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%.

Se os datos se refiren á porcentaxe de alumnado que sae da ESO sen o título de graduado en educación secundaria, obsérvase que arredor do 32% dos alumnos sae sen título da ESO e, no caso das alumnas, arredor do 19%. Unha diferenza en torno a 13 puntos.

## PROGRAMA 561B-INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Este programa de gasto integra os orzamentos destinados ao desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria, a través dunha adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación e a mellora da súa calidade.

Isto implica a introdución duns enfoques adecuados por parte das universidades e a administración que faciliten, por unha parte, a formación e incorporación de persoas investigadoras de talento, e por outra, a creación de un entorno académico que facilite a interacción e o intercambio de coñecemento.

Ademais, trátase de estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas. En particular propón reforzar a investigación no ámbito universitario galego, especialmente na súa aplicación aos procesos empresariais.

A situación de mulleres e homes na investigación universitaria non é equitativa e existen diferenzas de xénero na carreira científica:

- No ámbito académico hai máis mulleres nas etapas de formación universitaria e ao comezo da carreira investigadora.
- As mulleres teñen menor acceso a recursos para investigar.
- A desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes reflíctese na produción de coñecemento científico.
- Segundo os datos do SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, no curso 2017/2018 (últimos datos dispoñibles) o 38,10% do persoal docente e investigador das universidades galegas son mulleres

As accións de fomento da actividade investigadora mediante contratos pre e post doutorais e grupos de investigación, deseñadas no marco deste programa de gasto, están a provocar un incremento porcentual no número de mulleres que se dedican á actividade investigadora de case un punto porcentual por ano.

Valorar positivamente que se teña incluído como causa de flexibilización na acreditación de requisitos (data de obtención de títulos ) para o acceso ás axudas a formación predoutoral e postdoutoral o coidado de maiores e menores a cargo.

E salientar que en 2018, concedeuse a ampliación de contrato polo mesmo tempo que a interrupción, a seis persoas cun contrato de formación postdoutoral e a dúas persoas con axudas predoutorais (concedeuse esta ampliación a todo o persoal investigador que solicitou prórroga de contrato por maternidade, risco de embarazo, lactancia , etc.).

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres nos programas desta Consellería.

Agás nos ciclos formativos, a porcentaxe de alumnas supera á dos alumnos en todas as ensinanzas, tamén é superior o persoal docente feminino que participa en actividades

formativas. En cambio a porcentaxe de mulleres que reciben bolsas en FP e secundaria obrigatoria e dun 40%.

*Cadro 5.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente**

PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

**E02 - Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| DE021H | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes | 271,0 | Persoas/ano |
| DE021M | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres | 380,0 | Persoas/ano |
| SC06.H | Persoas menores de 25 anos de idade (Homes) | 5,0 | Nº |
| SC06.M | Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres) | 8,0 | Nº |

PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

**E01 - Mellorar a calidade da educación e os resultados dos e das escolares galegos/as, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e as infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P1020H | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes | 27.389,0 | Nº |
| P1020M | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres | 26.142,0 | Nº |
| P1019H | Alumnado matriculado en centros públicos. Homes | 70.987,0 | Nº |
| P1019M | Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres | 65.991,0 | Nº |
| DOC035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación | 2.700,0 | Nº |

**E02 - Mellorar a calidade da docencia e da oferta docente do sistema universitario de Galicia.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P033.H | Alumnado beneficiario por bolsas. Homes | 583,0 | Nº |
| P033.M | Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres | 1.002,0 | Nº |
| P1021H | Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes | 26.329,0 | Nº (media) |
| P1021M | Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres | 33.530,0 | Nº (media) |
| P128.H | Alumnado matriculado UNED (Homes) | 4.360,0 | Nº |
| P128.M | Alumnado matriculado UNED (Mulleres) | 5.802,0 | Nº |

**E03 - Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P1020H | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes | 435,0 | Nº |
| P1020M | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres | 225,0 | Nº |
| P1019H | Alumnado matriculado en centros públicos. Homes | 503,0 | Nº |
| P1019M | Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres | 271,0 | Nº |
| DOC035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación | 4.725,0 | Nº |

## E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

### PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

#### E04 - Mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e dos seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P033.H | Alumnado beneficiario por bolsas. Homes | 15,0 | Nº |
| P033.M | Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres | 25,0 | Nº |
| P109.H | Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Homes | 3.000,0 | Nº |
| P109.M | Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Mulleres | 3.700,0 | Nº |
| P108.H | Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Homes | 8.379,0 | Nº |
| P108.M | Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Mulleres | 17.780,0 | Nº |
| P310.H | Títulos emitidos polas EOIs (Homes) | 2.219,0 | Nº |
| P310.M | Títulos emitidos polas EOIs (Mulleres) | 4.350,0 | Nº |

#### E05 - Garantir a capacitación adecuada do profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas derivadas da implantación da Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P281.H | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. | 16.900,0 | Nº |
| P281.M | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. | 47.000,0 | Nº |

#### E08 - Potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación e cualificación profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando ciclos, procedementos e medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional.

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P033.H | Alumnado beneficiario por bolsas. Homes | 2.560,0 | Nº |
| P033.M | Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres | 1.710,0 | Nº |
| P1020H | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes | 16.088,0 | Nº |
| P1020M | Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres | 15.402,0 | Nº |
| P1019H | Alumnado matriculado en centros públicos. Homes | 70.866,0 | Nº |
| P1019M | Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres | 65.892,0 | Nº |
| DOC035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación | 3.232,0 | Nº |
| P231.H | Participantes en ciclos formativos (Homes) | 3.639,0 | Nº |
| P231.M | Participantes en ciclos formativos (Mulleres) | 1.325,0 | Nº |
| P234.H | Participantes na Rede Galega de Viveiros de Empresas en Centros Educativos | 298,0 | Nº |
| P234.M | Participantes na Rede Galega de Viveiros de Empresas en Centros Educativos | 195,0 | Nº |
| P281.H | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. | 1.100,0 | Nº |
| P281.M | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. | 1.400,0 | Nº |

#### E09 - Reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizado

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P232.H | Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR). | 1.050,0 | Nº |
| P232.M | Participantes en programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR). | 815,0 | Nº |
| P237.H | Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio -PROA. Homes | 21.772,0 | Nº |
| P237.M | Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio -PROA. Mulleres | 20.176,0 | Nº |
| P281.H | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. | 2.605,0 | Nº |
| P281.M | Persoal docente que participa en accións formativas da Redede Formación. | 5.967,0 | Nº |

E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

E05 - Eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e garantir que este alumnado, máis o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P034.H | Alumnado beneficiario do transporte escolar. Homes | 31,2 | % |
| P034.M | Alumnado beneficiario do transporte escolar. Mulleres | 31,2 | % |
| P035.H | Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Homes | 31,7 | % |
| P035.M | Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Mulleres | 31,7 | % |
| P032.H | Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Homes | 59,0 | % |
| P032.M | Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Mulleres | 59,0 | % |
| P037.H | Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Homes | 33.094,0 | Nº |
| P037.M | Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Mulleres | 32.047,0 | Nº |
| P115.H | Alumnado premiado (Homes) | 39,0 | Nº |
| P115.M | Alumnado premiado (Mulleres) | 47,0 | Nº |
| P038.H | Alumnado usuario de libros dixitais (Homes) | 8.549,0 | Nº |
| P038.M | Alumnado usuario de libros dixitais (Mulleres) | 9.079,0 | Nº |
| P00148 | Número de accións de información, formación, sensibilizaciónen materia de violencia de xénero. | 1,0 | Nº |

Fonte: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

**Conclusións:**

Todas as medidas para implantar e considerar a perspectiva de xénero no ámbito educativo contribúen de xeito decisivo e constitúe un piar básico para conseguir o obxectivo dunha igualdade de oportunidades entre mulleres e homes real e efectiva, xa que o sector educativo, e a escola como lugar de estudo, teñen moita influencia sobre o aprendizaxe e brindan a posibilidade de cuestionar os roles de xénero asignados.

Por iso, valórase positivamente que se potencie a formación permanente e a actualización dos coñecementos, actitudes e habilidades do profesorado en temáticas relacionadas coa igualdade de xénero, co obxectivo de que o profesorado asuma e interiorice os valores e modelos que despois transmitirá ao alumnado.

Que se desenvolvan accións no ámbito educativo que contribúen a favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Que se continúen a programar actividades en desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, que se configura como un instrumento de planificación básico que integra todas as medidas de fomento e promoción da igualdade que se desenvolverán no ámbito educativo, con medidas concretas, obxectivos e indicadores que permitirán levar a cabo o seguimento das actuacións e a avaliación dos resultados.

Que se trate de aproveitar o talento feminino no ámbito da investigación universitaria.

E que se inclúa a perspectiva de xénero de xeito transversal en moitas das actuacións que se desenvolven, especialmente no deseño, xestión e seguimento dos procedementos de contratación e convocatorias de subvencións.

## IV.8. VIII. CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

A Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura en todas as facetas, dentro e fóra de Galicia; conservación do patrimonio cultural e documental; patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións; protección, promoción, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago; promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións culturais e docentes de interese galego.

### PROGRAMA 151A-FOMENTO DA LINGUA GALEGA

No marco deste programa de gasto desenvólvense as actuacións de fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de promoción do galego, que buscan impulsar a incorporación desta lingua a ámbitos prioritarios como son o socioeconómico, o das tecnoloxías da información e da comunicación, o xudicial ou as franxas de idade máis novas.

O resultado que se pretende conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e a súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Na memoria indícase que o ano 2020 será decisivo para executar o Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade, que supón unha aposta estratéxica para favorecer que a xente nova opte pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da súa vida. Con este fin, o Plan busca darlle visibilidade ao galego en nove áreas: asociacións, deporte, lecer, industrias culturais, formación continua, comunicación dixital e redes sociais, ensino, familia e emprego e emprendemento.

Isto complementarase tamén co impulso da transmisión do galego aos nenos e nenas nas Escolas de Nais e Pais.

E salientar que en 2020 vaise continuar coa campaña de dinamización da lingua galega dende a perspectiva de xénero e a igualdade entre homes e mulleres ao abeiro do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, dirixida preferentemente ao público infantil e xuvenil.

Ademais, en todas as actividades que se desenvolven promóvese o emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Préstase especial atención a unha utilización non sexista do galego nos contidos e na docencia dos cursos de lingua galega de todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e da xustiza, etc.) e nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista.

Esta atención especial tamén está presente nas publicacións e traballos de investigación que se producen, editan e financian.

E un dos criterios de valoración das obras que se presentan á convocatoria de axudas para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é que se promova de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados nos materiais, "a igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan".

Obsérvase unha aceptación significativa e crecente por parte das mulleres cara as actividades que se veñen desenvolvendo a través deste programa. Nas actividades formativas rexístrase un número de mulleres superior ao de homes, na proporción de entre un 60%/70% de mulleres, fronte o 40%/30% de homes:

Sirvan para ilustrar este feito os datos que se desagregan a continuación:

Persoas destinatarias de cursos: no que vai do ano 2019, un 74% do alumnado son mulleres

Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): un 68% das persoa presentadas mulleres

O 92% do profesorado colaborador son mulleres

En distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no que vai de ano, como: Sesións de teatro , concertos, etc. prodúcese unha maior participación feminina.

E co impulso das plataformas para impartir os cursos CELGA en liña fíxose unha achega á conciliación da vida familiar e formativa, das mulleres e dos homes ao aforrar custos de tempo e de desprazamento a centros formativos.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

O número de bolseiros/as do Centro Ramón Piñeiro e de lectorados/as nas universidades, tanto dentro como fóra de Galicia no ano 2018 foi de 30 dos que 23 eran mulleres (76,6%), o que supón un incremento na porcentaxe de mulleres bolseiras con respecto ao 2017

a) Persoas destinatarias de cursos: no ano 2018 convocáronse 33 cursos Celga e 35 cursos de linguaxes específicas o que fai un total de 68 cursos, cun total de 1925 alumnos, un 67% mulleres (1290).

b) Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): 2670 persoas presentadas, das cales 1720 foron mulleres (64,42%).

c) Profesorado colaborador: 33, dos cales 4 son homes (12%) e 29 mulleres (88%).

d) En distintos programas de dinamización lingüística que levou a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no ano 2018, como Sesións de teatro co espectáculo "Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos", ás que asistiron 620 persoas das que 373 eran mulleres (60%) e 247 homes (40%), Concerto Pakolas, cun número de asistentes de 1180 persoas, 614 mulleres (52 %) e 566 homes (48%), O Castiñeiro do Apalpador cun número de persoas participantes nos distintos concellos de 659, dos que 359 eran nenas (54%) e 300 nenos (46 %). Maior participación feminina produciuse tamén no concerto didáctico Picariño, cun número de asistentes de 450 persoas, sendo 237 mulleres (53 %) e 213 homes (47 %).

## PROGRAMA 432A-BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS, PROGRAMA 432B-FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E PROGRAMA 433A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

O programa 432A ten como obxectivo contribuír á mellora dos equipamentos culturais e das institucións culturais de referencia (bibliotecas, arquivos e museos de Galicia), non só como centros de conservación do coñecemento e memoria cultural, senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa conservación, protección e difusión da cultura galega. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que albergan estes centros. Tamén inclúe as actividades dirixidas á promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

Dentro do programa 432B desenvólvense as grandes liñas de actuación para o desenvolvemento da cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo.

E o programa 433A ocúpase do apoio e difusión do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións tanto en Galicia coma no exterior. Tamén persegue a protección, conservación, investigación, acrecentamento difusión e fomento do patrimonio artístico, arquitectónico, arqueolóxico etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

O ámbito prioritario de actuación destes programas de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres ben sexa como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados ou como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, e extrapolando a Galicia os datos contidos nas principais fontes e series estatísticas culturais máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estadísticas Culturales 2018 publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte), pódese observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

Por exemplo, o volume de emprego cultural ascendeu en 2017 a 687.200 persoas, pero obsérvanse diferenzas significativas por sexo entre o emprego vinculado ao ámbito cultural e o emprego total, cunha maior proporción de homes (60,7%) fronte ao 54,5% observado no conxunto do emprego.

Polo que se refire aos dereitos de propiedade intelectual xestionados pola Entidades de Xestión, o número de membros destas entidades ascendeu en 2017 a 196.355, o 4% son persoas xurídicas e o 96% restante son persoas físicas. A distribución por sexo destas últimas amosa que só o 23,5% son mulleres e o 76,5% restante son homes.

O gasto medio en bens e servizos culturais no ano 2017 non presenta diferenzas en canto ao sexo das persoas consumidoras (288,7 € no caso dos homes fronte aos 288,3 € no caso dos mulleres) reducindo os dous puntos e medio de diferenza que existía entre mulleres e homes no ano anterior (305,9 € no caso dos homes e 308,4 € no caso das mulleres).

Respecto aos hábitos culturais, as mulleres que visitan museos, exposicións e galerías de arte, representan o 40,1% (fronte ao 38,1% de homes). Tamén é superior a porcentaxe de mulleres que foron a unha biblioteca (27,7% fronte a 23,4%), ou que leron algún libro (66,5% fronte a 57,6%).

E no que se refire ás artes escénicas (teatro, ópera, zarzuela, ballet e danza), un 26,8% dos homes asistiron a estes espectáculos, porcentaxe que ascende ata un 32,9% no caso das mulleres. Polo que se refire ás artes musicais, un 30% da poboación masculina asistiu a concertos de música clásica e actual, mentres que no caso das mulleres a porcentaxe baixa

ao 28,4%. En canto ao cinema, un 54,4% dos homes españois acudiron ao cine mentres que no caso das mulleres, a porcentaxe baixa ao 53,6 %. Obsérvase, polo tanto, unha maior presenza feminina nos espectáculos de artes escénicas, mentres que a tendencia se modifica no caso de concertos de música e cine

Ante esta constatación de que nos diferentes ámbitos en que se estrutura o ámbito cultural galego a presenza dos homes segue a ser superior á das mulleres, tanto a Dirección Xeral de Políticas Culturais como Agadic, pretenden avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións polo feito de ser muller ou home. Por iso, nas convocatorias de axudas valorarase, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. No mesmo sentido, promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas que se contraten e fomentarase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas. Tamén se evitará un uso sexista e excluínte da linguaxe.

Agadic tamén trata de fomentar a dirección feminina no caso da produción de artes escénicas valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica. No caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres naquel sexa superior ao 50%. Ademais puntúase a dirección integramente a cargo dunha muller.

Tamén se evitará a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidirase na promoción daqueles contidos que contribúan a visibilizar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

## PROGRAMA 761A-COORDINACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

De acordo coa Estratexia do turismo de Galicia 2020, este programa inclúe a realización de accións para desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permitan construír un destino único e diferencial, articulado ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha forma de xestión que incorpora a todos os axentes da cadea de valor e que facilita a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo, sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo; mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade.

Tamén recolle a realización de accións para o desenvolvemento da programación cara o Xacobeo 2021.

Dende unha perspectiva de xénero, o programa Coordinación e Promoción do Turismo non é un programa especificamente dirixido á igualdade entre mulleres e homes,

sen embargo o Reto 3 da Estratexia do turismo de Galicia 2020: Proxección nacional e internacional do destino, establece "mellorar a captación e fidelización de viaxeiros cosmopolitas, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada e de calidade. Os procesos de innovación e a tecnoloxía serán motores de cambio no sector dentro dun mercado cada vez máis competitivo e diverso".

O posicionamento de Galicia como destino de calidade implica que a oferta das experiencias turísticas debe estar acorde coa comunicación que se transmite que está dirixida a un público obxectivo onde a muller forma parte activa en igualdade, transmitindo unha imaxe moderna tanto do destino turístico coma da muller.

No exercicio orzamentario 2020, Turismo de Galicia vai velar especialmente para que os elementos da comunicación de Galicia afonden na imaxe moderna da Comunidade Autónoma, outorgándolle ao elemento feminino cada vez máis protagonismo e notoriedade nas campañas, como é o caso da promoción "feminino singular".

Unha das eivas para poder analizar con perspectiva de xénero a situación do turismo, é que mais alá de datos xenéricos desagregados por sexo a nivel de emprego no sector turístico, a información dispoñible por subramas dentro do sector ou do emprego por conta propia é case nula; así como a información sobre o sexo das persoas titulares de empresas turísticas.

Respecto das características das persoas visitantes na comunidade autónoma, en 2016 a porcentaxe de mulleres e de homes turistas en Galicia foi de 49,6 % e 50,4 %, respectivamente. Así mesmo, a porcentaxe de peregrinos e peregrinas que obtiveron a Compostela en 2017 foi de 50,9% de homes e 49,1% de mulleres, o que reflicte unha situación moi equilibrada.

Entre os obxectivos pendentes está o de conseguir condicións de equidade nos salarios e nos cargos nun sector onde as mulleres ocupan unha porcentaxe mínima en cargos de responsabilidade ou dirección, e perciben unha porcentaxe de salario inferior aos homes empregados. Segundo os datos da Organización Mundial do Turismo, as mulleres gañan entre un 10 e un 15 por cento menos que os seus homólogos varóns no sector turístico.

Algunhas das accións que se financian dentro deste programa de gasto e que poden ter impacto de xénero positivo, aínda que beneficien a toda a poboación, son as actuacións de mellora na accesibilidade aos recursos turísticos, xa que poden ter incidencia na decisión de optar por un destino ou outro. Por exemplo, vaise dedicar un maior esforzo orzamentario á mellora de accesos ás praias, o que pode facilitar as visitas con nenos ou nenas ou persoas maiores.

Por outra banda, nas accións de comunicación que programe a Axencia de Turismo de Galicia dentro deste programa de gasto, trataranse de amosar aspectos que fagan

visible e poñan en valor o papel das mulleres na comunidade autónoma, evitando as campañas que poidan resultar "agresivas" en canto á utilización da imaxe da muller. Tamén se utilizarán indicadores que permitan coñecer se a franxa horaria de emisión ou os soportes utilizados son os máis axeitados para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

Nos pregos dos procedementos de contratación para campañas publicitarias que se leven a cabo en 2020 quedará establecido como motivo de exclusión a presentación de propostas que conteñan calquera tipo de cousificación da muller. Así mesmo, nos plans de medios establecerase nos pregos que non se inserirá publicidade institucional nos soportes cuxa liña editorial ou de imaxe sexa manifestamente sexista.

Nas xuntanzas técnicas que se manteñan coas empresas adxudicatarias das campañas de publicidade, invitarase a participar a unha persoa do departamento con competencia en materia de igualdade, de cara a estremar o coidado na selección de imaxes para as campañas que se vaian financiar.

Outras das actividades que poden ter máis incidencia en materia de xénero son as actividades formativas e farase especial fincapé en que o profesorado do Centro Superior de Hostalería de Galicia poña especial coidado na formación en igualdade e nos cursos específicos de formación para o sector incluiranse módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres así como a progresiva ruptura da segregación de xénero no mercado laboral.

Nas accións formativas que se desenvolvan en colaboración coas universidades incidirase na información, sensibilización e educación para a igualdade e nos convenios que se asinen coas entidades sectoriais incluiranse cláusulas que garantan que na comunicación sobre as actividades que se vaian realizar se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico.

Nas ordes de axudas para empresas turísticas valorarase para a concesión a aplicación de políticas de igualdade de oportunidades e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES, como instrumento para dar acceso ás mulleres ao sector turístico.

Os estudos e estatísticas que realice a Axencia de Turismo de Galicia incluirán indicadores que permitan coñecer as desigualdades que existen no sector, tales como número de empresas titulares de homes e mulleres, características destas empresas (tamaño, nº empregados/as, ..)

O programa 761A tamén inclúe accións enfocadas á desestacionalidade do turismo que tamén contribúen a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de actores económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres. E nas accións a desenvolver pola axencia na incentivación de creación de produtos turísticos novidosos e creativos tamén resultan beneficiadas as mulleres, especialmente aqueles que

prioricen a promoción de tecnoloxías aforrativas de tempo, a comercialización —incluíndo a promoción dos servizos/produtos das mulleres— e a capacitación en xestión empresarial.

Impulsarase o recoñecemento aquelas ocupacións tradicionalmente ocupadas por mulleres e moitas veces infravaloradas pero que aportan calidade e un punto de diferenciación ao sector turístico galego.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018 dende o punto de vista do xénero:

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA), o 50,5% do total de ocupados nas ramas características do turismo en Galicia durante o ano 2018 son mulleres.

Ao abeiro das liñas de axudas da Axencia Turismo de Galicia para a realización en 2018 de prácticas formativas tivo a seguinte distribución por xéneros:

-Prácticas en oficinas de información turística da Axencia de Turismo de Galicia: dun total de 8 bolsas, 5 foron para mulleres e 3 para homes.

-Prácticas en mercados emisores en oficinas de turismo de Turespaña: dun total de 8 bolsas, 4 foron para mulleres e 4 para homes.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar.

Obsérvase por regra xeral unha maior presenza de mulleres nas actuacións desta Consellería, cunhas porcentaxes por enriba do 60% agás nas persoas que fan uso das biblioteca de Galicia onde a proporción de mulleres é do 40%.

*Cadro 6.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno**

PA02 - Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia

**E01 - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P334.H | Persoas beneficiarias de bolsas en materia de bibliotecas, arquivos e museos | 19,0 | Nº |
| P334.M | Persoas beneficiarias de bolsas en materia de bibliotecas, arquivos e museos | 42,0 | Nº |
| P219.H | Persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia. Homes | 330.000,0 | Nº |
| P219.M | Persoas que fan uso da rede de bibliotecas de Galicia. Mulleres | 220.000,0 | Nº |

**E03 - Difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e as súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotiá do galego.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P394.H | Bolseiros (homes) | 19,0 | Nº |
| P394.M | Bolseiros (mulleres) | 37,0 | Nº |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 2.665,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 3.686,0 | Nº |

Fonte: Consellería de Cultura e Turismo

## Conclusións:

A consellería de Cultura e Turismo ten o obxectivo de incorporar a perspectiva de xénero de xeito transversal en moitas das actuacións que pretende desenvolver, especialmente no deseño, xestión e seguimento das convocatorias de subvencións.

Ademais, trata de favorecer e incrementar o acceso das mulleres ás actividades culturais que se vaian programar, promovendo tamén a súa empregabilidade no sector das industrias culturais.

E pretende transmitir á sociedade unha imaxe das mulleres libre de estereotipos.

Ademais, dende a Axencia Galega de Turismo trátase de revalorizar económica e socialmente o traballo das mulleres en actividades turísticas, e de superar os esquemas sociais discriminatorios de xénero, eliminando a división sexual do traballo no sector e promovendo a profesionalización das mulleres na oferta turística para reducir a súa concentración en empresas de subsistencia.

E estase a incidir na mellora da accesibilidade dos recursos turísticos, o que favorecerá a decisión das mulleres a favor do recurso turístico accesible e de calidade.

Por todo isto valórase positivamente, dende o punto de vista do xénero, a actuación que este departamento pretende desenvolver en 2020.

## IV.9. IX. CONSELLERÍA DE SANIDADE

Segundo o Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica. Igualmente, asume a dirección do sistema público de saúde de Galicia, conforme aos principios obxectivos da concepción integral da saúde, na cal se inclúe a promoción da saúde, a protección fronte á situación e circunstancias que supoñen un risco para ela, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, a atención ás necesidades de saúde da poboación, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do sistema sanitario.

Así mesmo correspóndelle o exercicio das competencias que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade se recollen na Lei Orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública .

Na maioría dos programas de gasto da consellería dos que facilitan algún tipo de dato que permite realizar unha pequena análise dende o punto de vista do xénero, indícase que teñen carácter universal e van dirixidos a toda a poboación, dando a entender con isto que son motivos suficientes para considerar que non existen diferenzas de xénero que se podan considerar.

Hai que ter en conta que a partir da IV Conferencia Mundial da Muller de Pekín, a OMS situou a redución das desigualdades por razón de xénero, en xeral, e das desigualdades de xénero no ámbito da saúde en particular, entre as súas prioridades. A partir desa data, moitos dos estados, entre eles España, asinaron acordos internacionais que recoñecen ao xénero como determinante da saúde.

Mulleres e homes teñen o mesmo dereito á saúde, pero para conseguir maiores e mellores niveis de saúde é preciso que as políticas sanitarias recoñezan que mulleres e homes, debido ás súas diferenzas biolóxicas e aos roles de xénero, teñen necesidades, obstáculos e oportunidades diferentes.

O xénero é un dos factores dun estado de saúde equitativo, interactúa coas diferenzas biolóxicas e os factores sociais e produce situacións non equitativas nos patróns de risco para a saúde e na utilización dos servizos sanitarios por parte de homes e de mulleres.

Non obstante, en xeral, entre os colectivos profesionais da saúde existe a percepción de que o traballo técnico, sanitario ou de xestión, a adecuación dos recursos ou a formación no ámbito sanitario son neutros dende o punto de vista do xénero, xa que as políticas e as actuacións sanitarias están dirixidas aos problemas de saúde e aos recursos (aos que as persoas, en principio teñen acceso de xeito universal), e non as persoas e, polo tanto, non se consideran nin se prevén impactos diferentes en función do sexo.

Non obstante, isto non é así xa que todas as actuacións que se realizan teñen como destinatarias finais a persoas con diferentes necesidades e demandas de saúde, con diferentes perfís de utilización e acceso aos recursos e, polo tanto, cunha posición de partida diferente.

Así por exemplo, a esperanza de vida das mulleres galegas situábase en 2017, segundo os datos do IGE, nos 86,3 anos, máis de 6 puntos por riba da dos homes. Sen embargo, esta maior lonxevidade non implica unha mellor calidade de vida. Segundo o IGE, no caso das mulleres a porcentaxe de anos vividos con algún tipo de limitación é moi superior á dos homes, case o 30% dos anos vividos.

Tamén a percepción da saúde é peor no caso das mulleres, e incluso os patróns de vida teñen unha clara distribución por xénero. Os homes aínda teñen condutas menos saudables respecto ao consumo de sustancias aditivas (tabaco, alcol, drogas ilegais) e sofren discapacidades en idades máis temperás. Isto pode estar relacionado coas prácticas de risco que asumen debido aos modelos tradicionais de masculinidade.

En cambio, os homes practican máis deporte e dormen máis horas que as mulleres, cos beneficios para a saúde que elo conleva. Isto pode vir dado pola desigualdade na distribución dos tempos de traballo produtivo e de coidados e de ocio e descanso entre mulleres e homes.

As investigacións e os estudos realizados nas últimas décadas, tamén permitiron coñecer que as mulleres presentan con maior frecuencia morbilidade de carácter crónico debilitante, como por exemplo a diabetes ou a artrose. E que as principais causas de morte nos homes maiores de 50 anos son as enfermidades cardiovasculares, o cancro e as causas externas (accidentes e suicidios), por esta orde; mentres que nas mulleres da mesma idade estanse a producir cambios nas causas de morte observándose un incremento proporcional das mortes por enfermidades cardiovasculares e unha redución das producidas por cancro de mama.

E segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), o enfoque de saúde pública baseado no xénero serve para determinar como difiren os resultados, experiencias e riscos sanitarios entre homes, mulleres, nenos e nenas e permite actuar en consecuencia, conseguindo mellores resultados e mellorando así a eficiencia, cobertura e equidade dos programas.

## PROGRAMA 412A E 412B – ATENCIÓN HOSPITALARIA E ATENCIÓN PRIMARIA

Ambos programas comprenden aquelas actividades asistenciais e de xestión de servizos xerais nos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de saúde, así como nos centros concertados para dar resposta efectiva ás necesidades da cidadanía con calidade e garantías.

Recollen, entre outros, algúns obxectivos que poden ter unha maior incidencia dende o punto de vista do xénero:

- Potenciar a telemedicina, a atención domiciliaria e a atención non presencial.
- Mellorar a información e o acceso ao sistema sanitario de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías de información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).
- Continuar coa incorporación de novos servizos no Centro de Servizos Sanitarios Multicanle e de relación paciente-administración sanitaria, como é o canal É-saúde
- Facilitar información sobre educación sanitaria e prevención e promoción da saúde a través da Escola Galega de Saúde e seguir aproveitando as vantaxes que ofrecen as redes sociais para a promoción de hábitos de vida saudables.
- Prestar unha atención integral a colectivos específicos con necesidades diferenciadas como son os pacientes anciáns, nenos, a muller e a saúde mental.

Na memoria volve a indicarse que estes dous programas diríxense a toda a sociedade polo que non se identifican obxectivos específicos ou repercusión directa ou indirecta na igualdade entre mulleres e homes.

Non obstante poderíase, por exemplo, utilizar a Escola Galega de Saúde para programar actividades específicas relacionadas coa corresponsabilidade (obradoiros de formación sobre o papel de pai coidador), ou obradoiros de autocoidado dirixidos ás mulleres que coidan persoas con dependencia no ámbito familiar, etc.

Tamén sería importante considerar as cuestións de xénero na recollida de datos estatísticos e de seguimento das actuacións que se levan a cabo no marco destes dous programas de gasto, para dispor de datos desagregados por sexo que permitan avaliar as diferenzas en canto a utilización destes recursos por homes e mulleres.

## PROGRAMA 413A-PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores.

Para isto, preténdese manter e actualizar os programas que se veñen levando a cabo, nos ámbitos da promoción de estilos de vida saudable, da prevención de enfermidades transmisibles, dos programas de cribado, dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica e dos programas de vixilancia epidemiolóxica.

Neste programa tamén se levan a cabo as actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA, as

actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias así como as relacionadas coa atención á saúde mental, desenvolvendo programas de trastorno mental grave destinados á atención integral desde as fases precoces, desenvolvendo os programas de psicoxeriatría e potenciando a investigación en saúde mental.

Na memoria indícase que as persoas beneficiarias das actividades que se desenvolven e financian son todos os galegos e galegas, aínda que tamén confirma que algunhas actividades poden ter un impacto diferente en homes e mulleres, e nos distintos grupos de idade e volve a poñer como exemplo a vacina do virus do papiloma humano que se administra a nenas de 12 anos, o cribado de cancro de mama que se realiza en mulleres entre 50 e 69 anos, o cribado de cancro de colon nas persoas entre 50 e 69 anos, ou o cribado de cancro cervical no que se está a traballar e que se prevé realizar as mulleres de 25 a 65 anos .

Aínda que a consellería non as menciona, as diferenzas entre mulleres e homes existen tamén noutros ámbitos que se definen como primordiais na memoria como son as actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA, as actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias, ou as relacionadas coas enfermidades mentais, tendo en conta por exemplo que enfermidades mentais como a depresión e a ansiedade teñen unha presenza case tres veces superior en mulleres que en homes.

Ademais, dado que un dos obxectivos declarados deste programa de gasto é o de "identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores", habería que ter en conta antes de realizar calquera planificación ou programación, que mulleres e homes non sempre comparten os mesmos factores de risco nin os mesmos factores de protección da saúde. Así, existe unha maior prevalencia en mulleres das enfermidades cardíacas, óseas, musculares, depresivas, trastornos alimentarios, fibromialxia, etc.

E para poder ter isto en conta, tamén resulta fundamental dispoñer de datos desagregados por sexo que permitan facer unha análise previa e posteriormente un seguimento e avaliación dos resultados, o que posibilitaría unha maior adecuación das propostas e actuacións que se desenvolvan no ámbito da saúde.

## PROGRAMA 414A-FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS E PROGRAMA 561C-INVESTIGACIÓN SANITARIA

O programa 414A comprende e financia un conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos e habilidades dos e das profesionais do sistema sanitario, no aspecto asistencial, preventivo e de xestión; desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos e das especialistas do futuro e colaborar co sistema educativo

tanto nos niveis preuniversitarios como universitarios e posgraduado, na formación do alumnado nos centros do Servizo Galego de Saúde.

O programa 561C ten como finalidade xenérica facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario e o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+I en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica e para a mellora da saúde da cidadanía.

Polo que se refire a actuacións que incidan na promoción da igualdade entre mulleres e homes, o departamento só sinala que se promove a participación equitativa nas distintas actividades de formación que se desenvolven, pero carécese de datos desagregados relativos ás persoas que asisten a esta formación.

Deberían desenvolverse actividades formativas específicas sobre xénero e saúde dirixidas a todos os colectivos profesionais implicados na prevención e atención dos problemas de saúde, incluídas as diversas estruturas administrativas. Esta análise pode chegar a influír en moitos aspectos da asistencia sanitaria (accesibilidade, esforzo diagnóstico ou terapeútico, precisión diagnóstica, etc).

Tamén sería positiva a formación sobre prevención e atención a mulleres vítimas de violencia de xénero ou atención específica a mulleres en situación de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

E debería promoverse a incorporación de indicadores de xénero nas investigacións que se leven a cabo.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar.

Dos indicadores seleccionados saliéntase a minoritaria presenza de mulleres nos programas de atención á saúde mental e á drogodependencia, nos que as mulleres soamente son o 21%, nos programas de atención sociosanitaria as mulleres representan o 57% do total de persoas atendidas.

*Cadro 7.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social**

PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables

E02 - Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e coidadores/as.

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P00012 | Participantes no programa de cribado de cancro de mama | 81,0 | % |
| P402.H | Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Homes | 16.699,0 | Nº |
| P402.M | Persoas beneficiarias de programas de atención á drogodependencia e á saúde mental. Mulleres | 4.447,0 | Nº |
| P408.H | Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Homes | 2.743,0 | Nº |
| P408.M | Persoas beneficiarias de programas de atención sociosanitaria. Mulleres | 3.704,0 | Nº |

Fonte: Consellería de Sanidade

**Conclusións:**

Dende o punto de vista do impacto que podan ter sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, valóranse positivamente todas as accións que se pretenden desenvolver e financiar e que tratan de mellorar a saúde e o coidado e de facilitar o acceso aos recursos e servizos sanitarios.

Así, nas principais liñas de acción do SERGAS para 2020, recóllese que se vai a seguir perfeccionando e mellorando a accesibilidade en todas as súas dimensións, intentando acadar mellor tempos de resposta, mellor trato, mellora de horarios e sistemática de citación, para evitar desprazamentos innecesarios. Para iso, ampliaranse os servizos telemáticos da plataforma é-saúde e continuarase a estender o servizo de acceso delegado (para acceso a información clínica dos pais e nais, titores e persoas coidadoras das nenas/nenos/persoas ao seu cargo); Tamén se van ampliar os servizos telemáticos de control e seguimento dos e das pacientes no ámbito da atención primaria (Programa Telea).

E unha das principais prioridades que se marca o SERGAS para 2020 é a de homoxeneizar as actuacións en todo o Sistema Sanitario Público de Galicia para mellorar a atención sanitaria nos casos de violencia de xénero. O obxectivo é realizar unha efectiva detección temperá destes casos. Os servizos de atención primaria e os servizos de urxencias, tanto hospitalarios como extrahospitalarios, xogan un papel fundamental pola súa accesibilidade e dispoñibilidade e polo acercamento que pode ter a atención primaria coa vítima. O 'infradiagnóstico' é un dos grandes retos na loita contra violencia de xénero. O Sergas constituíu un grupo de traballo multidisciplinario en novembro de 2018 que revisa, actualiza, define e centraliza todas as accións nesta materia.

E para o ano 2020 vanse actualizar os protocolos de atención nas urxencias de atención primaria e hospitalarias, definirase material formativo e informativo (vídeos de xénero e saúde), definirase o protocolo de actuación ante o maltrato infantil, e vanse desenvolver xornadas específicas con esta temática. Ademais, participarase na Comisión contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do SNS e no Observatorio de Saúde das Mulleres.

Outro dos ámbitos de actuación vai ser ofrecer ás persoas anciás a posibilidade de manterse de forma activa no seu domicilio. (Hai que ter en conta que as mulleres son maioría neste colectivo. Supoñen o 57% no rango de idade entre 75-79 anos, o 63% no rango de idade de máis de 80 anos, o 60% no rango entre 80-84 anos e superan o 66% a partir dos 85 anos). Tamén se vai continuar dentro do programa de envellecemento saudable coa acción "coidando ao coidador", da que é previsible que teña gran impacto nas mulleres xa que representan a maior porcentaxe de persoas coidadoras.

O SERGAS tamén vai continuar en 2020 cos programas específicos de prevención de cancro xenital ; programas de detección precoz e vías rápidas para o cancro de mama; planificación familiar; educación sexual; prevención de enfermidades de transmisión sexual; preparación ao parto; atención ao embarazo, parto e puerperio (incluíndo medidas para reducir a taxa de cesáreas); consulta perimenopáusica; así como actuacións específicas de prevención e atención a casos de violencia machista e actividades educativas a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

E vanse crear puntos de apoio á lactación nos Centros de Saúde. Ademais, profesionais do Servizo Galego de Saúde van participar de forma activa no novo Plan Integral de Apoio á muller embarazada.

Reforzaranse os principios da conciliación da vida familiar e laboral do persoal empregado público do ámbito sanitario, facéndoos compatibles coas necesidades da atención permanente e continua da poboación galega.

Ademais, en 2020 implantarase o I Plan de Igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde; Este plan define un conxunto ordenado de medidas específicas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación en distintas áreas da organización que comprenden a selección e promoción profesional, a política salarial, a formación, a ordenación do tempo de traballo e a conciliación así como situacións de especial protección como no caso de violencia de xénero, co obxectivo de acadar a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e de eliminar a discriminación por razón de sexo nas institucións sanitarias da sanidade pública de Galicia.

Tamén se valora especialmente, pola importancia que ten de cara a mellorar a atención a este colectivo, que se vaia continuar co desenvolvemento da unidade de referencia para a atención sanitaria de menores transexuais en Galicia.

## IV.10. X. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

O Pilar Europeo de Dereitos Sociais, que foi proclamado conxuntamente polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión Europea o 17 de novembro de 2017, e que trata de dar á cidadanía europea dereitos sociais novos e máis efectivos, recolle como un dos seus principios a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, que debe garantirse e fomentarse en todos os ámbitos.

A Consellería de Política social é a responsable de propor e executar as directrices xerais do goberno galego no ámbito do benestar, as políticas sociais e a revitalización demográfica.

No que atinxe ás competencias en materia de servizos sociais, inclúense as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, promoción da autonomía persoal e a

atención ás persoas en situación de dependencia, así como as políticas de xuventude e voluntariado e as políticas e programas de revitalización demográfica.

Na maioría de ámbitos de actuación desta consellería pódense detectar situacións de desigualdade de xénero:

Por unha banda, as mulleres continúan a ser as persoas que de xeito maioritario asumen o coidado dos nenos e nenas e/ou das persoas dependentes, o que limita as súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral e á formación.

Por outra banda, os datos sobre condicións de vida amosan que as mulleres teñen un maior risco de pobreza en moitos dos casos como consecuencia das condicións adversas de acceso ao mercado laboral, a súa dedicación a tarefas non remuneradas, déficits en educación e formación profesional, etc. Isto fai que poidan atoparse en situacións de dependencia económica e de maior risco de exclusión.

E non se poden afrontar políticas de revitalización demográfica sen considerar ás mulleres como un elemento clave neste proceso.

## PROGRAMA 312A-PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

As distintas actuacións do programa están destinadas ás persoas afectadas por unha carencia de medios económicos e en situación de risco ou exclusión social, mediante prestacións de inclusión social, así como mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, procurar a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais

Polo tanto, as axudas e prestacións contempladas neste programa actúan como un elemento de cohesión social para seguir avanzando na procura do equilibrio de dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión e o dereito a un acompañamento a apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións, tal e como se pretende coa aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Ademais, a recente aprobación do novo Decreto que desenvolve a Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, espérase que produza un maior impacto preventivo, porque a súa regulación mellora a protección das persoas beneficiarias e habilita os novos complementos do tramo persoal e familiar da RISGA: tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 60 % de mulleres e un 40 % de homes.

Respecto da RISGA, o perfil maioritario das 14.338 persoas beneficiarias en 2018, dato obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 35 e 54 anos, solteira, casada ou separada con cargas familiares que vive soa ou coa familia nuclear en zona urbana.

En canto ás AIS concedidas no ano 2018, o 63,37 % das persoas perceptoras foron mulleres.

E a porcentaxe de mulleres sobre o total de persoas que recibiron a Axuda Social Extraordinaria de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos foi do 67%.

Neste programa de gasto desagréganse por sexo os seguintes indicadores de seguimento: número de persoas beneficiarias da RISGA, número de persoas beneficiarias de AIS, número de persoas beneficiarias de FAS, número de persoas beneficiarias da Axuda extraordinaria .

Valórase de xeito moi positivo que, dado o maior perfil de risco que presentan as mulleres, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, prevexa unha acción positiva de xénero para o acceso á RISGA e as AIS establecendo que, en condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia. Tamén está previsto un tratamento específico no caso de situacións de violencia de xénero axilizando a tramitación dos expedientes para estes supostos.

## PROGRAMA 312B- PROGRAMA DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

Este programa de gasto está dirixido, por unha banda, a abordar a dinámica de declive demográfico de Galicia e por outra, a atender as necesidades das familias nas súas distintas modalidades, garantindo o seu benestar e libre desenvolvemento, así como a súa protección integral, na orde xurídica, económica e social, como unidade e de cada un dos seus membros, e especialmente dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

Galicia é a segunda comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida. O índice conxuntural de fecundidade en Galicia é o terceiro máis baixo de España, con 1,04 nacementos por cada mil mulleres en idade fértil, fronte á media estatal de 1,25 (INE datos provisionais 2018) e os 1,59 da Unión Europea (Eurostat 2016, UE-28). Así mesmo, as persoas de entre 15 e 30 anos supoñen o 12,68% da poboación total de Galicia fronte ao 15,19% no conxunto do Estado e o 17% de Europa.

Pola súa banda, as familias galegas demandan cada vez máis medidas e recursos de calidade que permitan compatibilizar as responsabilidades laborais coas tarefas de atención e coidado necesarias para o sostemento da vida no ámbito privado.

As dúas premisas anteriores e a experiencia comparada no contexto da Unión Europea permite concluír que unha política de conciliación axeitada é esencial para que as persoas poidan manter o equilibrio nas diferentes dimensións da vida e para mellorar o seu benestar, saúde e capacidade de traballo, repercutindo na participación no mercado laboral ou nas taxas de fertilidade.

Para atender estes desafíos é preciso crear contornos favorables para o libre desenvolvemento das familias, apoiándoas nos maiores gastos que supón a crianza durante os primeiros anos de vida e poñendo a súa disposición recursos accesibles e de calidade para a atención infantil, obxectivo ao que responden as medidas recollidas neste programa de gasto.

Débese ter en conta que Galicia xa supera a ratio de cobertura do 33% aconsellada pola Unión Europea, chegando a máis do 44% da poboación infantil menor de tres anos en canto a prazas sostidas con fondos públicos.

E que actuacións concretas como a posta en marcha de casas niño no rural poñen en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral.

A continuación recóllense algunhas das actuacións que está previsto desenvolver en 2020 e que poden ter maior repercusión dende o punto de vista do xénero:

Concesión do Bono coidado na contía máxima a aquelas mulleres que, cumprindo o resto de requisitos esixidos, sexan vítimas de violencia de xénero.

Continuarase a traballar na adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís 0-3, daráselles prioridade e bonificarase ás familias monoparentais nas escolas infantís 0-3 e reservarase o 5 % das prazas de escolas infantís dependentes da Xunta para casos urxentes (fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero).

Tamén terán consideración preferente as vítimas de violencia de xénero para ser titulares dunha casa niño, outorgándolles unha puntuación adicional sobre o resto de solicitudes.

Tamén terán acceso preferente a estes recursos de conciliación, no suposto de que a casa niño teña unha demanda de prazas superior ás que se ofertan, as mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello en que se sitúe a casa niño ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade.

As mulleres vítimas de violencia de xénero tamén terán a posibilidade de presentar solicitude para acceso ao Bono Concilia fóra do prazo ordinario, se residen en concellos onde non existen escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos, e se lles expida a do-

cumentación acreditativa desta condición con posterioridade á finalización do dito prazo. E outorgaráselles unha puntuación adicional sobre o resto de solicitudes que lles dá acceso preferente a este programa.

Vaise manter a prestación para familias con nenos e nenas menores de 3 anos e con rendas inferiores ao límite establecido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para facer a declaración da renda.

Ofertarase o servizo do GOF virtual, para ofrecer apoio e asesoramento ás familias galegas e a calquera persoa, a través do que se poderá facilitar información sobre a igualdade, os dereitos e recursos e servizos que prestan atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, podendo realizar unha derivación axeitada á demanda aos servizos especializados máis adecuados a cada caso.

No ámbito dos programas de atención a menores, polo que respecta ás actividades con repercusión en temas de igualdade, continuarase cos proxectos que fomenten a educación en igualdade e a corresponsabilidade así como os roles non sexistas en ámbitos de convivencia (centros de menores) e impartiranse módulos de igualdade e perspectiva de xénero nas actividades de orientación e inserción sociolaboral. Tamén se organizarán cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.

Por último, está previsto integrar de xeito transversal a perspectiva de xénero en todas as actividades que se desenvolvan e, en especial, incorporarase a igualdade entre mulleres e homes como criterio de valoración nos procesos de contratación de servizos públicos, as estatísticas faranse con perspectiva de xénero e integrarase a perspectiva de xénero no desenvolvemento normativo.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

A totalidade das familias monoparentais que solicitaron prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos tiveron prioridade no acceso e bonificación nos prezos públicos establecidos.

Deuse preferencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as convocatorias dirixidas a persoas físicas ou familias e no programa de casas niño.

Ao abeiro do programa de casas niño están en marcha 60 casas niño en concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes. Con esta actuación aténdese as necesidades de conciliación das familias e ao mesmo tempo póñense en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral e a súa permanencia no territorio, e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

A totalidade das convocatorias de axudas nas que é pertinente e da normativa elaborada incorporan a perspectiva de xénero.

Os centros de protección de menores promoven a educación en políticas de igualdade e convocan anualmente cursos de formación en materia de igualdade de xénero, educación sexual ... co fin de garantir que os nenos, nenas e adolescentes reciban a información/formación necesaria na dita materia.

## PROGRAMA 312C-SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Coas actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto, trátase de avanzar na inclusión da poboación inmigrante, entendendo que a mellor maneira de acadala é a través do emprego, pero sen descoidar outros aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas, o coñecemento da sociedade de acollida e a xestión da diversidade sociocultural poñendo o acento na convivencia.

Trátase de atender as necesidades das persoas inmigrantes con independencia dos seus países de orixe e da localidade na que residan, pero facilitando unha atención especial ás persoas refuxiadas que superen a fase de acollida e acaden as fases de integración e autonomía.

Para elo desenvolveranse itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, que proporcionen a formación prelaboral e laboral precisa e incluso a formación en competencias clave, que permitirá que os e as inmigrantes podan participar en accións formativas de competencias de profesionalidade.

Nestes itinerarios tamén se afondará nos coñecementos de idiomas, e darase a necesaria importancia ao asesoramento especializado en materia de estranxeiría en aspectos como as súas relacións familiares, situación laboral, homologación dos títulos académicos, etc.

Segundo os datos do IGE, a día 1 de xaneiro de 2019 tiñan fixada a súa residencia habitual en Galicia 100.524 persoas de nacionalidade estranxeira, o que supón o 3,7% do total da poboación galega. Deste total, as mulleres representan o 51,83%.

Tendo en conta as maiores dificultades que adoitan atopar as mulleres inmigrantes para conciliar a vida familiar coa realización de actividades formativas, programas de inserción laboral, ou na participación cidadá, pois tanto os coidados de menores como de persoas dependentes normalmente recaen sobre elas, nas actuacións previstas dentro do programa 312C vaise ter en conta a realización de accións positivas a prol da igualdade de xénero.

Debido á carencia de emprego nos sectores nos que habitualmente traballaban os homes inmigrantes, as mulleres tratan de incorporarse tamén ao mercado laboral pero aínda así non poden deixar de lado as súas responsabilidades familiares.

Por iso nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes vaise incluír como criterio de valoración o enfoque de xénero e como criterio de concesión a realización de actividades de promoción da igualdade.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións para as que se solicite financiamento, esíxese que se incorpore a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación

A previsión para 2020 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 3.000 persoas inmigrantes, das que preto de 1.700 se prevé que sexan mulleres, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

Ademais, vanse recoller datos desagregados por sexo respecto dos seguintes indicadores: persoas desempregadas, incluídas as de longa duración; persoas inactivas; persoas con emprego, incluídos traballadores/as por conta propia; persoas menores de 25 anos de idade; minorías (incluídas comunidades marxinadas como a poboación romaní); participantes con discapacidade e outras persoas desfavorecidas.

Isto permitirá avaliar e medir os resultados das actuacións que se leven a cabo.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Segundo os datos obtidos nas convocatorias de subvencións do ano 2018 a participación das mulleres nas actuacións financiadas foi superior á dos homes. Así, 2.105 mulleres inmigrantes participaron en accións dirixidas á súa inclusión social mentres que o número de homes que participaron foi de 1.422, o que representa un 59% de mulleres.

## PROGRAMA 312D-ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

Este programa pretende dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria.

Trátase de potenciar a atención no ámbito da prevención da dependencia e da promoción da autonomía persoal, co fin de adiar situacións de dependencia grave ou moi grave que limitan de xeito importante a autonomía e capacidade das persoas ao tempo que requiren servizos máis custosos e que en moitos casos requiren a institucionalización daquelas

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis avellentada do Estado cunha tendencia a que este rango se acentúe aínda máis nos próximos anos. Isto, unido ao aumento da

esperanza de vida está a provocar unha demanda, cada vez máis crecente, dos servizos de atención á dependencia.

Estímase que en 2033 se reduza a poboación nun 4,86%, mentres que o número de persoas maiores de 65 anos se incremente nun 18,42%

Coas actuacións que se van desenvolver dentro deste programa de gasto, preténdese:

- Dotar de cobertura asistencial, consolidando e aumentando os recursos sociais e prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia, garantindo os niveis de calidade axeitados; e implementando os servizos de promoción e de proximidade ás persoas en situación de dependencia leve.
- Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender a dependencia nas persoas maiores, persoas con demencia e con discapacidade así como o apoio ás persoas coidadoras.
- Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.

Mellorar os servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia e a dotación de prazas para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento de programas en centros de día orientados á diversificación dos seus servizos.

Todas estas actividades van ter unha importante repercusión dende o punto de vista do xénero, xa que máis da metade das persoas con discapacidade oficialmente recoñecida son mulleres, concretamente 51,2 %.

Ademais, a maior esperanza de vida das mulleres inflúe na aparición de situacións de dependencia (o 63 % das persoas en situación de dependencia son mulleres).

E en torno ao 80 % das persoas coidadoras non profesionais son mulleres.

Está previsto desenvolver actividades de formación destinadas ás persoas coidadoras, polo que as beneficiarias destas serán maioritariamente mulleres. Sucede o mesmo coas prestacións económicas destinadas a coidados non profesionais (esta actuación, ademais, facilita a conciliación da vida familiar e laboral, así coma un soporte económico para os coidados non profesionais das persoas en situación de dependencia).

De acordo co Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2020 (Plan C+C) inclúense neste programa distintas medidas dentro da Área estratéxica 5. Fortalecemento de recursos de apoio, e para medir o impacto da actuación realizada empregaranse indicadores relacionados co número de persoas, desagregado por sexo:

Consolidación e mellora da oferta de recursos de proximidade para a atención a persoas maiores e/ou en situación de dependencia que permiten a súa permanencia na contorna e a conciliación das súas familias (atención diúrna para persoas con Alzheimer). Estímase que serán 137 homes e 291 mulleres.

Continuidade do servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia. Estímase que serán 1.091 homes e 1637 mulleres.

Mantemento e, se é o caso, ampliación do volume de novas prazas sostidas con fondos públicos en centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes). Estímase un indicador de 198 centros e 4992 prazas.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero:

Dado que arredor do 70 % das persoas coidadoras familiares de persoas en situación de dependencia son mulleres, estímase que as actuacións que de desenvolveron neste programa contribuíron a facilitar a conciliación da vida persoal e familiar de preto de 42.000 persoas.

## PROGRAMA 312E-PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

O conxunto de actuacións que configuran este programa están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; así mesmo apoiaranse tanto as entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos, como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

Trátase de desenvolver a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, e a Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020 a través dos seguintes obxectivos:

- Promover servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia destinados ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

- Facilitar unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.

- Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social, con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.

- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas maiores e no ámbito das persoas con discapacidade co fin de potenciar a participación destes colectivos nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en tódolos ámbitos.

- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades, normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.

- Garantir a atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.

- Promover o envellecemento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais, así como con universidades e outras entidades, e servizos, especialmente servizos innovadores de proximidade que, nestes momentos están sendo obxecto de desenvolvemento a fin de incluílos nunha norma regulamentaria pola que se aprobe a carteira de servizos sociais para persoas maiores e/ou con discapacidade autónomas.

- Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e tamén a discapacidade.

- Fomentar iniciativas de investigación, innovación e mellora dos servizos sociais para a instauración de novos modelos de intervención social e de envellecemento activo.

- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados as persoas maiores e as persoas con discapacidade, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.

- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio.

É previsible que todas estas actuacións, teñan un impacto positivo nas mulleres pertencentes aos distintos colectivos cos que se traballará.

Así, segundo estudos existentes en diferentes ámbitos da xeografía europea e tamén en España, as mulleres con discapacidade afrontan desigualdades no acceso e control dos recursos (espazos de participación social e a toma de decisións e a bens e servizos públicos..), no goce dos seus dereitos fundamentais (como os sexuais e reprodutivos) e na súa situación e posición social con respecto á educación, ao emprego, á xustiza, á protección social, ás relacións afectivas. Diferenzas que tamén se poden observar en relación á súa autopercepción e á imaxe que delas ten a sociedade en xeral e mesmo a que presentan os medios de comunicación.

De todo iso derívase unha situación de discriminación, de desigualdade, de desvantaxe que dificultan a consecución de obxectivos de vida considerados como esenciais, porque imprime unha especificidade ás súas necesidades e intereses estratéxicos.

Hoxe en día este grupo de persoas segue a tratarse como un "colectivo invisible" en moitos ámbitos. No caso das mulleres, esta situación de invisibilidade amósase máis acusada, a pesar de que se estima que en España existen 3,85 millóns de persoas que manifestan ter discapacidade (o que supón o 8,5 % da poboación española) das cales o 59,8 % son mulleres. No caso de Galicia, segundo os datos da mesma enquisa, afectaría case ao 12 % da poboación, sendo o 61,8 % mulleres.

Segundo os datos referidos a decembro de 2018 que constan no Censo de Persoas con Discapacidade máis da metade das persoas cunha discapacidade oficialmente recoñecida en Galicia son mulleres, concretamente o 51,26%.

Esa maior porcentaxe de mulleres entre o colectivo concéntranse nos grupos con idades superiores aos 65 anos, ata o punto de que hai un claro predominio da poboación masculina en todos os tramos de idade que se reverte cando se chega a ese grupo de máis de 65.

As mulleres con discapacidade tamén acceden en menor medida aos recursos sociais que a Administración pon á súa disposición. Por isto, afrontar a atención a estas persoas desde unha perspectiva de xénero é fundamental para que as mulleres teñan as mesmas posibilidades de acceso aos servizos que se ofrecen.

Así mesmo, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante supera o 24% do total da poboación, coas conseguintes repercusións nos niveis de incidencia de enfermidades asociadas á vellez, coma o Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.

Tamén hai que ter en conta as profundas transformacións experimentadas nas estruturas familiares derivadas da incorporación progresiva da muller ao mercado laboral, o que implicou o abandono do campo e a migración a vilas e cidades, o cal unido a unhas maiores expectativas de vida e a unha vida máis saudable, repercute de forma determinante tanto nunha maior incidencia de situacións de persoas maiores que viven soas como nunha maior demanda de equipamentos e recursos destinados á atención deste colectivo. Neste sentido toman gran importancia os servizos de teleasistencia domiciliaria así como outros servizos e prestacións como é o caso do servizo galego de apoio á mobilidade persoal.

Pero ademais, as proxeccións de poboación en Galicia evidencian que o colectivo composto polas persoas maiores de 65 anos seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da comunidade. En base aos datos consultados

do IGE, a cifra de poboación maior de 65 anos estímase que acadará en 2033 un total de 804.384 persoas, o que suporá o 31,35 % da poboación total proxectada para ese ano en Galicia (2.565.194).

Por outra parte, os fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos son maioritariamente unipersoais (52,78%).

E cando se analiza o perfil das persoas maiores débense considerar cuestións relativas ás limitacións que no grao de autonomía persoal provoca, en moitos casos, o avance da idade. Neste sentido, en Galicia hai 117.669 persoas maiores de 65 anos con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %, o que supón un 51,81% do total da poboación galega nesa situación.

Respecto dos aspectos socioeconómicos das persoas maiores, cómpre sinalar que os ingresos medios mensuais nos fogares en que o sustentador principal ten 65 ou máis anos, é de 1.515 euros, un 20,7% menos que o ingreso medio mensual dun fogar galego xeral. Os ingresos mensuais que perciben os fogares compostos por membros de 65 ou máis anos, atópase nun rango de entre 600 e 1000 euros ao mes.

Tendo en conta que a estrutura dos ingresos das persoas perceptoras de 65 o mais anos está constituída maioritariamente polas prestacións (94,5%), que neste tipo de poboación proceden basicamente das pensións contributivas da Seguridade Social, a clave de xénero vai amosar tamén datos relevantes como pode ser o dato da contía das pensións, de xeito que os homes de 55 a 74 anos perciben unha pensión media de 1100 euros, mentres que no caso das mulleres está por debaixo dos 770 euros, independentemente da idade da perceptora, e que reporta unha maior precariedade económica no caso das mulleres que dos homes.

Estes datos apoian o feito de que ao redor do 11% dos galegos e galegas maiores de 65 anos se atopen nunha situación de risco de pobreza, situación peor no caso das mulleres que na dos homes.

Polo tanto coas accións que se desenvolvan ao abeiro deste programa, estímase que a poboación beneficiaria directa serán, no ámbito da discapacidade, as 225.837 persoas con discapacidade residen en Galicia (48 % homes e 52 % mulleres) e as preto de 672.904 persoas maiores de 65 anos que residen en Galicia (42,54% homes e 57,46 % mulleres), sen esquecer que no público destinatario das accións de envellecemento activo a franxa de idade abrangue dende os 55 anos, de xeito que na dita franxa atópanse en Galicia máis de 1 millón de persoas.

Para medir as actuacións realizadas empregaranse indicadores desagregados por sexo relativos ao número de persoas que son beneficiarias das accións, o número de familias que participan no programa de acollemento familiar e número de persoas beneficiarias

maiores de 55 anos. No caso das accións vinculadas á promoción de hábitos de vida saudables, usarase como indicador o número de proxectos.

Valórase moi positivamente que na memoria deste programa de gasto se indique que, ata o momento, a análise sobre a repercusión que as distintas accións están a ter sobre homes e mulleres refírese exclusivamente á porcentaxe de participación nas ditas actuacións (e neste caso, recóllense datos que amosan unha maior participación das mulleres en termos absolutos), pero que é necesario facer tamén unha análise dende o punto de vista cualitativo para analizar a tipoloxía de actividades que se están a ofrecer, estudar se están deseñadas con perspectiva de xénero e promover actividades específicas que teñan en conta as diferentes inquedanzas e necesidades de homes e mulleres. E que para iso, preténdese incidir en todos estes aspectos de cara a futuras programacións, reforzando tamén a implicación das entidades colaboradoras no desenvolvemento dos programas, polo que atinxe a que a programación das súas actividades responda as necesidades de homes e mulleres.

Igualmente, valórase de xeito positivo que na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, se teña establecido a igualdade de xénero como un dos principios transversais, dado que o xénero é unha variable que afonda nas desigualdades e que pode supoñer unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade. Tamén que se pretenad reforzar a implicación das entidades colaboradoras no desenvolvemento dos programas no que atinxe a que a programación das súas accións respondan as necesidades de homes e mulleres.

## PROGRAMA 312F-PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

Este programa ten por finalidade principal a sensibilización da sociedade galega en materia de voluntariado, e na igualdade de xénero, así como a formación das persoas voluntarias e dos responsables da xestión das entidades de voluntariado.

Tamén persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando á cidadanía a participar nas accións voluntarias incidindo na participación dos homes nestas, a través de campañas de información e apoio. Desenvolveranse programas orientados a colectivos específicos, entre eles persoas maiores, dependentes, con discapacidade, perseguindo o fortalecemento e posta en valor da acción voluntaria.

Aposta por incidir na participación dos mozos e mozas e promóvese a certificación das actividades de voluntariado así como a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Trátase así de deixar de lado o enfoque tradicional centrado no ocio e o tempo de lecer, impulsando a autonomía e a participación real dos mozos e mozas.

E busca a implantación dun recoñecemento social da labor das persoas voluntarias , que faga visible a súa achega a sociedade en xeral.

O aumento da demanda de intervención por parte dos colectivos en dificultade, fai que se programen accións enfocadas cara a promoción e recoñecemento do voluntariado, de cara a conseguir unha maior participación da poboación en xeral nestas actividades, incidindo na incorporación de homes á acción voluntaria. Reforzarase a colaboración coas entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado por parte de persoas voluntarias de calquera idade.

Está previsto integrar a perspectiva de xénero de xeito transversal en todas as actividades que se desenvolvan no marco deste programa de gasto e daráselle prioridade nas ordes de axudas a aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero e de acompañamento a vítimas de violencia de xénero e apoiarase cos medios técnicos dispoñibles a incorporación de voluntarias e voluntarios nos programas que neste eido desenvolvan as entidades de acción voluntaria que así o demanden.

Tamén se vai ter en conta a perspectiva de xénero nos diferentes proxectos en previsión para 2020, especificamente en programas de voluntariado de maiores e con maiores vinculados coa temática de envellecemento demográfico e envellecemento activo contribuíndo a un espazo de desenvolvemento, persoal e colectivo, de inclusión a nivel comunitario e de resistencia aos tradicionais roles de xénero establecidos entre homes e mulleres maiores e de distintas xeracións.

## PROGRAMA 313A-SERVIZOS Á XUVENTUDE

O fin último que se quere conseguir a través deste programa de gasto é mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade, incidindo principalmente en frear o desemprego xuvenil, ampliando as posibilidades de acceso da xuventude ao mercado laboral así como aos distintos bens e servizos en igualdade de condicións para homes e mulleres, creando máis oportunidades para eles e elas, mellorando o seu acceso á sociedade e garantindo unha participación o máis plena posible na mesma en condicións de igualdade.

Para iso, vanse desenvolver programas de educación non formal como paso previo ao mercado de traballo, accións formativas diversas en ámbitos de interese para a xuventude incidindo especialmente na ampliación de aptitudes e coñecementos recoñecidos como necesarios para o mercado laboral; accións de apoio ao asociacionismo xuvenil como instrumento fundamental de cara á consecución dunha cidadanía activa e participativa; potenciación da información xuvenil como facilitadora do coñecemento dos recursos para a mocidade, actuar cara a profesionalización do sector do tempo libre, e tratando de conseguir na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas a mozas e mozos a través do Comité Galego de políticas de xuventude.

Segundo os datos recollidos nun informe nacional de Xuventude, para o conxunto da poboación moza do Estado, constatan unha serie de variables como que a redución

nas taxas de emancipación é maior entre os homes que entre as mulleres, o que podería estar indicando que os homes atrasan a emancipación ata atopar un traballo, mentres que no caso das mulleres, a pesar das dificultades laborais se independizan para formar parella e familia.

Tamén se constata que, en xeral, as mulleres xoves tardan máis que os homes xoves en atopar emprego e que é maior a porcentaxe de varóns que reciben axuda dos proxenitores que a porcentaxe de mulleres, se ben as mulleres reciben en maior medida axuda económica da súa parella que os varóns, o que nos está indirectamente indicando certa dependencia das mulleres novas respecto dos varóns.

Segue sendo tamén máis elevada a proporción de mulleres totalmente dependentes con respecto aos varóns e a media de ingresos mensuais das mulleres é máis reducida que a dos homes.

Segundo os datos da enquisa de poboación activa do INE correspondente ao 2º trimestre de 2019, en Galicia a taxa de actividade das persoas menores de 25 anos é do 24,77% no caso das mozas e do 31,77% no caso dos mozos. A taxa de emprego para este sector de idade é do 18,02% para as mulleres e do 23,34% para os homes. E a taxa de paro para o 2º trimestre do 2019 é do 27,25% no caso das mozas e do 26,54% no caso dos mozos menores de 25 anos.

Avaliación das actividades realizadas dende o punto de vista do xénero:

Valorar especialmente as actuacións que, no marco do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, se desenvolveron no ano 2019 dirixidas a sensibilizar e concienciar á mocidade sobre a violencia de xénero e a necesidade da súa prevención, tanto accións formativas específicas como a posta en marcha dun campo de traballo de voluntariado internacional sobre esta temática.

## PROGRAMA 313C-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Dende este programa de gasto fináncíase o Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Estes servizos están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogodependencia, alcoholismo, ludopatía, anorexia, etc).

Non se prevé a realización de ningunha actividade directamente, relacionada coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, aínda que se vai integrar de xeito transversal a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se desenvolvan.

Pero tendo en conta que, a nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 60% de mulleres e un 40% de homes. Que ademais, as mulleres que viven soas sofren máis pobreza que os homes que viven sós. E que cando os fogares están formados por unha persoa adulta con fillos/as a cargo, a inmensa maioría son mulleres soas con cargas familiares, sendo esta a forma de convivencia máis castigada polo risco de pobreza segundo o indicador AROPE.

Que as mulleres galegas teñen unha taxa de actividade menor ca os homes e unha taxa de desemprego maior e a situación económica das maiores de 65 anos é considerablemente peor que a situación dos homes para o mesmo rango de idade.

E que as mulleres, ao atender maioritariamente as tarefas domésticas, teñen máis dificultades para participar nos itinerarios de inclusión e ademais, cando padecen exclusión social severa, teñen un maior número de problemáticas asociadas que os homes.

Todos estes factores apuntan a un maior risco de pobreza das mulleres, polo que é de prever que as actividades que se van financiar dentro deste programa terán un maior impacto na poboación feminina de Galicia.

Ademais, incorporarase nas convocatorias de axudas como criterio do baremo de concesión a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero. E na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen homes e mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

Por outra banda, está previsto utilizar indicadores que permitan recoller información estatística para detectar posibles brechas de xénero.

A previsión para 2020 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 2.520 mulleres e 1.980 homes, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

Avaliación das actividades realizadas no ano 2018, dende o punto de vista do xénero

No ano 2018, do total de 456.360 persoas usuarias con intervención aberta nos servizos sociais comunitarios, un 59% foron mulleres.

E beneficiáronse de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión preto de 2.520 mulleres e 1.980 homes.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar.

En xeral, a participación feminina nas actuacións da Consellería de Política Social é moi superior á dos homes, por exemplo, o 69,6% dos participantes en programas de prevención da dependencia son mulleres, o 58,7% das persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS con mulleres.

*Cadro 8.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social**

PA02 - Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes

**E01 - Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P241.H | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes | 26.847,0 | Nº |
| P241.M | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres | 47.853,0 | Nº |

**E02 - Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como previr as situacións de dependencia**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| SC16.H | Participantes con discapacidade. Homes | 39.337,0 | Nº |
| SC16.M | Participantes con discapacidade. Mulleres | 42.285,0 | Nº |
| P140.H | Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes | 9.870,0 | Nº |
| P140.M | Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres | 22.560,0 | Nº |
| P241.H | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes | 4.300,0 | Nº |
| P241.M | Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres | 4.994,0 | Nº |

## E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

### PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

#### E01 - Garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| D0C035 | Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas | 21.883,0 | Nº |
| P00089 | Familias beneficiarias da prestación por fillo/a menor a cargo | 1.800,0 | Nº |
| P00450 | Familias beneficiarias da tarxeta benvida | 26.088,0 | Nº |
| P341.H | Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (homes) | 2.195,0 | Nº |
| P341.M | Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres) | 2.397,0 | Nº |
| P426.H | Menores e familias beneficiarias de puntos encontro familiar(Homes) | 1.297,0 | Nº |
| P426.M | Menores e familias beneficiarias de puntos encontro familiar(Mulleres) | 1.405,0 | Nº |
| P111.H | Menores en situación de acollemento residencial e atenciónde día (Homes) | 1.850,0 | Nº |
| P111.M | Menores en situación de acollemento residencial e atenciónde día (mulleres) | 1.250,0 | Nº |
| P1030H | Menores en situación de acollemento familiar. Homes | 685,0 | Nº |
| P1030M | Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres | 930,0 | Nº |
| P112.H | Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. H | 432,0 | Nº |
| P112.M | Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. M | 205,0 | Nº |
| P00142 | Novas prazas públicas de escolas infantís | 203,0 | Nº |
| S0EE17 | Número de empresas que reciben axudas para desenvolver medidas de fomento da igualdade e da conciliación de vida laboral | 30,0 | Nº |

#### E02 - Impulsar a solidariedade e o voluntariado para axudar ás persoas en situación de risco de pobreza e/ou con necesidades

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P233.H | Participantes en proxectos de voluntariado. Homes | 665,0 | Nº |
| P233.M | Participantes en proxectos de voluntariado. Mulleres | 1.315,0 | Nº |

#### E04 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade.

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P114.M | Mozas beneficiarios ou participantes. (Mulleres) | 1.247,0 | Nº |
| P114.H | Mozos beneficiarios ou participantes. (Homes) | 997,0 | Nº |
| P1026H | Participantes en programas de xuventude. Homes | 4.965,0 | Nº |
| P1026M | Participantes en programas de xuventude. Mulleres | 7.160,0 | Nº |
| P1025H | Persoas mozas que reciben axudas. Homes | 1.094,0 | Nº |
| P1025M | Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres | 1.130,0 | Nº |

### PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero

#### E01 - Consolidar e mellorar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social e con especiais dificultades de inserción social

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P342.H | Persoas beneficiadas (homes) | 17.554,0 | Nº |
| P342.M | Persoas beneficiadas (mulleres) | 32.883,0 | Nº |
| P343.H | Persoas en risco de exclusión atendidas para cobertura de necesidades básicas (homes) | 45.000,0 | Nº |
| P343.M | Persoas en risco de exclusión atendidas para cobertura de necesidades básicas (mulleres) | 45.000,0 | Nº |
| P345.H | Persoas perceptoras da RISGA. Homes | 4.154,0 | Nº |
| P345.M | Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres | 5.745,0 | Nº |

**E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social**

PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero

**E02 - Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| SC17.H | Outras persoas desfavorecidas (Homes) | 3,0 | Nº |
| SC17.M | Outras persoas desfavorecidas (Mulleres) | 4,0 | Nº |
| SC16.H | Participantes con discapacidade. Homes | 8,0 | Nº |
| SC16.M | Participantes con discapacidade. Mulleres | 8,0 | Nº |
| SC05.H | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes | 41,0 | Nº |
| SC05.M | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres | 59,0 | Nº |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes | 816,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 1.174,0 | Nº |
| SC03.H | Persoas inactivas (Homes) | 153,0 | Nº |
| SC03.M | Persoas inactivas (Mulleres) | 220,0 | Nº |
| SC06.H | Persoas menores de 25 anos de idade (Homes) | 51,0 | Nº |
| SC06.M | Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres) | 73,0 | Nº |
| SC15.H | Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Homes | 1.025,0 | Nº |
| SC15.M | Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Mulleres | 1.463,0 | Nº |

**E04 - Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| SE01.H | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes | 5.571,0 | Nº |
| SE01.M | Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres | 7.368,0 | Nº |
| SC05.H | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Homes | 67,0 | Nº |
| SC05.M | Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia. Mulleres | 112,0 | Nº |
| P420.H | Persoas de etnia xitana beneficiadas (homes) | 526,0 | Nº |
| P420.M | Persoas de etnia xitana beneficiadas (mulleres) | 538,0 | Nº |
| SC01.H | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Homes | 1.064,0 | Nº |
| SC01.M | Persoas desempregadas, incluídos os de longa duración. Mulleres | 1.812,0 | Nº |
| SC03.H | Persoas inactivas (Homes) | 200,0 | Nº |
| SC03.M | Persoas inactivas (Mulleres) | 339,0 | Nº |
| SC06.H | Persoas menores de 25 anos de idade (Homes) | 107,0 | Nº |
| SC06.M | Persoas menores de 25 anos de idade (Mulleres) | 180,0 | Nº |
| SC15.H | Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Homes | 216,0 | Nº |
| SC15.M | Persoas migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías. Mulleres | 323,0 | Nº |
| P347.H | Persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (homes) | 191.500,0 | Nº |
| P347.M | Persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (mulleres) | 272.000,0 | Nº |

Fonte: Consellería de Política Social

## Conclusións:

A Consellería de Política Social enmarca as súas competencias en ámbitos nos que as desigualdades de xénero que aínda persisten deben terse en conta á hora de planificar as actuacións que se van desenvolver, ou nos que a través destas actuacións se pode incidir de xeito favorable na situación en que as mulleres poden acceder e permanecer no mercado laboral facilitándolles recursos de conciliación.

Por iso, valórase positivamente que se potencie a rede de escolas infantís 0-3, adecuando e racionalizando horarios e prazas, complementando estas actuacións coa posta en marcha de casas niño no rural, que ademais de facilitar a conciliación, poñen en valor

cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral.

Que se deseñen actuacións específicas para a atender a situación desigual das mulleres con discapacidade que deben afrontar, en moitos casos, unha múltiple discriminación.

Que se desenvolvan proxectos que fomenten a educación en igualdade, a corresponsabilidade así como os roles non sexistas en ámbitos de convivencia (centros de menores). E que se impartan módulos de igualdade nas actividades de orientación e inserción sociolaboral.

Que estean previstos cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.

Que se incorpore a perspectiva de xénero en todas as actuacións relacionadas co voluntariado, co obxectivo de incorporar os homes as accións de voluntariado.

E que se lle dea prioridade nas ordes de axudas a aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero e de acompañamento a vítimas de violencia de xénero.

## IV.11. XI. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

A Consellería do Medio Rural é o departamento do goberno galego que integra as competencias relacionadas cun dos eidos produtivos do sector primario de Galicia con maior relevancia (o medio rural).

Neste sentido, correspóndelle propor e executar as directrices do goberno en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

Hai que sinalar que no medio rural as desigualdades de xénero se ven acentuadas. E que a pesar das políticas e actuacións postas en marcha para conseguir a igualdade de xénero, aínda quedan brechas que é necesario eliminar ou acortar.

Para iso, é fundamental a recopilación, actualización e desagregación de información que permita coñecer a verdadeira situación de partida na que se atopan as mulleres no medio rural.

E as cifras poñen de manifesto a falta de visibilidade da actividade das mulleres no medio rural. A enquisa de poboación activa (EPA)detecta ano tras ano este fenómeno, en

concreto no 2º trimestre de 2019 cuantifica a ocupación das mulleres galegas no sector da agricultura nun 25,3%, fronte a un 41,8% dos homes.

Segundo o documento "Diagnóstico de la igualdad de género en el medio rural", do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a situación sociodemográfica no medio rural está desequilibrada. A masculinización da poboación condiciona o estado civil e o tamaño dos fogares de forma diferenciada segundo o sexo, existindo maior soltería masculina e un menor tamaño do núcleo familiar dos homes. A escasa natalidade obstaculiza o relevo xeracional necesario para garantir o futuro do medio rural e o envellecemento da poboación incrementa as situacións de convivencia con persoas en situación de dependencia, o que repercute na carga de traballo das persoas coidadoras, por regra xeral mulleres, diminuíndo as súas posibilidades de participación laboral, política ou social.

Ademais, o mercado laboral do medio rural caracterízase por unha baixa taxa de emprego, o que se acentúa no caso das mulleres, xa que tamén existe discriminación salarial de xénero, as mulleres están sobre representadas nos rangos salariais entre os 400€ e os 1.000€ mentres que os homes o fan entre os 1.001€ e os 1.400€.

O mercado laboral do medio rural tamén se caracteriza pola segregación tanto vertical como horizontal. En canto á segregación vertical, as mulleres se concentran, polo xeral, nas posicións inferiores da xerarquía laboral e ocupan postos de persoal non cualificado e persoal administrativo. Polo contrario, os homes teñen máis presenza en postos de poder e responsabilidade. Polo que se refire á segregación horizontal, aínda que o sector servizos é o que ocupa ao maior número de persoas de ambos os dous sexos, neste sector concéntranse en maior medida as mulleres que os homes. Así mesmo, as mulleres tenden a ocupar empregos tradicionalmente femininos cunha marcada feminización da asalarización e unha masculinización do empresariado rural.

Estas desigualdades acentúanse ao aumentar o grao de ruralidade.

Por outra banda, o tempo que invisten homes e mulleres en realizar as distintas actividades cotiás tamén se distribúe de distinto xeito. As mulleres dedican máis tempo a tarefas relacionadas co traballo doméstico e de coidado. Esta distribución desigual dos tempos produce absentismo doméstico no caso dos homes e maior dificultade das mulleres para incorporarse ao mercado laboral.

Por todo iso, para favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural non se debe contemplar só a necesidade de superar a discriminación territorial e equiparar as condicións de vida da poboación rural e urbana, senón que tamén resulta básico superar a discriminación que experimentan as mulleres en todos os ámbitos.

E para isto resulta fundamental non só levar a cabo accións concretas acordes ás necesidades, senón incorporar criterios e orientacións que teñan en conta a perspectiva de xénero nas diferentes políticas sectoriais.

## PROGRAMA 422L-CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL E PROGRAMA 422M-ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dentro do programa 422L e no marco das actuacións da formación agroforestal formúlase unha oferta integral, dirixida especialmente á mocidade e a poboación activa, e que integre os distintos subsistemas de formación profesional, a iniciación profesional e a formación continua dos e das profesionais do sector, que se desenvolverá nos seis centros de formación e experimentación agroforestal con que conta a consellería, contando tamén coa colaboración doutras unidades dependentes dela.

Os cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais dan lugar á necesidade de novas cualificacións para todas as persoas implicadas en actividades agroforestais e agroalimentarias. Para obter estas novas competencias e habilidades, é necesario ofrecer actividades de temáticas innovadoras tanto de áreas xerais, técnicas como económicas que melloren e complementen o perfil profesional da xente do sector.

As prioridades fundamentais que se marcan para o 2020 son mellorar a cualificación dos e das profesionais do sector e impulsar a transferencia tecnolóxica para que os resultados das investigacións cheguen ao sector, así como frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural, con capacitación profesional para as persoas que se incorporan por primeira vez á actividade agraria.

Esta formación continua ofrecerá distintas orientacións produtivas axeitadas as distintas zonas de Galicia, e terá en conta os aspectos produtivos, nun marco respectuoso co medio ambiente.

As actividades formativas e de transferencia tecnolóxica que se desenvolven no marco deste programa establecen unha prioridade para as mulleres do rural (do mesmo xeito que para a mocidade). Vanse impulsar accións dirixidas a mozas e a mulleres maiores de 41 anos, tanto agricultoras coma con expectativas de incorporación.

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agroforestal, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación ou mesmo pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira neste ámbito.

Polo que se refire ao programa 422M, dentro del finánciase o funcionamento, mantemento e a dotación de material dos seis centros de formación e experimentación agroforestal nos que se imparten os ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior das especialidades agrarias.

Para 2020 vaise intensificar a oferta de formación continua ao sector e comezaranse a ofertar certificados de profesionalidade da familia agraria e agroalimentaria.

O obxectivo fundamental das actuacións que se levan a cabo é facilitar a incorporación no mercado de traballo dos mozos e mozas así como das persoas pertencentes a colectivos con dificultades especiais para a súa inserción laboral.

No medio rural existe un alto grao de envellecemento da poboación activa do sector agroforestal. Trátase de atraer á mocidade aos centros de formación e experimentación agroforestal e achegarlle a formación necesaria para desenvolverse nestas actividades.

As accións desenvolvidas neste programa terán unha especial incidencia ao impulsar accións dirixidas a mozas e mulleres maiores de 41 anos agricultoras así coma con expectativas de incorporación.

Nos programas de formación e transferencia tecnolóxica que se financian a través destes dous programas de gasto establécese, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas. Así trátase de facilitar a súa capacitación para o desenvolvemento dunha actividade profesional e, deste xeito, a súa maior independencia.

## PROGRAMA 551A-INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL

A consellería cualifica o programa 511A como de mera actividade administrativa ou de xestión, polo que non o considera pertinente dende o punto de vista do xénero. Sen embargo, segundo se indica na memoria, o programa dirixe algunhas das súas actividades á poboación do rural, para corrixir deficiencias de infraestruturas básicas e dotala de servizos públicos de calidade. Indícase expresamente que "É necesario investir naquelas zonas do territorio galego nas que, polas graves carencias de infraestruturas básicas, sexa urxente e necesario dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao que se ten en ámbitos urbanos".

Así, indícase que está previsto desenvolver actuacións no rural dirixidas a mellorar a calidade de vida da súa poboación, e hai que ter en conta que estas actuacións poden ter distintos impactos en mulleres e homes de acordo coa distinta posición, necesidades ou demandas que poden ter unhas e outros xa que, tal e como se indicaba no inicio da análise das competencias desta consellería, todas as diagnoses indican que mulleres e homes tampouco están no ámbito rural nunha posición equitativa respecto ao acceso a recursos e servizos.

Así, por exemplo a decisión respecto ao tipo de infraestrutura ou equipamento que se vai financiar, pode afectar de forma de forma distinta a homes e mulleres (segundo se faga un equipamento orientado ao ocio, os homes dedican mais tempo a estas activida-

des, ou un equipamento orientado á conciliación ou que facilite o coidado de menores ou maiores, tarefas que aínda recaen en maior medida nas mulleres).

## PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural. O sector produtivo agrario ten que reforzar a introdución de novas ideas, adaptación ás demandas e innovacións, polo que o incremento de I+D+I é unha das principais necesidades do sector.

Para 2020 vanse incrementar as actuacións de desenvolvemento de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos, o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración empresarial con centros tecnolóxicos e de investigación e o impulso da transferencia tecnolóxica.

No ámbito concreto do sector forestal este programa de gasto trata de dar resposta ás demandas, en materia de investigación e transferencia do sector forestal, e que supoñen:

- O incremento do valor engadido da produción agraria mediante a mellora da eficiencia dos seus procesos produtivos e da calidade diferencial dos seus produtos.

- A implantación de innovacións para reducir a dependencia dos custos dos insumos nas marxes de explotación das explotacións agrarias.

- A mellora da sustentabilidade e seguridade ambiental como condición indispensable do desenvolvemento sectorial, tal e como sinala a política comunitaria.

- O fortalecemento da seguridade agroalimentaria no sector que garante unha cadea de valor dos produtos de gran seguridade para o consumidor e preserve e incremente a estima das producións locais fronte á competencia.

- O mantemento e dotación das infraestruturas da rede de centros de I+d+i e laboratorios de servizo da Xunta de Galicia no ámbito agrario, gandeiro e forestal.

Dende unha perspectiva de xénero, os actores executores destas accións son investigadores/as, tecnólogos/as e persoal de apoio á I+D+I, que ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación ou ben se contratan ex profeso para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das comisións de selección que se constitúen seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres.

E tamén que en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes).

Sinálase como obxectivo en materia de igualdade de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

E indícase que este obxectivo xa se cumpre en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio (analistas e auxiliares de laboratorio) e recentemente no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

Na convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación eliminaranse os requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por xénero.

Usarase linguaxe non sexista nas convocatorias e vanse desagregar por sexo os indicadores de seguimento que se recollan.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores procuraranse introducir requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## PROGRAMA 581A-ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Segundo se indica na memoria, o obxectivo deste programa é a execución das operacións estatísticas encomendadas á consellería dentro do Plan Galego de Estatística (PGE) aprobado pola Lei 8/2011, de 9 de novembro e das conveniadas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA).

Así, aínda que dende a consellería se cualifica este programa de gasto como un programa sen repercusión dende o punto de vista do xénero, e polo tanto non procedería a súa análise dende esta perspectiva, non se pode deixar de sinalar que no sector agrario, a diferencia doutros, detéctase unha importante escaseza e falta de accesibilidade a datos estatísticos relativos ao papel da muller neste ámbito. E que incluso nos casos en que existen estes datos, moitas veces a información non resulta útil para coñecer detalladamente a súa situación laboral, ao non estar desagregada por sexo ou por tipoloxía de actividade, polo que resulta complexo definir a situación real de partida de mulleres e homes nestes sectores.

De aí a importancia de ter en conta a perspectiva de xénero á hora de definir as operacións estatísticas e de recoller os datos, tendo en conta que as estatísticas con perspectiva de xénero van máis alá da desagregación de datos por sexo. Constrúense a

partir de conceptos e definicións que revelan as condicións e características diferenciadas de mulleres e homes nun determinado sector, permitindo captar a situación de partida e apreciar se existen ou non diferenzas en canto ao xénero que deben ser corrixidas ou tidas en conta.

## PROGRAMA 711A-DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL

Segundo se indica na memoria, o obxecto deste programa de gasto é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos da área do medio rural da consellería, tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería e co obxectivo de acadar unha maior calidade, eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos á cidadanía en xeral e, dun xeito particular, ás persoas vinculadas social e economicamente ao medio rural en Galicia.

Entre as actividades que se van a financiar sinálanse a promoción e fortalecemento do asociacionismo agrario en Galicia ou a realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.

Por iso, aínda que a consellería cualifica este programa de gasto como un programa sen repercusión dende o punto de vista do xénero, e polo tanto non procedería á súa análise dende esta perspectiva, non se pode perder de vista que, do mesmo xeito que se indica no apartado anterior, os estudos e investigacións que se leven a cabo deberían incorporar e ter en conta a perspectiva de xénero, xa que do contrario, sen coñecer a situación real e diferente de mulleres e homes nos sectores que se estean a estudar non se poderá ofrecer unha visión exacta do sector do que se trate. Como tampouco se poderá levar a cabo dun xeito adecuado a "divulgación e promoción dos sectores agropecuario e forestal de Galicia, estimulando a demanda, a divulgación do medio rural en xeral, mellorando a percepción que a poboación ten do mesmo", que é outro dos obxectivos que se marcan dentro deste programa de gasto.

Isto é aínda máis evidente cando se trata das actividades de promoción do asociacionismo agrario, nas que sen lugar a dúbidas un factor a ter en conta para a consecución dunha verdadeira igualdade de oportunidades é o logro do empoderamento feminino e a participación equitativa de ambos os dous sexos na toma de decisións que afecten ao sector, e para isto resulta fundamental desenvolver actuacións que faciliten o acceso das mulleres a postos directivos e de responsabilidade, así como a presenza equilibrada dentro das asociacións.

## PROGRAMA 712A-FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL

O programa ten entre os seus obxectivos contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, e á mellora da calidade de vida e nese marco.

A loita contra o envellecemento e a despoboación rural precisa actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida no rural, sen perder de vista os criterios de protección ambiental. Polo tanto débense desenvolver actuacións que contribúan á fixación da poboación no medio rural a través do fomento de iniciativas empresariais que contribúan a creación de emprego no territorio e que potencien a instalación no rural de servizos asistenciais á poboación para favorecer a conciliación laboral e familiar e a atención básica aos colectivos mais desfavorecidos.

O programa de gasto inclúe, entre outras, as seguintes actuacións previstas:

- Creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de pemes, diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, e apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego, para potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado.

- Creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos, fomento das novas tecnoloxías da información, conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural para contribuír á mellora da calidade de vida dos e das habitantes do rural.

- Fomento do tecido asociativo social, cultural e económico no medio rural, e fomento da participación pública e privada no proceso de desenvolvemento.

Todas estas actuacións poden ter un impacto positivo na calidade de vida das mulleres do rural, sempre que na súa planificación e xestión se incorpore a perspectiva de xénero e se teñan en conta as distintas necesidades e demandas que mulleres e homes poden ter en función da súa diferente posición na sociedade rural, tal e como recollía a diagnose realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Na memoria indícase que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), mediante as súas liñas de axudas, apoia dun xeito transversal as iniciativas das mulleres no rural. Dentro do enfoque Leader, cada grupo de desenvolvemento rural ten autonomía para determinar a fórmula de potenciar as iniciativas presentadas por mulleres. Dentro da estratexia territorial os grupos poden priorizar aqueles proxectos desenvolvidos por mulleres. Na totalidade dos mesmos aplícanse baremos de discriminación positiva neste eido.

AGADER, a través do Banco de Terras, tamén favorece a incorporación e mellora produtiva das mulleres posibilitando o acceso á terra con vocación agraria.

## PROGRAMA 712B-MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL

Este programa de gasto trata de apoiar a reestruturación dos sistemas produtivos para mellorar a súa competitividade, fomentando o relevo xeracional nas explotacións agropecuarias galegas e establecendo medidas complementarias de apoio á renda en zonas con dificultades especiais.

Así, está previsto financiar investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais e o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente. Tamén financia os programas de asesoramento, xestión e substitución as explotacións agrarias, así como a contratación de seguros agrarios para cubrir os danos que se poidan producir motivados por desastres naturais.

Dende o punto do xénero salientar que coas axudas a determinado tipo de agricultoras/es polas difíciles condicións agroclimáticas nas que están a desenvolver a súa actividade produtiva, este programa trata de fixar poboación nas zonas rurais desfavorecidas de acordo a criterios xeomorfolóxicos e sociais.

Este tipo de zonas presentan unha menor integración da muller no mercado laboral, polo que se terá en conta e se incorporará a perspectiva de xénero nos proxectos.

Vaise fomentar a integración da muller no mercado laboral establecendo medidas de discriminación positiva no procedemento para a adxudicación, por concorrencia competitiva, das axudas a mulleres que sexan titulares de explotacións, mediante a concesión de 5 puntos pola condición de xénero, o que supón unha preferencia na baremación.

Segundo os últimos datos consolidados (campaña 2015), nas zonas establecidas como desfavorecidas en Galicia, existían 13.262 explotacións prioritarias das que 4.494 corresponden a mulleres (33,89%).

Vanse desagregar por sexo os indicadores que se recollan en todas as actuacións.

Fomentarase a discriminación positiva das mulleres pola súa participación maioritaria nos consellos directivos das entidades asociativas (Coop e SAT).

Dentro das actuacións de asesoramento as explotacións agrarias establécese como obrigatorio o asesoramento en materia de seguridade laboral e de igualdade de xénero como forma de potenciar o acceso da muller en igualdade de condicións á titularidade das explotacións nas que tradicionalmente viñan traballando sen que súa actividade fose recoñecida en igualdade de condicións.

E dende a rede de oficinas agrarias comarcais de Xunta informarase á poboación feminina agraria rural das posibilidades que as distintas convocatorias de axudas lles ofrece

para a súa incorporación ou ben como titulares de explotación a título individual ou coa titularidade compartida co seu cónxuxe en réxime de igualdade.

- Segundo os datos de explotacións de titularidade compartida do Ministerio de agricultura, Pesca e Alimentación, a 30 de setembro de 2019, figuraban no Rexistro de Titularidade compartida, 18 explotacións en Galicia.

## PROGRAMA 712C-FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA

O asociacionismo agrario é un impulsor do desenvolvemento rural no seu conxunto, e gran dinamizador da economía e da sociedade rural, contribuíndo de forma efectiva a súa fixación no medio.

Por iso, no marco deste programa de gasto foméntase un asociacionismo de maior dimensión, integrado, e máis eficiente no desenvolvemento de actividades, con maior capacidade de xerar valor engadido, cunha maior capacidade de diversificación das súas actividades, maior decisión para afrontar iniciativas na industrialización e comercialización das producións dos seus socios e socias.

Ademais, preténdese reforzar a interlocución institucional agraria, articulando mecanismos eficaces de participación do sector agrario coa administración, asegurando a súa presenza nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias e potenciando ás organizacións profesionais agrarias.

Nas bases reguladoras das axudas que se convoquen no marco deste programa de gasto, valorarase como feito diferenciador positivo:

- Ser muller
- Formar parte dunha sociedade ou cooperativa con máis do 50% de mulleres
- Ou que a entidade teña un consello reitor con máis dun 40% de mulleres

E valórase non só a presenza das mulleres nas entidades asociativas, senón tamén a súa presenza en cargos directivos.

Por iso, levaranse a cabo actividades promocionais para favorecer non so a incorporación das mulleres como socias dunha entidade senón que se incorporen aos órganos de dirección, para que non só realicen unha actividade agraria, senón que tomen contacto co mundo empresarial agrario participando na xestión directa da súa entidade, e non só na fase de produción, dando un paso máis na valorización do traballo da muller e a súa imaxe de cara a sociedade.

## PROGRAMA 713B – ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS

As accións a levar a cabo con este programa perseguen reforzar o potencial forestal dos montes galegos tanto nos seus aspectos medioambientais, como nos produtivos.

E para iso ten como algúns dos seus obxectivos principais a posta en valor os montes galegos, mediante a ordenación das producións forestais; o favorecemento de liñas de agrupación e creación de sociedades mercantís (Sofor) compostas dun número de persoas propietarias suficientes para que as superficies agrupadas sexan obxecto dunha xestión forestal sustentable; o fomento de investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura; o mantemento e conservación dos ecosistemas forestais; a creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e a recuperación do potencial forestal afectado por incendios e outras catástrofes naturais.

Dende a consellería, recoñécese que aínda que as mulleres rurais galegas veñen experimentando cambios importantes na súa calidade de vida, seguen a experimentar unha situación de desigualdade derivada da situación demográfica do medio rural (despoboación e dispersión que dificultan, por exemplo, a conciliación), das especiais características económicas e do tecido industrial do rural e das diferenzas na participación laboral de mulleres e homes. Por todo iso, tratarase de adoptar, dentro das actuacións que se desenvolven no marco deste programa de gasto, medidas específicas para favorecer a integración das mulleres no mercado laboral.

Ademais, nas axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, priorízanse as empresas con mulleres xerentes, tratando de promover a presenza da muller tamén nos ámbitos de decisión das industrias do medio rural.

## PROGRAMA 713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCIÓN AGROALIMENTARIA

Dentro deste programa de gasto promóvese a comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, a través da defensa do prestixio da produción agroalimentaria de Galicia, da promoción dos produtos de calidade e no aumento da cota de participación destes produtos no conxunto da produción alimentaria galega.

Outra das prioridades estratéxicas será abrir novos mercados, e para isto establécense liñas de apoio á accións de promoción e comercialización realizadas por empresas individuais ou conxuntas dirixidas a apertura de mercados nacionais e internacionais.

A meirande parte dos indicativos de calidade afectan a territorios do rural con importantes problemas de despoboamento, por iso, a potenciación das denominacións de calidade incide directamente na fixación da poboación destas zonas, na medida en que favorece a actividade económica e o mantemento e xeración de emprego nesas áreas.

Aínda que os beneficiarios directos deste programa son fundamentalmente consellos reguladores, asociacións sen ánimo de lucro e empresas agroalimentarias, os beneficiarios finais son os produtores e produtoras de produtos agroalimentarios galegos, e en particular os de produtos de calidade amparados por denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e produtos ecolóxicos.

Non se conta con datos específicos desagregados por sexo sobre a titularidade destas explotacións, aínda que o seu elevado número, próximo aos 30.000, fai supoñer que son unha mostra representativa do total de explotacións agropecuarias galegas, polo que a porcentaxe de mulleres titulares será similar á do universo total e as medidas de fomento destas producións afectarán positivamente a todas.

Ademais, dentro das actividades que se financian neste programa teñen gran incidencia as relacionadas coas campañas de promoción dos produtos agroalimentarios de calidade. É frecuente que nas campañas publicitarias de calquera ben de consumo se utilicen estereotipos que asignan roles diferenciados aos homes e ás mulleres. Nas accións promocionais realizadas con financiamento deste programa velarase porque isto non suceda, de xeito que se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

## PROGRAMA 713F-REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES

No marco deste programa de gasto, trátase de garantir ingresos xustos ás persoas agricultoras e o benestar na sociedade rural e contribuír ao equilibrio e estabilidade nos mercados agrarios, así como mellorar a seguridade alimentaria coa mellora das condicións sanitarias dos animais e do seu benestar e fomentar a compatibilidade da produción agraria coa protección do medio ambiente.

Dende este programa lévanse a cabo as accións previstas nos diversos réximes de apoio á renda establecidos na Política Agraria Común (PAC), no marco definido pola aplicación da reforma da PAC aprobada en 2003, e polo novo marco de reforma da PAC 2014-2020.

Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (PAC) prevén as axudas directas á renda, como un método para mellorar o nivel de vida da poboación agraria así como para o mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais. Aínda que estas axudas alcanzan no sector agrario galego unha magnitude relativa inferior á media europea e estatal, a súa adecuada implementación e xestión ten unha incidencia crecente na renda das persoas agricultoras galegas.

Segundo o informe do FEGA "Análisis de la edad y el sexo de los perceptores, a nivel nacional y por comunidades autónomas", no exercicio 2016 as mulleres galegas que recibiron axudas directas da PAC foron 16.495, o que representa máis do 57% do total de

28.642 beneficiarias/os. A súa idade situábase maioritariamente entre os 40 e os 65 anos (69%) seguido da franxa de idade superior aos 65 anos (24%). Só 45 mulleres menores de 25 anos accederon a estas axudas.

En canto ás axudas de desenvolvemento rural (GPT), no mesmo exercicio 2016, recibiron este tipo de axuda 6.008 mulleres galegas, o que representa un 49% sobre o total de beneficiarios/as. Igual que no caso anterior, o maior número de beneficiarias atópase no rango de idade que vai dos 40 aos 65 anos (78,68%), seguido do rango comprendido entre os 25 e os 40 anos (11,82%). Tamén neste caso,as mulleres de menos de 25 anos son minoría (0,72%).

Ademais, na convocatoria de axudas sobre pagamentos directos faise referencia á igualdade entre homes e mulleres no capítulo relativo ás axudas específicas e recóllense tamén referencias expresas á Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.

## PROGRAMA 741A-APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

No marco deste programa de gasto trátase de apoiar con carácter xeral aos procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galegos.

O programa está destinado a financiar investimentos en instalacións industriais agroalimentarias, co obxectivo final principal de facilitar a saída comercial ás producións agrogandeiras galegas, polo que é unha medida de gran relevancia para o desenvolvemento rural.

Este tipo de instalacións tamén son xeradoras de emprego directo e contribúen ao desenvolvemento socio-económico do territorio onde se sitúan. Non se conta con datos desagregados por sexos sobre ocupación nas industrias agroalimentarias galegas nin sobre a titularidade destas empresas. Como en calquera programa deste tipo, pode haber un impacto diferenciado entre homes e mulleres na medida en que a porcentaxe de homes titulares de explotacións agropecuarias e de instalacións agroindustriais é superior ao de mulleres.

Na memoria indícase que non é posible establecer medidas de discriminación positiva. No caso das explotacións agrícolas, por ser beneficiarias indirectas da medida, e no caso das instalacións industriais, porque os criterios de priorización están predeterminados no PDR de Galicia, e non contemplan ningún tipo de priorización para as empresas de titularidade feminina.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar.

Obsérvase que no eido da formación agroforestal a presenza de mulleres é menor a dos homes, cunha porcentaxe global do 28,6%, porcentaxe que se eleva ao 50,0% no indicador de número de alumnos participantes en accións de formación.

*Cadro 9.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente**

PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

**E04 - Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 500,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 200,0 | Nº |

**E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes**

PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural

**E06 - Aumentar a rendibilidade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P180.H | Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Homes | 225,0 | Nº |
| P180.M | Persoas mozas que se acollen a medidas de incorporación comotitulares en explotacións agrarias. Mulleres | 150,0 | Nº |

**E10 - Aumentar a renda de agricultores/as e gandeiros/as de Galicia.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P126.H | Nº de alumnos participantes (Homes) | 33.784,0 | Nº |
| P126.M | Nº de alumnos participantes (Mulleres) | 33.784,0 | Nº |

Fonte: Consellería de Medio Rural

## Conclusións:

Moitas das actuacións que se pretenden levar a cabo dentro dos distintos programas da consellería poden ter un impacto positivo dende o punto de vista de xénero e neste sentido valórase positivamente que se trate de integrar o principio de transversalidade de xénero na súa xestión. Aínda así, hai marxe para a mellora e existen programas de gasto cualificados como de mera actividade administrativa e de xestión aos que tamén se pode incorporar a perspectiva de xénero, o que sen dúbida redundará de forma positiva nos seus resultados.

Tamén se valora favorablemente que se establezan medidas de discriminación positiva a prol das mulleres, nalgunhas das convocatorias de axudas que se prevé xestionar.

E que se trate de potenciar a participación das mulleres nos organismos de representación profesional pertencentes ao ámbito sectorial do departamento, procurando unha presenza máis equitativa.

## IV.12. XII. CONSELLERÍA DO MAR

Intégranse no ámbito competencial desta consellería a ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organizacións e asociacións dos e das profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias.

No informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre o Diagnóstico sobre a situación da muller no sector pesqueiro e acuícula, que recolle datos actualizados a xuño de 2017, indícase que o número de mulleres galegas dadas de alta no Réxime Especial do mar era de 5.187. Na nosa comunidade autónoma é onde se atopa a porcentaxe máis alta de mulleres (estas 5.187 traballadoras representan o 25,21% do total), e débese a que Galicia é a comunidade autónoma con maior volume de produción pesqueira e acuícola e, polo tanto, a que conta cun maior número de persoas traballadoras neste sector.

O sector pesqueiro, ademais de incluír a persoas que desenvolven a súa actividade a bordo de buques e embarcacións pesqueiras, inclúe tamén a outras persoas que forman parte de diversos colectivos englobados como parte da industria auxiliar á pesca en actividades vinculadas á labor extractiva que realizan os buques ou levando a cabo outras actividades necesarias para o axeitado funcionamento da frota, como a descarga de pescado, o seu procesamento e comercialización, a reparación e fabricación de redes; así como aqueles colectivos que se dedican ás actividades de marisqueo ou acuicultura.

Estes grupos profesionais, a diferenza dos que realizan o seu traballo embarcados, teñen en común estar constituídos maioritariamente por mulleres, que soen ser traballadoras autónomas. Ademais, mantense a mesma división de tarefas que tradicionalmente se producía en función do sexo (as mulleres traballaban en terra, mentres os homes iban ao mar, circunstancia que non ten cambiado moito a pesar da progresiva regularización da situación laboral das mulleres.

Así, segundo os datos do IGE, en 2018 as mulleres eran titulares do 71,78% dos permisos de marisqueo a pé (2.722 permisos do total de 3.792). Por idade, o rango con maior número de permisos é o comprendido entre os 51 e os 60 anos, sendo as mulleres de menos de 30 anos as que se dedican ao marisqueo en menor número (82 permisos).

Hai que ter en conta que a participación activa das mulleres nas distintas actividades relacionadas coa pesca contribuíu de xeito notable ao desenvolvemento laboral, econó-

mico e social dos territorios pesqueiros, así como ao mantemento das súas tradicións e oficios, garantindo así a diversidade e o patrimonio culturas destas zonas.

Sen embargo, a pesar da importancia socioeconómica das mulleres no sector da pesca e da acuicultura, tradicionalmente non se tivo en conta a perspectiva de xénero no que respecta á promoción do acceso e desenvolvemento profesional das mulleres neste sector, nin tampouco a efectos de aumentar a súa presenza nos órganos de goberno e decisión en equilibro e igualdade de condicións cos homes.

Outra eiva importante é que existen poucos indicadores e poucos análises específicos que permitan realizar unha avaliación sobre o seu potencial e repercusión.

Por iso é importante considerar a perspectiva de xénero no deseño, xestión e seguimento das actuacións que se leven a cabo coa finalidade de acabar con situacións discriminatorias que se perpetúan polo tempo e polo costume.

## PROGRAMA 422K-ENSINANZAS PESQUEIRAS

O programa 422K persegue garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade das ensinanzas náuticas, marítimo e pesqueiras nas súas diversas modalidades de formación profesional marítimo-pesqueira e dos ciclos formativos de formación profesional específica de: técnico en navegación e pesca de litoral, técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura, técnico en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións, técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións, técnico en cultivos acuícolas, técnico superior en acuicultura e técnico en operacións subacúaticas e hiperbáricas.

A formación náutica e marítimo-pesqueira, impartida nos portos, confrarías e nos centros de ensino da consellería, ten como finalidade a adecuación das ensinanzas as necesidades demandadas polo mercado laboral, a obtención dun emprego estable e de calidade e o aumento das condicións de acceso aos distintos sectores de produción, de extracción e servizos que xera o mundo da pesca.

A poboación traballadora no sector do mar é eminentemente masculina. Segundo os datos que figuran no Diagnóstico sobre a situación da muller no sector pesqueiro e acuícola, do MAPAMA, relativos ao emprego en pesca marítima por estrato e sexo, o maior número de mulleres que se rexistra en augas nacionais (nas que opera a frota artesanal e de baixura) dáse na zona do Atlántico Norte, e en embarcacións de pequeno tamaño (ata os 10 metros de eslora). En 2015 había 280 mulleres embarcadas fronte a 24.600 homes; e o número de mulleres que desenvolvía o seu traballo en terra era de 413.

Esta realidade no sector da pesca extractiva é radicalmente oposta á situación do marisqueo a pé onde máis do 70% dos postos están ocupados neste caso por mulleres.

Por iso, as mulleres teñen unha bonificación do 25 % nas taxas dos prezos públicos das residencias dos centros de ensino de Ferrol e Vigo, así como nos da matrícula na Aula de Seguridade e Salvamento do centro de Ferrol, co obxecto de fomentar a igualdade de mulleres e homes no ámbito da formación da familia marítimo-pesqueira.

Aínda así, a maior parte das persoas que acceden ás actividades formativas que se organizan son homes. No ano 2018 impartiuse formación a 2.378 persoas das que só un 35,5% foron mulleres; estes datos mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade (houbo un incremento de 12 puntos respecto das mulleres que participaron en actividades formativas no ano 2016), pero é preciso reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo -pesqueira.

Tamén está previsto que as actividades formativas se programen en horarios que permitan a conciliación da vida familiar coa formación co obxecto de que se incremente a participación de mulleres nas ditas actividades

Ademais, os horarios nos que se vai programar a formación específica en marisqueo, sector no que as mulleres son o grupo maioritario, establécense de tarde. Con esta medida conséguese que poidan exercer a súa actividade profesional, que é pola mañá, adaptándose a formación as súas necesidades

A ampliación da oferta formativa da familia marítimo-pesqueira, tanto nos centros de ensino dependentes da consellería, como da formación impartida nos portos na que se inclúe tamén a formación para a obtención de certificados de mariscador/a e percebeiro/a, debe dar continuidade á traxectoria seguida ata hoxe ampliando as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo-pesqueira e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego.

Nesta mesma liña, en 2020 vaise ampliar a oferta de cursos, e mellorarase a flexibilización de horarios para adaptalos as necesidades laborais dos e das participantes.

Ademais, nos itinerarios formativos vaise empregar unha linguaxe non sexista e vanse desagregar por sexo os indicadores de seguimento que se utilicen.

## PROGRAMA 514A-INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS

Coas accións que se desenvolven dentro deste programa de gasto, trátase de conseguir a modernización e adecuación dos portos pesqueiros de Galicia as necesidades que demandan, por un lado, as garantías de calidade organoléptica e sanitaria, a trazabilidade do produto, a adecuación ás novas tecnoloxías e formas de comercialización, a mellora da protección do medio ambiente e por outro, a mellora das condicións de traballo e de seguridade nos portos.

Estas accións diríxense ao sector pesqueiro galego, con especial incidencia nos pescadores/as e mariscadores/as. Tamén atende necesidades doutros colectivos ligados ao sector pesqueiro como redeiras/os e acuicultores/as.

Inciden polo tanto nalgúns dos sectores da pesca nos que as mulleres teñen máis representación.

Ata hai unha década as condicións nas que as mulleres desenvolvían a súa actividade non eran as máis axeitadas, sendo un obstáculo a superar para favorecer a incorporación ao sector pesqueiro en igualdade.

A consellería indica como unha das liñas de actuación na que se van realizar novos investimentos a de servizos ás persoas, que agrupa aquelas instalacións e servizos que melloran a calidade das condicións de traballo dos colectivos do mar e promoven a igualdade de xénero.

Resulta difícil determinar o número de mulleres que se poden ver afectadas polas actuacións que se van desenvolver no marco deste programa de gasto pero si que debe supoñerse que a súa posta en marcha vaia ter impacto no seu traballo e na súa xornada laboral, ao contemplar a presenza de mulleres como usuarias no deseño dos equipamentos portuarios e ao incorporar nestes recintos servizos que facilitan o desenvolvemento do traballo realizado por mulleres (vestiarios e servizos, locais de traballo con mellor acceso, equipos de manipulación de cargas e outros).

## PROGRAMA 541C-PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO

As actividades que se desenvolven dentro deste programa de gasto teñen como finalidade a protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, así como lograr unha explotación sostible dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas e areas delimitadas dos caladoiros tradicionais.

A promoción dun equilibrio sostible entre os recursos e a capacidade de pesca, o fomento da protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais pode contribuír a mellorar a calidade de vida en zonas con actividades no sector da pesca.

Deste xeito, este programa configúrase como un instrumento para fomentar sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, garantindo a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats, harmonizando os intereses dos/as diversos/as usuarios/as. Estas figuras de protección e xestión quedan sometidas a un réxime específico de usos permitidos e condicións de acceso.

Dentro do desenvolvemento deste programa contémplase unha actividade de monitoreo social, concibido como un método de análise para a identificación e valorización

de indicadores sociais no escenario da Remip (usuarios/as directos/as e poboación local). En todos os indicadores que se recollen está implantada transversalmente a variable de xénero e que permitirán obter datos relevantes sobre a situación de mulleres e homes neste ámbito.

Ademais, vaise fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño, promovendo que se incorpore o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

E contémplase a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nos/as representantes das consellerías, como nos/as representantes do sector pesqueiro.

## PROGRAMA 561A-PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Dentro deste programa de gasto trátase de consolidar os centros tecnolóxicos e de investigación dependentes da Consellería do Mar para que conten cos medios e co persoal cualificado para desenvolver as súas actividades, e de incentivar o aumento da competitividade empresarial coa mellora tecnolóxica, a formación e a innovación.

O traballo de investigación busca solucionar problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, plans de cultivo, explotación de novas especies).

Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en minicriadoiros, protocolos de actuación, etc).

Por outra parte, o programa tamén contempla actividades formativas dirixidas a persoal investigador, tanto de perfil técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garanta unha maior optimización e utilización dos recursos mariños.

Precisamente, nas actividades relacionadas co persoal investigador é onde se aplican criterios de promoción da igualdade:

- Os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten a incorporación da perspectiva de xénero. Tal é o caso das comisións de selección das persoas candidatas que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres.
- En caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes).

Sinalar que o obxectivo de acadar unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa, xa se cumpre en moitas categorías profesionais (analistas e auxiliares de laboratorio, e recentemente no persoal investigador).

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes cara a alcanzar un sociedade do coñecemento saudable e igualitaria.

Aínda que as series publicadas polo INE mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, é necesario reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades das mulleres na sociedade do coñecemento.

Por outra banda, nas convocatorias de acceso a financiamento de proxectos de investigación introduciranse criterios de igualdade, utilizarase unha linguaxe non sexista e desagregaranse por sexo os indicadores de seguimento empregados.

Ademais, nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores procurarase introducir, sempre que legal e temporalmente sexa posible, requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## PROGRAMA 722A-PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA

Este programa trata de fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións.

Tamén se realizan actividades de asesoramento e asistencia técnica dirixidas, por unha banda, ás confrarías de pescadores en colaboración coas súas Federacións, e a outras organizacións sectoriais. E por outra, as mulleres para fomentar a súa participación nas actividades extractivas e no goberno das entidades representativas do sector en colaboración coas súas asociacións representativas ou ben directamente a través de xornadas informativas realizadas pola administración.

Vaise introducir a perspectiva de xénero de xeito transversal procurando incluír, sempre que legal e temporalmente sexa posible, nos contratos, convenios e demais figuras contractuais utilizadas para o desenvolvemento das actividades, cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade.

Ademais, recolleranse os indicadores de cada actuación desagregados por sexo, incluiranse actuacións para mulleres nos plans e prioridades do programa e tratarase de fomentar a creación de empresas relacionadas co sector pesqueiro e as actividades rela-

cionadas directamente coa pesca nas que se valore favorablemente a presenza de mulleres ou que sexan creadas a iniciativa de mulleres.

Tamén se pretende impulsar unha participación moito mais activa e relevante da muller no sector extractivo e fomentar a súa participación nos procesos electorais para os órganos de goberno das entidades representativas dos intereses do sector mediante a constitución de candidaturas formadas exclusivamente por mulleres ou ben mixtas pero cunha preponderancia de mulleres nas candidaturas.

Do mesmo xeito, promoverase a participación das mulleres no funcionamento das confrarías de pescadores, adaptando a normativa reguladora das mesmas para tratar de conseguir a paridade de xéneros na composición dos órganos reitores das citadas entidades.

As intervencións a través da diversificación de actividades do sector pesqueiro e o apoio ás iniciativas de novas actuacións pode proporcionar datos relevantes sobre a presenza da muller no entorno pesqueiro; a avaliación dos indicadores será básica e necesaria para contar con datos relativos á realidade das intervencións acometidas.

E a posta en funcionamento de iniciativas públicas que promovan o emprendemento por parte do conxunto de persoas que viven da actividade pesqueira, e que axuden a completar os seus ingresos redundará nunha mellor calidade de vida e na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

## PROGRAMA 723A-COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA

As grandes liñas de acción que se enmarcan neste programa de gasto, teñen como finalidade:

- Fomentar una pesca sostible.

- Fomentar unha acuicultura sostible.

- Incentivar os investimentos nos sectores da transformación e comercialización.

As distintas actuacións que se levan a cabo tratan de conseguir a adaptación da flota galega á dispoñibilidade dos recursos para evitar a sobreexplotación e conseguir así un desenvolvemento sostible do sector, fomentando unha pesca sostible, innovadora, competitiva e baseada no coñecemento coa finalidade de manter ou restablecer os niveis de capturas que produzan o rendemento máximo sostible, axustando as posibilidades de pesca á capacidade pesqueira.

Tamén se inclúen as medidas para fomentar unha acuicultura sostible, eficiente no uso de recursos, innovadora e competitiva.

As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas de creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca, que humanicen e confiran atractivo á actividade, así como pola necesidade de impulsar métodos respectuosos co medio e medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

Trátase de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, mellorando o coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

As mulleres desempeñan un importante papel no sector pesqueiro pero a súa presenza nas diferentes actividades do sector pesqueiro é moi heteroxéneo.

Tal e como xa se indicou noutros apartados deste informe, a presenza das mulleres é maioritaria na actividade do marisqueo, mentres que o número de mulleres que desenvolven a súa actividade a bordo de embarcacións é totalmente residual.

E dentro da actividade marisqueira hai que destacar que, polo que respecta á extracción do percebe, que presenta unhas características que a diferencian das demais modalidades, ata fai pouco tempo os homes eran os que se dedicaban principalmente á extracción deste recurso específico, pero que xa existe un número nada desprezable de mulleres que a realizan. No Diagnóstico sobre la situación de la mujer en el sector pesquero y acuícola, do MAPAMA, recóllese que dos 333 permisos para a extracción de percebe en Galicia, 185 correspondían a homes fronte a 148 mulleres, o que supón un 44,5% de representatividade feminina nesta actividade, segundo datos da plataforma da Xunta de Galicia pescadegalicia.

Polo que se refire á acuicultura, o mesmo informe recolle que as mulleres supoñen o 30% das persoas nesta actividade e que o 97% das mulleres que traballan neste sector o fan en establecementos dedicados á acuicultura mariña. Tamén se indica que a miticultura é unha das principais actividades económicas da costa galega e que, tradicionalmente, as bateas teñen sido negocios familiares cun gran compoñente feminino, que as mulleres alternaban con outros traballos na agricultura ou na pesca de baixura.

Polo que respecta ás actividades con relevancia dende o punto de vista do xénero, a través deste programa de gasto vaise promover a igualdade no acceso ao emprego, nas condicións de traballo e a incorporación de mulleres ás actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

Tamén se van deseñar ferramentas informáticas para facilitar a xestión dos plans de xestión, nas que se terá en conta a adaptación das mesmas ao xénero feminino, utilizando ademais linguaxe non sexista.

Tal e como establece no Regulamento (UE) 508/2014 de FEMP, promoverase a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución do FEMP ; así mesmo promoveranse as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca. Para isto nas convocatorias vanse priorizar os proxectos que conteñen un plan de actuación para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O novo marco do FEMP e o Programa Operativo contemplan facer unha valoración de partida da visibilidade das mulleres nas estatísticas do sector, debido a insuficiencia de datos desagregados por sexo e a ausencia de indicadores en materia de igualdade.

Continuarase adoptando medidas que permitan reforzar a toma de conciencia e incremento do interese das mulleres por asociarse, a nivel autonómico. Fomentarase a súa participación nas organizacións profesionais.

Unha das medidas fundamentais coas que se conta é a diversificación, que favorecerá a adopción de aquelas actuacións que contribúan a reforzar o papel da muller.

Igualmente adoptaranse medidas que permitan aumentar o liderado e participación das mulleres nas zonas pesqueiras.

Tamén será unha liña estratéxica incluír ás mulleres no fomento do emprendemento, así como, establecer un marco de formación axeitado, para que sexan impulsoras da cohesión territorial en zonas altamente dependentes da pesca. Fomentarase especialmente a formación das mulleres en novas tecnoloxías I+D+i.

Concederanse axudas a entidades de interese colectivo, asociativas de profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a capacidade produtiva das zonas improdutivas, que no caso dos bancos marisqueiros situados na zona intermareal inciden nas mariscadoras.

Continuarase coa colaboración na protección dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda e control de acceso ás zonas de marisqueo.

Unha das ferramentas fundamentais en materia de xénero son os plans de igualdade e neste sentido cabe salientar que a través da Secretaría General de Pesca, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, elaborouse o Plan para a Igualdade de Xénero no Sector Pesqueiro e Acuícola (2015-2020), no que participaron e colaboraron as comunidades autónomas. O obxectivo deste Plan é servir de ferramenta para combater as situacións de discriminación que se producen neste sector, definindo os seguintes eixes, obxectivos e actuacións necesarios para desenvolver unha igualdade efectiva e real, non só teórica:

- Eixe prioritario 1: Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao mercado laboral no sector pesqueiro e acuícola e impulsar o emprendemento feminino.
- Eixe prioritario 2: Mellorar as condicións de traballo, así como a calidade de vida das mulleres do sector pesqueiro e acuícola.
- Eixe prioritario 3: Impulsar o recoñecemento e a igualdade de trato e non discriminación ás mulleres no sector pesqueiro e acuícola.
- Eixe prioritario 4: Impulsar o liderado e empoderamento das mulleres do sector pesqueiro e acuícola.
- Valórase de xeito positivo que coas actuacións deste programa de gasto se contribúa a que siga a diminuír a brecha de xénero entre homes e mulleres no sector da pesca, de xeito que a muller teña un papel que estea en consonancia co que desenvolve actualmente na sociedade. O programa inclúe accións enfocadas a promover a presenza da muller no tecido empresarial pesqueiro.
- Prevese que coa mellora da conservación e xestión das zonas marisqueiras se producirá un incremento nas rendas das mulleres. Así mesmo, a creación de máis zonas produtivas redundará nunha maior oferta de prazas e polo tanto no incremento de empregos.

## PROGRAMA 723B-REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA

Co obxecto de mellorar a viabilidade da pesca e da acuicultura nun mercado globalizado e competitivo desenvolveranse unha serie de accións dirixidas á mellora da comercialización que valoricen esta actividade.

Tamén se levarán a cabo accións enfocadas á busca de novos mercados, a mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e a unha política de calidade.

Así mesmo, preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros e potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

Dende o punto de vista da análise de xénero, salientar que nos procedementos de contratación vaise dar preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

E que todos os materiais, imaxes e documentación que se creen evitarán por completo calquera imaxe discriminatoria da muller, e fomentarán valores de igualdade, plura-

lidade de roles e corresponsabilidade entre mulleres e homes. Na súa elaboración utilizaranse termos xenéricos e fórmulas que faciliten a lectura e eviten a utilización de palabras con connotacións de xénero.

## PROGRAMA 723C-DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE ZONAS DE PESCA

O principal reto que se afronta dentro deste programa de gasto é o de combater as dificultades das zonas rurais pesqueiras do litoral marítimo cun coeficiente negativo de crecemento do sector pesqueiro, a través da mellora a competitividade das pequenas e medianas empresas do sector da pesca e da acuicultura, promovendo o emprego e a inclusión social , reducindo a pobreza, investindo en educación, na promoción da aprendizaxe permanente e o intercambio de experiencias e cooperación, e coa promoción da diferenciación e o incremento do valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

En todas as fases de execución do FEMP, establecese como obxectivo eliminar as desigualdades e promover a igualdade entre homes e mulleres, así como loitar contra toda discriminación por motivos de sexo, orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade u orientación sexual.

Por iso, tratarase de promocionar proxectos por parte de mulleres vinculadas co sector da pesca, de crear e manter emprego feminino nas zonas pesqueiras e de mellorar a formación das mulleres do sector da pesca.

Ademais, nos procedementos de contratación e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, dáselle preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

A continuación preséntanse os indicadores e os seus valores previstos para o ano 2020, para coñecer a desagregación por sexo e a estimación da proporción de mulleres que van participar.

Obsérvase que no ensino náutico e marítimo - pesqueiro a presenza de mulleres é minoritaria, xa que soamente son a cuarta parte do total do alumnado.

*Cadro 10.. Indicadores de produtividade de persoas beneficiadas desagregados por sexo*

**E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente**

PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

**E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| DE021H | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes | 2,0 | Persoas/ano |
| DE021M | Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres | 2,0 | Persoas/ano |

PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

**E06 - Mellorar a calidade e resultados do ensino náutico e marítimo - pesqueiro nas súas diversas modalidades de formación profesional.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P033.H | Alumnado beneficiario por bolsas. Homes | 3,0 | Nº |
| P033.M | Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres | 1,0 | Nº |
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 4.693,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 1.658,0 | Nº |

**E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes**

PA01 - Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural

**E11 - Contar cun sector pesqueiro con organizacións costeiras operativas e eficaces e potenciar a cultura do seguro no mar.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P227.H | Participantes en accións de formación. Homes | 10,0 | Nº |
| P227.M | Participantes en accións de formación. Mulleres | 10,0 | Nº |

**E13 - Dinamizar as zonas pesqueiras, impulsando un modelo transversal de desenvolvemento sostible.**

| INDICADOR | | Valor Previsto | Unid. Medida |
|---|---|---|---|
| P398.H | Empregos creados (homes) | 15,0 | Nº |
| P398.M | Empregos creados (mulleres) | 20,0 | Nº |
| P399.H | Empregos mantidos (homes) | 10,0 | Nº |
| P399.M | Empregos mantidos (mulleres) | 10,0 | Nº |

Fonte: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza

## Conclusións:

Valóranse positivamente as accións que se pretenden desenvolver dentro dos distintos programas de gasto da consellería, xa que con elas vanse promover proxectos por parte de mulleres vinculadas co sector da pesca e tamén se van implementar medidas para fomentar o acceso da muller ao sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura.

Tamén se vai fomentar o asociacionismo feminino no sector da pesca así como o acceso das mulleres aos cargos directivos de distintos órganos participativos para conseguir unha presenza máis equitativa.

Vaise ampliar a oferta formativa da familia marítimo-pesqueira, tanto nos centros dependentes da consellería, como da formación impartida nos portos, como da formación para a obtención de certificados de mariscadora ou de percebeira co obxectivo de ampliar

as oportunidades de acceso das mulleres á formación e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego no sector da pesca.

Vanse desenvolver actuacións enfocadas á creación e mantemento de emprego feminino nas zonas pesqueiras.

Ademais, coa mellora da conservación e xestión das zonas marisqueiras pódese prever que se produza un incremento nas rendas das mulleres.

E en xeral, refórzase a integración do principio de transversalidade de xénero na actuación da consellería.